

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 8

Sesión plenaria
15 de maio de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Interpelacións

5.1 829 (12/INT-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 12.04.2024

5.2 2116 (12/INT-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e tres deputados/as máis

Sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

5.3 2271 (12/INT-000159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20, do 02.05.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 3181 (12/POPX-000003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o impulso de reformas efectivas para unha política máis transparente e axeitada aos estándares dunha democracia avanzada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

6.2 3182 (12/POPX-000004)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a situación da Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 2125 (12/POP-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as accións que prevé impulsar o Goberno galego na loita contra a LGTBIfobia no mundo do deporte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 03.05.2024

7.2 3168 (12/PUP-000014)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a recente visita do presidente da Xunta de Galicia á República Arxentina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.3 1385 (12/POP-000294)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

7.4 1587 (12/POP-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e tres deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

7.5 3166 (12/PUP-000012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre as políticas de igualdade que está a levar a cabo o Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.6 1582 (12/POP-000238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024



7.7 3169 (12/PUP-000015)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa construción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22, do 08.05.2024

7.8 2742 (12/POP-000416)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 21, do 03.05.2024

7.9 1098 (12/POP-000155)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

Sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 17, do 25.04.2024

7.10 1837 (12/PUP-000009)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 13, do 18.04.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso de reformas efectivas para unha política máis transparente e axeitada aos estándares dunha democracia avanzada. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 9.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a situación da Atención Primaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 14.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 20.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 25.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez).* (Páx. 27.)

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 28.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 31.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 33.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 35.)



Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 36.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 39.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 43.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 44.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o adianto da formulación das preguntas ao Goberno que figuran na orde do día como puntos 7.6, 7.7, 7.9, 7.10 e 7.2, respectivamente. (Páx. 46.)

Pregunta de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 47.)

Réplica do autor: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 50.)

Pregunta de D. Óscar Insua Lema, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa construción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Insua Lema (BNG). (Páx. 51.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 52.)

Réplica do autor: Sr. Insua Lema (BNG). (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue). (Páx. 54.)

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 56.)

Réplica do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 57.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 58.)



Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 60.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 61.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 62.)

Pregunta de D^a Paula Mouzo Mas e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a recente visita do presidente da Xunta de Galicia á República Arxentina. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 64.)

Réplica do autor: *Sr. Fidalgo Iglesias (P)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 66.)

Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santamaría González (P)*. (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Santamaría González (P)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 70.)

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida, no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo, de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 71.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 74.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de igualdade que está a levar a cabo o Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 77.)



Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal.
(Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 78.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 79.)

Réplica da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 81.)

Remata a sesión ás dúas horas e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión co punto 6 da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o impulso de reformas efectivas para unha política máis transparente e axeitada aos estándares dunha democracia avanzada

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moi ben. Moitas grazas, presidente.

Bo día, señor Rueda. Benvido.

Onte non sei se lle contaron que, non sei se aproveitando que estaba vostede en Madrid ou non, o Grupo Popular votou en contra das bonificacións da AP-9.

Pero vaíamos ao caso do que nos leva hoxe aquí a esta sesión de control, que é falar da aposta, que queremos afrontar con vostede, por unha democracia en Galicia máis importante, máis intensa; máis e mellor democracia, se mo permite. E para iso creo que hai que analizar primeiro unha serie de déficits que se producen no ámbito desa democracia máis participativa, que son os déficits que se producen nas propias institucións. Aquí, por exemplo, no propio Parlamento eu creo que se pode afondar nunha maior presenza e unha maior aportación por parte do Goberno aos traballos do propio Parlamento. Refírome a cuestións tales como a demanda da información, que durante as dúas lexislaturas non se cumpre na súa totalidade, todo o que é a petición de información; nós mesmos, por exemplo, temos solicitado desde hai tempo xa documentación sobre a sociedade de recursos naturais. É dicir, esas cuestións que afectan no Parlamento poden ser e deben ser melloradas.

E falamos non soamente do Parlamento, senón que falamos de ter en conta realmente apostas como a que fai a Valedoría en relación con demandas no pasado de ocultación de datos sobre vivenda, ou recordando datos da condena da propia Xunta de Galicia no ano 2020 en relación coa ocultación de información sobre as fusións da Caixa. Refírome a que nese campo se pode e se debe avanzar cara a unha participación máis transparente. Refírome tamén a cuestións propias como o que é o propio Consello de Contas, onde estamos recibindo informes. Non soamente o último referido ao Sergas, que foi cualificado por parte do Goberno e por parte do Partido Popular de «meras recomendacións», cando efectivamente os apuntes que facía o propio Consello de Contas eran cando menos para alarmarse sobre esa situación.

Refírome tamén, en relación máis alá do ámbito institucional, ao ámbito da exemplaridade. Cuestións como incorporar a unha persoa condenada por violencia de xénero nunhas listas



e nuns cargos do Partido Popular nun concello pode ser legal pero, dende logo, non é exemplar. Como tampouco é exemplar unha aposta pola lingua e votar en contra neste Parlamento da súa utilización. Imos ter pronto unha oportunidade de ver tamén se ese Partido Popular contempla desde Galicia unha óptica diferente do noso idioma para apoiar a iniciativa do PSdeG en relación coa utilización como lingua cooficial no Senado do galego e tamén no Parlamento Europeo. E queremos ir da man. Como tamén queremos ir da man nas propostas de reformas que tamén dende Galicia se poden aportar a esa renovación do Consello do Poder Xudicial.

No campo da información, creo que é importante afondar en cuestións tales como a renovación desa compañía de Radio e Televisión de Galicia, xa á marxe da propia situación do director xeral que, como dicía a miña avoa, isto queda aquí «provisional para sempre». Esa imaxe creo que debe ser remitida. E finalmente, ademais, a aposta por unha información veraz, polos consellos dos servizos informativos, por poñer fin a eses 312 fins de semana, estas 312 semanas de críticas sobre a censura na Televisión de Galicia. Hai un dato alarmante: é unha baixada do trinta por cento da audiencia da Televisión de Galicia durante este ano. Para cuestionalo dicíalle eu no debate de investidura que vostede saía máis na Televisión de Galicia que os propios presentadores. Non creo que haxa unha relación entre esa baixada de audiencia e a súa presenza, pero creo que esa aportación vai ser e debe ser interesante.

En definitiva, o que lle quero plantear é se efectivamente está disposto tamén vostede a encamiñar ese futuro para facer unha democracia dende Galicia máis importante, unha mellor democracia. As cuestións pasadas teñámolas como argumentos do que non debemos facer, pero cunha mirada cara ao futuro do que si debemos facer. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señor Besteiro.

Seguindo co ton de broma, esa baixada —que non é tal— coincide coa súa aparición en política. *(Risos.)* Polo tanto, a ver se é por iso. *(Risos.)*

Mire, ¿votamos en contra das bonificacións da AP-9? É que vai ser gratis. ¿Non quedamos niso? *(Risos.)* Vostede díxome a min directamente nun debate, a min e a todos os galegos. Polo tanto, entendo que se mantén a súa promesa, señor Besteiro. ¡Tic tac, tic, tac! *(Aplausos.)* Polo tanto, comprenderá que, xa que vostede saca o tema, falemos deste tema. Eu recórdolle que vostede se comprometeu e direillo ao presidente Sánchez cando me reciba, que teño a súa palabra, comprometendo a do presidente do Goberno tamén, de que a AP-9 vai ser gratis en Galicia pasase o que pasase nas eleccións. Polo tanto, se estamos falando de bonificacións imos a por todas, señor Besteiro, seguindo o seu compromiso.



Mire, vostede o outro día dicíalle, cando lle daba a benvida como parlamentario a este hemiciclo, que non son quen para dar consellos, pero se puidera darlle algún diríalle que non fixese seguidismo, nin do outro partido da oposición nin moito menos dos seus xefes en Madrid. Por suposto —como lle dicía—, non son quen para darlle consellos e vostede non ten por que seguilos, pero así o fixo: repite a pregunta que xa fixo o Bloque a semana pasada e, sobre todo, trae esta pregunta, señor Besteiro, porque despois dese retiro espiritual de cinco días do señor Sánchez vostedes teñen que facer este tipo de preguntas —que nunca veñen mal—. Pero faino porque teñen as instrucións en todos os parlamentos de facer o que lles digan en Madrid.

Sinceramente, non están vostedes para dar moitas leccións. Vostede citaba exemplos e intentaba dar leccións. Mire, se nós fósemos o partido dos Koldos, das maletas das Delcys ou dos Ábalos, ¿que estaría dicindo vostede? Eu alégrome moito de non selo. Se nós fósemos o partido que esta semana colou de rondón unha emenda na Lei de paridade —menudo respecto ás mulleres— para suprimir as consultas públicas na elaboración das leis. Como non lles gusta o que opina a xente, o mellor é prohibir que a xente opine e xa está. ¡Menuda transparencia, señor Besteiro! Menuda rexeneración democrática. Se están vostedes para facer preguntas deste tipo, por suposto, están no seu dereito. Pero home, moitos argumentos, se mira o que ten detrás, non os vai ter, seguramente. Non se poden facer consultas públicas. ¿Por que non queren vostedes que a xente participe na elaboración das leis, señor Besteiro? ¿Que problema hai? ¿Que descubriron? ¿Que lles van dicir?

Vostede na pregunta —e cito exactamente o que di— fala de «reformas efectivas para unha política transparente e axeitada aos estándares dunha democracia avanzada». Isto de suprimir as consultas públicas, ¿cre que responde a isto? Mire, ao final son estilos diferentes: o estilo deste Goberno —o estilo Galicia, se me permite— e o estilo do Partido Socialista; o estilo da moderación, da sensatez, do sentidiño —que lles fastidia tanto esa palabra que nos recoñecen por aí fóra— ou o estilo do que están facendo vostedes, o goberno por decreto lei sistemático. Aquí xa non se fai ningunha lei. Faise a de amnistía; a Lei de orzamentos xa nada. A da arbitrariedade e crear conflitos innecesarios. Veremos mañá o señor Puentes a versión que trae, se trae a versión que trouxo cando estivo na miña investidura ou a versión destes días de crear leas innecesarias. Eu fun testemuña de primeira man con outro goberno de que Galicia está xogando moitísimas cousas. A arbitrariedade como método de traballo, iso tampouco é transparencia, señor Besteiro. O estilo noso é de comprometer nos con catorce medidas nestes cen primeiros días. Ímolas executar, 872 durante o programa electoral. Iso é transparencia, é dicir o que imos facer e facelo.

Polo tanto, señor Besteiro, se vostede quere falar de transparencia e de rexeneración democrática en serio, conte con nós. Se o fai, como está facendo, porque recibiu unha instrución do seu presidente, que dixo «todos a cubrirme neses cinco días que aínda non expliquei» —porque eles si que non son transparentes—, para iso non conte con nós.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica. Señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, ao mellor a baixada do trinta por cento ten que ver con que eu ao mellor non saia na TVG. Oia, ímolo pensar. *(Risos.)* Ao mellor podemos aumentar a audiencia así. *(Aplausos.)* O que é evidente é que nisto que levamos do ano 2024 baixou un trinta por cento, e non é unha cifra para nada desprezable.

Mire, a aposta pola rexeneración —ou chámelle vostede como lle queira chamar—, por facer unha democracia mellor, máis importante, máis seria ou —se quere vostede— máis moderna e máis actualizada non vén do que fixera o presidente do Goberno hai uns días ou de que outro grupo parlamentario trouxera esa pregunta, senón que eu xa o plantexei no debate de investidura e díxenllo claramente, o que pasa é que vostede non quixo atender. Pero xa llo dicía, que nese camiño ía atopar un Partido Socialista honesto, mirando cara adiante e non tanto cara atrás. É verdade que eses exemplos están aí e débennos servir para o que non debemos facer. A nosa proposta é unha proposta absolutamente limpa, honesta; non responde a nada.

Na anterior sesión de control eu preguntáballe pola economía galega e vostede saíame con Pedro Sánchez. Hoxe vólveme saír outra vez co presidente do Goberno. ¿Non cre que isto é un pouco ridículo xa? Falemos das cousas que podemos facer os de aquí e dende aquí.

Facíalle unha mención ao empezar esta sesión de control onde lle dicía o que fixera o seu grupo político onte. É dicir, nós votamos a favor da propia transferencia da AP-9. Fixémolo da transferencia, da gratuidade e que mentres iso non se producise, que se seguise apoiando o sistema de bonificacións, que o puxo en marcha única e exclusivamente o Goberno dese que vostede nomea constantemente, de Pedro Sánchez. Ben, esa é a realidade que temos hoxe aquí, pero vostedes votaron en contra. Eu non sei por que, porque realmente nese camiño creo que estamos todos no mesmo lugar. Por tanto, a nosa aposta é unha aposta honesta e o que quero saber de vostede é se vai avanzar nesa cuestión, se a visión que se vai facer do Consello de Contas vai ser outra ou vai seguir sendo a mesma; se a posición sobre os informes do Valedor do Pobo vai ser a mesma ou seguimos nunha proposta de tomalo en consideración; se a relación que vai ter aquí na información que se remite aos grupos parlamentarios vai ser máis eficaz, vai ser máis dilixente. En definitiva, iso é o que eu quero escoitar e iso é o que vostede debe dicir, se o vai facer ou non. Se a modificación e a proposta nos cambios da Radio e Televisión de Galicia vai ser esa ou vai ser outra ou seguimos na mesma liña. En definitiva, nós imos traballar por esa democracia mellor e máis participativa, esa mellor democracia. Ímolo facer dende a honestidade e dende a claridade, levando adiante iniciativas neste Parlamento para que vexamos, paso a paso, se efectivamente esa proposta da que vostede me fala, dese sentidiño, pois efectivamente é real ou é unha mera ficción.

En todo caso, vai atopar o Partido Socialista na mesma posición que tivemos desde o inicio desta lexislatura, que foi a de ofrecer lealmente acordos que cremos que melloran a situación da democracia en Galicia; que nos poden ver tamén desde o resto do Estado e podemos tamén ser exemplo no resto do Estado. E a partir de aí, se vostede quere seguir falando de Pedro



Sánchez, pois seguirá nese camiño que eu considero que é ridículo, pero vostede elixe cal é o campo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, por deixar isto claro, que vostede escápase do principal. Nós por suposto que estamos a favor de que sexa o máis barato posible para os galegos transitar pola AP-9, pero é que o máis barato posible simplemente é cumprir o seu compromiso. Polo tanto, nós votamos a favor da gratuidade, que é o que vostede comprometeu. Polo tanto, claro, se quere ampararse en bonificacións para dicir que nos esquezamos da gratuidade, síntoo moito pero non imos esquecernos, e cada vez imos recordalo máis. *(Aplausos.)*

Mire, claro que podemos falar de transparencia. Vostede acaba de chegar aquí e probablemente non teña coñecemento de todas as medidas que se foron aprobando —algunhas co voto a favor do seu partido, dos deputados e deputadas que estaban naquel momento, e outras en contra— para favorecer a transparencia durante todos estes anos na Xunta de Galicia. Pero o que non pode dicir é que non podo falar de cousas que afectan a Galicia directamente. ¿Ou é que acaso esas ameazas veladas e aínda non concretadas —contra os xuíces que molestan, contra os periodistas que molestan, contra os operadores que molestan— non afectan tamén a xente en Galicia? E, polo tanto, temos que preocuparnos moi seriamente. ¿Ou acaso ese amparo que vostedes lle fan a un fiscal xeral cada vez máis cuestionado pola súa propia profesión non afecta tamén a Galicia? Ou acaso ese CIS que pagamos todos e que, elección tras elección, os ampara a vostedes nas súas expectativas —a vostede mesmo, o que pasa é que despois non coincidiron coa realidade en absoluto— e que terxiversa todo... Si, si, señor Besteiro, iso tamén o pagamos os galegos. E despois cando fai o ridículo unha vez máis bóttalle a culpa ás monxiñas ou aos mariscadores e vostedes apláudenlle, señor Besteiro. ¡Vostedes apláudenlle! *(Aplausos.)* Polo tanto, iso tamén é falta de transparencia.

Vostede, señor Besteiro, faime unha pregunta de transparencia e ampara un goberno que fixo o maior exercicio de falta de transparencia que se pode facer, que é renunciar a facer uns orzamentos. ¡Tamén afecta a Galicia! ¿Ou acaso é que que non haxa orzamentos xerais do Estado aquí non ten repercusión? Todos eses investimentos que había que programar e que non se pode cun presuposto prorrogado que había que facer en Galicia, que vostede comprometeu en campaña e que non se van facer de ningunha das maneiras, ¿acaso non nos afectan? ¿Hai algo menos transparente que dicir que non se vai planificar, que iso é un orzamento final? ¿Que podemos saber en que se utilizan os cartos dos impostos que pagamos tamén os galegos no orzamento xeral do Estado e, como non fan orzamento, nada imos saber. ¿Que me quere dicir? ¿Que iso non nos está afectando e, polo tanto, non podo falar diso? ¿Que esas cousas non afectan a Galicia? Afectan moitísimo, señor Besteiro.

Claro que facemos todo o que está na nosa man e claro que se poden facer cousas. Mire, Galicia foi a primeira comunidade autónoma onde se institucionalizaron cousas que despois se imitaron noutras comunidades autónomas: a publicación da declaración patrimonial dos



membros do Goberno; a redución do número das entidades instrumentais da Administración; a unificación dos salarios dos seus directivos; o portal de contratación con todos os datos e documentos relacionados coas licitacións; obrigar todos os concellos —por certo, absolutamente pioneiro— a render as súas contas e que se non non teñan subvencións autonómicas; o primeiro código ético institucional da Xunta de Galicia; someternos a un diagnóstico público dos nosos mecanismos de prevención da corrupción a través do Consello de Contas —ningunha outra comunidade autónoma o fixo—. Todo isto traducíuse despois en leis. Aquí aprobamos leis, non imos pola táctica pouco transparente do decreto lexislativo.

E hai seis leis: Lei de reforma do Regulamento do Parlamento, Lei de transparencia e bo Goberno, Lei de participación cidadá no Parlamento, Lei de reforma do Consello de Contas, Lei de financiamento dos partidos políticos, Lei de asistencia xurídica ao sector público autonómico. Fixéronse moitísimas cousas, señor Besteiro. Se agora, ao principio de lexislatura, vostede se quere unir a todo isto, benvido sexa; se o fai por convicción, como hai que facelo, como a xente nos pide. Se o fai —e estou convencido de que así é, porque esta iniciativa estana tendo en todos os parlamentos autonómicos, ¡que casualidade!— porque tiveron unha instrución de Moncloa, se o fai simplemente por cumprir directrices, iralle como lle está indo ata agora.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego ante a situación da Atención Primaria

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bos días, señorías.

Señor Rueda, os recortes do seu Goberno en Atención Primaria son un auténtico perigo para a saúde dos galegos e das galegas. Temos lista de espera de até dúas semanas, PAC sen médicos, temos 11.000 nenos e nenas sen pediatra ou 28.000 hospitalizacións cada ano que se poderían ter evitado.

Ante esta situación a súa resposta foi sempre a mesma. Primeiro, negar os recortes e despois dicir que todo é culpa de que faltan médicos porque non se convoca o número suficiente de prazas MIR. E estes dous argumentos son dúas falsidades. (*Aplausos.*) A primeira falsidade é que non hai recortes. O Goberno do Partido Popular recortou 2.139 millóns de euros en Atención Primaria. E a segunda falsidade é que o problema é que non hai suficientes prazas MIR. Na última convocatoria vostedes, unha vez máis, deixaron sen cubrir 42 prazas, a cuarta comunidade con máis vacantes en praza de familias de todo o Estado.



Isto non é casualidade; é consecuencia das decisións ideolóxicas do Partido Popular. Porque vostedes por ideoloxía están deteriorando a sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. Esa é a súa ideoloxía: facer negocio coa saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Hoxe Galiza é a segunda comunidade que menos inviste en Atención Primaria, somos a segunda pola cola. Por iso non se cobren todas as prazas MIR, porque os profesionais están fuxindo dos seus recortes; están fuxindo da súa precariedade e do seu maltrato laboral, señor Rueda. *(Aplausos.)*

Levan quince anos. Quince anos deteriorando o corazón do sistema sanitario público. Porque a Primaria, os médicos e as médicas de cabeceira, son unha parte esencial do sistema e merecen toda a consideración.

Isto non se vai solucionar nin con palabras cheas de lugares comúns nin tampouco cambiando de sitio os responsables do Sergas da súa desfeita sanitaria. O que necesita a Atención Primaria é un cambio en profundidade con propostas como as que temos desde o BNG. O primeiro é deixar atrás os recortes e investir máis en Atención Primaria. Imos traer a este Parlamento a proposta de blindar por lei que a Atención Primaria reciba como mínimo o 25 por cento do orzamento do Sergas, excluindo o gasto farmacéutico.

Hai que cambiar a precariedade e o maltrato que teñen os profesionais por condicións laborais dignas; hai que recuperar as xerencias de Atención Primaria con capacidade de xestión plena; hai que dotar a Atención Primaria de novas especialidades como psicoloxía clínica ou hai que poñer en marcha unha boa xestión dos recursos públicos con transparencia, como lle está pedindo o Consello de Contas.

Estas, señor Rueda, son algunhas das propostas que lle poñemos sobre a mesa desde o BNG. A nosa pregunta é se vai aceptalas ou vai seguir xogando coa saúde dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Mire, nada novo. Vostede sempre que pregunta por sanidade ou cada vez que pregunta, en xeral, di cifras que non son certas, directamente. Días con toda tranquilidade. Xa se acostumou tanto a mentir con esas cifras que as di, en fin, cunha tranquilidade pasmosa; o que non as fai verdadeiras, nin moitísimo menos.

É que non me vou molestar, non teño tempo tampouco para outra vez dicirlle que non son verdade e como xoga con elas. Cando lle interesa mete o gasto farmacéutico na Primaria para dicir que o baixamos, cando non lle interesa sácao e di que ese 25 por cento non ten que ver. Estas son cifras de quita e pon, para que lle saian os argumentos sempre falseados.



E, mire, non pensaba dicirillo, pero xa que vostede plantexa que a nosa política sanitaria ten que ver con plantexamentos ideolóxicos... Ben, é unha interpretación. Por certo, benvidas as interpretacións. Esta semana estivo moi calada, non fixo ningunha interpretación do resultado dos seus socios en Cataluña. Son os seus socios, xunto con Bildu. (*Aplausos.*) Van na papeleta oculta, non os chaman para a campaña, pero están aí. E xa que fala da ideoloxía e de resultados da xestión da ideoloxía, pois imos falar diso. Mire, eu si que estiven na campaña das catalás. (*Risos.*) ¿E sabe? A min si que me chamaron. ¿Sabe para que me chamaron? Para falar de sanidade, precisamente. Detrás dunha parcela na que o nacionalismo e o independentismo levaban quince anos prometendo que ían facer un hospital. E, por suposto, non o facían ano tras ano. ¿Vostede imaxínase que nós fixésemos iso? Afortunadamente non o facemos, nin de broma. O que dicimos que se vai construír, constrúese. Vostede sábeo de sobra, por iso nunca dirá nada diso. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, por suposto. Pero a min chamáronme para iso, para falar da boa imaxe en xeral que se ten da sanidade pública aí fóra. A pesar da súa actitude de sempre: de falar mal da sanidade, dos profesionais, dos aparellos, dos investimentos, de todo. Vostedes sempre son os de que «todo está mal». Dá igual que os resultados sexan o contrario; dá igual que os seus socios, aos que vostedes amparan, os que teñen unha ideoloxía coincidente coa súa e, polo tanto, tamén coincidente nos resultados da súa xestión. Iso si que é un auténtico desastre, que xa se acaba de ver nas urnas o que opinaba a xente cando se lle pediu a súa opinión.

E se vostede estivese alí faría iso: falar mal do noso, dicir que todo vai mal, que todo é un desastre... É o que leva facendo nos vinte e cinco anos de deputada, señora Pontón. Nunca xestionou nin un euro público, pero vostede ten as solucións máxicas para todo, as propostas que sabe que nunca vai poñer en práctica.

Vostedes son perfectos, non teñen nada que cambiar. Por non cambiar non se cambian nin a vostedes, están sempre aí dicindo as cousas de sempre. Son uns campións, pero a xestión é outra cousa e a xente elíxenos pola xestión, señora Pontón. A xente pide autocrítica, pide humildade, pide que recoñezamos que non todo está ben e o que non está ben hai que arranxalo, que é o que estamos intentando facer. E, claro, a política contraria é a negación de todo, a soberbia: «nós saberíamos como facelo, vostedes son un desastre». Non, por aí fóra pensan todo o contrario.

Acabamos de renovar o Goberno despois de gañar para seguir mellorando. Vostedes, por suposto, iso non o recoñecen. Todo está mal. Pero iso permítenos ser coherentes, señora Pontón.

E mire, a coherencia por exemplo é o que estou seguro que referendou o resultado electoral de hai tres meses, o noso e o seu. É coherencia porque dicimos cousas e facémolas. E non facemos o contrario do que estamos dicindo. Mire, os seus socios de Esquerra, os seus compañeiros na papeleta con Bildu dentro de dúas semanas. Prensa catalá de hai tres meses: «*Fin al modelo de un pediatra en cada centro de salud. Cataluña concentrará el servicio en el veinte por ciento de los ambulatorios*». Vostede estará de acordo con isto, supoño, porque isto é ideoloxía. Isto é o que vostedes defenden, é dicir unha cousa e facer outra. (*Aplausos.*)



Polo tanto, señora Pontón, como me alegro de que os cataláns abrisen os ollos. Por cousas como esta nós levamos cinco maiorías absolutas consecutivas e vostedes levan vinte e cinco anos na oposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, eu non sei... Creo, que despois da súa intervención, para falar de humildade e para darnos leccións de humildade, non sei se é vostede a persoa máis axeitada. (*Aplausos.*) Sobre todo por respecto á xente deste país que está sufrindo os problemas que ten a sanidade.

Dígame con cifras, con datos, un só dato que nós désemos que non sexa un dato real. ¿Sabe que pasa? Que, como non é capaz de rebatelos, ten que vir aquí descualificar. É a súa única maneira de actuar, porque non quere recoñecer a realidade.

Mire, eu estoulle preguntando polo colapso que hai en Atención Primaria e vostede respóndeme «Cataluña». ¿Que quere? ¿Que o felicite porque o PP é a cuarta forza política? ¿Iso é o que quere, señor Rueda? (*Aplausos.*)

Señor Rueda, eu preguntolle por que os galegos e as galegas teñen que esperar até quince días para ter cita en Atención Primaria porque hai nenos e nenas deste país que non teñen pediatra e vostede vén aquí falar de independentismo. Eu preguntolle por que Galiza está á cola no gasto en Atención Primaria e vostede fálame de Esquerra e de Bildu. Mire, por favor, señor Rueda, ubíquese, estamos no Parlamento de Galiza. Vostede é o presidente da Xunta de Galiza. Se quere ser simplemente un *correveidile* dos argumentarios que lle dan en Génova, pois é o seu problema. Pero a cidadanía deste país necesita un goberno e un presidente que lle dea solucións. (*Aplausos.*)

Sobre todo, señor Rueda, deixe de botar balóns fóra. A sanidade é unha conquista da sociedade importantísima e nestes últimos quince anos en Galiza a atención sanitaria que recibimos empeorou. Porque vostedes foron atacar o máis importante do sistema sanitario: a Atención Primaria. Dous mil cento trinta e nove millóns de euros de recortes.

E agora o que estamos vendo é a súa incapacidade para dar solucións. Porque, dígame: ¿e certo ou non que quedaron 42 vacantes de medicina de familia sen cubrir? E todo iso nun contexto onde sabemos que tres de cada dez médicos se van xubilar dentro de dez anos. ¿É certo ou non que nos últimos tres anos non foron capaces de cubrir noventa prazas MIR que estaban convocadas para medicina de familia? Isto, señor Rueda, non é culpa de Cataluña; isto é culpa dun Goberno do Partido Popular que non está facendo que a sanidade pública deste país funcione. (*Aplausos.*) E iso si que é ideoloxía, señor Rueda, recortar no público para beneficiar a sanidade privada, que é o que está facendo o seu Goberno.



Este é un tema moi serio. Se vostede hoxe quería vir aquí de comentarista dun proceso electoral en Cataluña é o seu problema. Eu estou aquí para defender a xente deste país, para defender a sanidade pública e temos propostas que lle formulei na miña intervención.

Vostede pode demostrar que se toma en serio Galiza e que se toma en serio os problemas dos galegos e das galegas dándonos algún tipo de resposta a esta pregunta, señor Rueda. Porque, de verdade, o desprezo que acaba de mostrar polos problemas que ten a sanidade pública deste país é todo un retrato de como actúa vostede desde a Presidencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peché da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede non se equivoque. Non está aquí para defender a sanidade pública; está aquí sempre, repetidamente, para falar mal, botar pestes da sanidade pública. É o que fai vostede, señora Pontón. Entón, é o que fai, aquí e fóra. A ideoloxía, nesta pregunta, tróuxoa vostede, e, polo tanto, despois non me escape. Os seus socios pensan todos igual —¡se os tres son iguais!—: Bildu —nin o nomea—, Esquerra e vostede. Por iso falei, porque nos levaron a Cataluña dicir o que estamos facendo, e o que lles gustaría que fixesen alí, exactamente. Ou, ¿acaso non é ideolóxico e acaso non é o que faría vostede se puidese? —que durante catro anos máis non o vai poder facer—. ¿Non concentraría, como están facendo os seus socios —como querían facer en Cataluña, e xa non van poder facelo—, os pediatras? ¿Que é iso dun pediatra en cada centro de saúde? ¿Que se fastidien os pais, que se despracen! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que din nun sitio. *(Murmurios.)* Iso é o que din os seus socios, señora Pontón; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* iso é o que din os seus socios, cos que vai na papeleta, cos que coincide en ideoloxía e en plantexamentos.

Dime que non dou cifras; doulle as cifras de verdade, que iso é o que lle molesta —iso é o que lle molesta—, señora Pontón. Mire, voulle repetir unha vez máis, e xa é un pouco cansino —eu creo que os galegos o saben; acaban de dicilo hai tres meses, pero por se acaso—: 1.400 millóns de euros máis en sanidade pública investidos que no Bipartito; 700 millóns de euros máis en atención primaria, *(Unha señora deputada: ¡Aí!)* é dicir, baixamos só no gasto farmacéutico polos xenéricos. Por iso vostede xoga con esa cifra: cando lle convén a mete e, cando non lle convén, non a mete, señora Pontón. *(Aplausos.)* ¡Sábeo de sobra!

Mire, en canto á cobertura de prazas MIR, por suposto que me gustaría que se cubrisen todas, pero isto é un problema que existe en toda España, pero, mire, quedo cunha cifra que é bastante significativa: cubrimos nesta convocatoria —eramos a Comunidade Autónoma das que máis ofertaba; polo tanto, é lóxico que poidan quedar máis prazas sen cubrir— o dobre das que cubriron o último ano do Bipartito. Con esa cifra quedo e doume, sinceramente, non por satisfeito, pero, polo menos, hai unha diferenza importante —¡que as cifras son así, señora Pontón!— *(Aplausos.)*



Mire, se quere seguir nesgando datos, botándose á piscina das solucións máxicas —que sabe que non van ter que aplicar durante catro anos—... Supoño que moitas veces nos virá con estas cousas. Dime que todo isto o facemos para beneficiar a sanidade privada; ¡pero se baixamos as cifras de investimento da Xunta de Galicia na sanidade privada con respecto ao que fixeron vostedes —que as dispararon en só catro anos—, señora Pontón! O que pasa é que, ¡claro!, xa pasaron moitas lexislaturas, e a xente non se acorda, pero vostedes foron os que blindaron moitísimas cousas; os que dispararon e meteron moito máis carto na sanidade privada, señora Pontón. Polo tanto, ¿de que nos vén falar?; ¿de que nos vén falar, se con vostedes subiron moito máis os seguros...?

¡Bueno!, en fin, é que son tantas cousas que se lles podía dicir, que, ao final, aí están os centros de saúde para ver: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) 120 millóns en centros de saúde construídos nestes anos; todos os grandes hospitais foron ou construídos ou remodelados; aparellos de última tecnoloxía; campañas de vacinación e de cribado que nos colocan en posición de líderes, incluso, a nivel mundial; tempos de espera para operacións... ¡Oia!, volvo ao tema de Cataluña e aos seus socios: a metade (*Risos.*) espera para unha operación do que esperan en Cataluña, señora Pontón. É que estas son as cifras reais que, vostede, por suposto, non vai querer recoñecer. Hai 165 novos MIR que estes días van comezar a súa formación. ¿Conformámonos? Non, por suposto, hai que seguir facendo cousas. Por iso lle mencionaba o tema de que non hai que ser soberbios. Cando se fala de xestión, non hai que ser soberbios. A xente, a nós, vótanos pola coherencia e pola xestión e a vostedes téñenos na oposición porque saben que falsean e terxiversan as cifras, señora Pontón. Esa é a diferenza.

Hai que seguir comprando novos aparellos; hai que seguir co Plan de cobertura de prazas que son difíciles de cubrir; hai que seguir introducindo novas especialidades na atención primaria. Sabe de sobra —non o vai dicir por suposto— que se incorporaron nutricionistas, que se incorporaron fisioterapeutas, que se incorporaron farmacéuticos; sabe que hai novos aparellos nos consultorios, como retinógrafos, ecógrafos, equipos de probas rápidas...

Os problemas, dende logo, non son exclusivos de Galicia...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...o que son de Galicia —remato xa, señor presidente— son algunhas solucións.

A min gustaríame que vostede, nese pacto trileiro que asinou co señor Sánchez, que non lle vai cumprir —sabémolo nós, sábeo todo Galicia e, sobre todo, sábeo vostede—, se tan problemática pensaban que era a atención primaria, ¿por que non dedicaron máis... —¡máis non! — ...algunha cláusula ou algo que demostrase que, de verdade, lles preocupaba? Porque saben de sobra que non lles preocupa.

Polo tanto, señora Pontón, máis autocrítica —nós témola e deberían tela vostedes dende a oposición—, máis realismo e máis sentidiño. Nós, durante estes catro anos, imos seguir recoñecendo que hai fallos, imos seguir recoñecendo que hai fases de mellora e facendo todo



o posible por que as cousas melloren. Vostedes seguirán catro anos máis dicindo que son perfectos; todo o mundo sabe que son perfectos, e, por iso, cada vez que lles preguntan, colócanos na oposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto quinto, de interpelacións. Neste caso, por iniciativa de Noa Presas Bergantiños.

Interpelación de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a evolución da violencia machista en Galicia e as políticas que cómpre desenvolver neste ámbito

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Hoxe cúmprense 76 anos da Nakba. Son 76 anos de ocupación e de exilio forzoso do pobo palestino, un pobo que hoxe sofre un xenocidio sen precedentes, coa complicidade da comunidade internacional. Onte, hoxe e sempre, a nosa solidariedade co pobo palestino. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, o pasado 19 de marzo de 2024 rexistrábase no noso país o primeiro feminicidio oficial de 2024, co asasinato de Andrea Iturri, en Ribeira. Para ela e para todas as vítimas, o noso recoñecemento e o noso compromiso para que nesta lexislatura a violencia machista vaia seguir sendo un dos eixos da acción de propostas e de control do BNG ao Goberno. Foron 7.438 vítimas en Galiza en todo o ano 2023. Iso é o que nos di o avance de datos do primeiro trimestre de 2024, do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, o cal supón un incremento dun 7,6 por cento respecto de 2022. Repito, 7.438 mulleres no noso país que son vítimas de violencia machista, e iso —sabe vostede— é só a punta do iceberg. Primeiro, porque o sistema xudicial non chega máis que a unha parte da violencia machista; por exemplo, no ámbito da violencia sexual estímase que só chega ao vinte por cento das agresións. E, segundo, porque, ademais, malia os avances colectivos das últimas décadas na visibilización da violencia machista, sabemos que, en moitos casos, son casos absolutamente invisibilizados. Temos exemplos, especialmente aqueles en que as vítimas sofren prexuízos doutra índole, por exemplo, prexuízos de clase. Vímolos hai pouco tempo no noso país co asasinato, ao final de ano, de Judith Muñoz, no Porriño, en situación de prostitución, ou de Carmen Vento, en Vigo, xa neste 2024, cuxo crime aínda se investiga, pero, desafortunadamente, non desde a perspectiva de xénero.

Polo tanto, con isto, o que queremos é reflectir como a foto que temos do que é e do que supón a violencia machista para as mulleres é unha foto aínda parcial, pero, desde logo, absolutamente incuestionable e indiscutible, e demostra que é o problema máis importante que temos as mulleres na nosa sociedade, e, polo tanto, debера ser unha prioridade da acción do Goberno.



Por iso, señora conselleira, neste inicio de mandato interpelámola para saber que planificou sobre as políticas en materia de igualdade e de violencia machista; que valoración fai da evolución da situación; como valora o seu cumprimento do marco legal e, en resumidas contas, que melloras van impulsar.

E teño que dicirlle, con honestidade, que no BNG vimos a este pleno coa máxima preocupación; coa máxima preocupación porque estamos vendo un Partido Popular que parece disposto a romper todos os consensos galegos en materia de violencia machista. Este mandato sinceramente apunta mal. Xa apuntaba mal cando, basicamente, o problema máis importante para a vida das mulleres galegas ocupou uns quince segundos no discurso de investidura do señor Rueda; xa apuntaba mal cando vimos o Consello da Xunta, no cal vostede se senta, incumprir a súa propia Lei de igualdade porque hai menos dun corenta por cento de mulleres sentada nese organismo de dirección. Pero é que coñecida a nova estrutura do Goberno galego, acabamos de ver un paso atrás sen precedentes: despois de vinte anos de existencia, vostedes deciden cargarse a Secretaría Xeral de Igualdade e rebaixar o rango institucional da loita pola igualdade e contra a violencia machista neste país. Degradan, señora conselleira —por moito que negue coa cabeza e que lle dea o riso; a min non mo dá, sinceramente—, unha área de Goberno, restándolle peso e importancia. (*Aplausos.*) E esta é unha decisión de calado, e non se atreveron a poñela no programa electoral; non se atreveron a explicala no debate de investidura; non se atreveron a contrastala nos organismos de participación que teñen en materia de igualdade, como no Consello Galego das Mulleres ou no Observatorio de violencia machista. E non se atreveron porque vostedes sabían que non ía haber nin unha soa voz a favor, porque eliminar a Secretaría Xeral de Igualdade supón —¡si!— un retroceso sen precedentes. Primeiro, no simbólico —que é tremendamente importante—, porque se rebaixa a igualdade a dúas direccións xerais, sen unha dirección común, como se fosen compartimentos estancos, e, rebáixase así, o rango de importancia institucional. E segundo, porque sabe vostede perfectamente —porque non é nova no Goberno— que iso supón que se perda algo que é fundamental e estratéxico, e que, ademais, está incorporado no noso marco legal desde hai moito tempo, isto é, o principio de transversalidade. Sabe vostede que así non vai haber unha figura de referencia, como era esa Secretaria Xeral de Igualdade, por exemplo, nas preparacións dos consellos da Xunta e noutras reunións de organismos internos. Prescínlese desta figura responsable, o cal é tremendamente grave baixo o noso punto de vista. Vostedes pensaron que esta decisión podían vendela simplemente como unha cuestión de organización administrativa, pero o certo é que non é así; é unha decisión política e ideolóxica de profundo calado: é a decisión de arrinconar a violencia machista e a igualdade.

E, desde logo, gustaríame que dese algunha explicación hoxe porque a transversalidade, ou o *mainstreaming* de xénero, incluíuse no noso marco legal en 2007. En 2007 fomos pioneiras neste país, e vostedes tamén, porque foi un posicionamento unánime de todas as forzas políticas do noso país e porque foi algo que, ademais, nestes anos ninguén se atreveu a consensuar. Foi un consenso que se mantivo, unha unidade que se mantivo, con diferenzas en como había que aplicar esa política —si—, pero, desde logo, cuns mínimos comúns que parecía que eran un consenso; uns mínimos que vostedes acaban de borrar, demostrando cal é a axenda, cada vez menos oculta, do Partido Popular. Un Partido Popular que intenta disimular, pero que comparte, cada vez máis, a axenda cos seus socios —en moitos casos de Goberno— da extrema dereita. Unha axenda contra a igualdade que busca restar importancia



á discriminación das mulleres como algo que é estrutural e profundamente transversal a toda a sociedade, e que busca diluír, ademais, a especificidade da violencia contra as mulleres como un mecanismo de control, quitándolle esa etiqueta de «contra as mulleres» e de «xénero», para diluíla nun discurso vacuo e banalizador sobre a violencia xeral. (*Aplausos.*)

Quitan vostedes a carauta. (*Aplausos.*) Estamos vendo o Partido Popular en estado puro: ese Partido Popular que comezou a era Feijóo recortando as axudas á violencia machista e cargándose o Servizo Galego de Igualdade creado por lei desde os tempos de Fraga; ese Partido Popular que seguiu financiando organizacións antiabortistas, como a Red Madre; ese Partido Popular que financia organizacións que avalan o que está demostrado que non existe, isto é, o síndrome de alienación parental; ese Partido Popular que sobrecargou os centros de información á muller para buscar así que se reste importancia á loita das mulleres; ese Partido Popular que leva quince anos incumprindo a Lei de igualdade en aspectos tan importantes como o artigo 25, de «Atención psicolóxica» na atención primaria; ese Partido Popular a que estabamos acostumados a que fixese folga de brazos caídos, pero que hoxe está xa tan sen filtro que podemos ver notas de prensa oficiais do Partido Popular devaluando, degradando e cualificando unha agresión da gravidade de romper un dente á túa parella como un erro —¡como un erro!—. (*Aplausos.*) Ese é o Partido Popular de hoxe; o Partido Popular dun presidente que incumpre, tamén nisto, a súa palabra, e dun novo director xeral que non sabe e non contesta. Empezamos ben.

Miren, señores e señoras do Partido Popular, unha cousa é a reinserción —que nós acreditamos na reinserción— e outra cousa é reescribir a historia e banalizar con algo tan grave, como é unha agresión demostrada.

En resumidas contas, señora conselleira, queremos que nos avance cal vai ser a liña de actuación do Goberno galego, pero estamos enormemente preocupadas pola súa decisión de rebaixar a área de Goberno de Igualdade. Pensamos que é un paso de xigante contra a axenda feminista e que supón, en resumidas contas, asumir ese discurso dulcificador da extrema dereita de que «xa avanzamos bastante», de que «xa ata aquí chegou». E, desde logo, nós non estamos de acordo, e tamén facemos unha advertencia: isto non vai acontecer sen resposta. Primeiro, porque nós temos unha responsabilidade, como segunda forza política, con este país, e imos deixar a pel por facer un traballo rigoroso, tamén de alternativas, en materia de violencia machista. (*Aplausos.*) E, segundo, porque, afortunadamente, fóra deste Parlamento hai un feminismo forte e autoorganizado, e vostedes sábeno ben porque —saben— nestes anos non puideron facer máis retrocesos porque tiñan contestación social. E sabe vostede perfectamente que Galiza foi líder nas mobilizacións feministas da última década; e sabe vostede perfectamente que xa tiveron que recuar en decisións como pechar a sala de partos de Verín. Esta mesma semana máis de corenta colectivos e organizacións feministas de todo o país fixeron público este escrito, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) pedindo unha rectificación. Nós, desde logo, apoiamos esta petición do feminismo galego, e hoxe vostede ten a oportunidade de facelo e de rectificar.

Señora conselleira, en resumidas contas, hoxe ten a oportunidade de demostrar que ese apelido de Igualdade que puxeron á súa consellería non é simplemente outra operación cosmética máis do seu Goberno.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

Antes de dar o paso á conselleira, damos a benvida aos alumnos e ás alumnas de quinto de primaria do colexio de educación infantil e primaria plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez, da Coruña. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Agora si, conselleira. Ten a palabra, por tempo de dez minutos, a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Deputadas e deputados.

Señora Presas.

E tamén quero saudar, hoxe, todos os alumnos que nos acompañan da Coruña.

Moi bos días.

Antes de entrar a responder a súa interpelación, quero manifestar ante esta Cámara o compromiso e a responsabilidade con que asumo a área de igualdade e as competencias autonómicas nesta materia. Fágoo co convencemento de que a violencia de xénero é un dos problemas máis graves e máis urxentes aos cales se enfronta a nosa sociedade; fágoo coa conciencia de que ningunha muller, polo mero feito de selo, debería sentir medo, vergoña ou ser discriminada en ningún ámbito; e fágoo co cometido de contribuír dende a Xunta de Galicia para erradicar todas esas condutas machistas que, por desgraza, aínda existen no día de hoxe na nosa sociedade. (*Aplausos.*)

A violencia de xénero atenta contra os dereitos fundamentais, contra o benestar e contra a seguridade de todas as mulleres; por iso, non debemos aceptar ningún titubeo nin ningunha manipulación nesta materia. Debemos escoitar o tecido asociativo, os expertos e tamén os profesionais que traballan neste ámbito para saber cal é o camiño que temos que percorrer. Temos que afastarnos sempre de posibles usos partidistas, de usos interesados, de usos tendenciosos, que o único que conseguen é desvirtuar unha causa que é necesaria, que é xusta e que, ademais, é vital. No pouco tempo que levo á fronte desta área xa puiden comprobar que esta última cuestión sería moi difícil de conseguir, pero, con todo, teñan por seguro que non me desviará do meu obxectivo central, que é facer de Galicia un lugar libre de violencia machista, pero tamén un lugar seguro para todas as persoas que vivimos aquí. (*Aplausos.*)

Señora Presas, atendendo á súa interpelación, é evidente que, mentres exista unha soa muller que sufra as consecuencias da violencia de xénero, non podemos darnos por satisfeitos. Debemos fuxir sempre, en todo caso, dos triunfalismos nesta materia, pero



tampouco debemos obviar todo o que se leva feito; todo o que se leva feito durante os últimos anos e que contribuíu para seguir avanzando en dereitos.

Galicia conseguiu situarse durante todo este tempo como unha comunidade de referencia a nivel nacional polo impulso de medidas pioneiras, tanto no ámbito lexislativo como na dotación de recursos para as vítimas e tamén nese traballo intenso no ámbito da prevención. Fomos a primeira comunidade en ter un Decreto de formación en igualdade, de prevención e de loita contra a violencia de xénero para todo o persoal da Administración; fomos a primeira comunidade en poñer en marcha un Servizo de quenda de garda para mulleres vítimas de violencia de xénero e tamén para os seus fillos menores; fomos a primeira comunidade en ofrecer asistencia integral aos nenos orfos por violencia machista; fomos a primeira comunidade en ofrecer vivendas tuteladas para vítimas de violencia de xénero e que, ademais, padecen enfermidade mental; e fomos unha das primeiras comunidades en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero. Ademais, o pasado ano aprobamos a nova Lei de igualdade de Galicia —pese á súa abstención e á do seu grupo—, que actualiza o marco normativo neste ámbito e que, ademais, permitirá a posta en marcha de importantes medidas, como a creación de espazos urbanos libres de violencia de xénero ou como esa recente aprobación do novo Protocolo contra as agresións sexuais no lecer nocturno, e que permitirá tamén continuar reforzando a igualdade e a prevención en situacións de violencia no ámbito dixital.

O Goberno galego non mira nin mirará nunca para outro lado. Pon á disposición das vítimas, dos concellos e de todo o tecido asociativo os recursos necesarios para atallar esta situación. Tanto é así que neste ano 2024 multiplicamos por catro o orzamento destinado á área de igualdade en comparación ao que facían vostedes no ano 2009. (*Aplausos.*) Pasamos dos 13,8 millóns de euros que se destinaban, cando vostedes gobernaban, aos máis de cincuenta e cinco millóns de euros que se invisten na actualidade. Seguimos reforzando unha área que precisa de toda a nosa implicación, tal e como constatan os datos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia aos cales vostede fixo referencia; uns datos que evidencian, por un lado, que o incremento das denuncias por violencia de xénero require un esforzo xudicial cada vez maior e tamén require máis recursos neste ámbito, pero tamén é un informe que, por outro lado, di que cada vez máis mulleres cren no sistema, que cada vez máis mulleres están informadas dos seus dereitos e que cada vez máis mulleres denuncian aquelas situacións machistas que viven no seu día a día. Por iso imos seguir analizando todos eses datos e tamén todos os informes anuais que elabora a Xunta de Galicia sobre a violencia de xénero naquelas voces autorizadas para saber —como dicía— cal é o camiño que temos que seguir. Neste sentido, e tal e como temos solicitado de xeito reiterado dende o Goberno galego e tamén dende o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, é necesaria —insisto, jé necesaria!— a creación de novos xulgados de violencia de xénero nas principais cidades galegas. Unha reclamación ignorada en varias ocasións polo Executivo do señor Pedro Sánchez que impide axilizar e que impide dar resposta ao crecente número de denuncias que se presenta en todos os xulgados galegos.

Señora Presas, eu pediríalle hoxe a súa colaboración nesta reclamación porque, ademais, sei que tamén o seu grupo ten solicitado estes xulgados ao Goberno central nese pacto de investidura que vostedes firmaron. A enésima promesa incumplida, señores do Bloque



Nacionalista Galego; a enésima promesa incumprida que demostra que deron o seu voto a cambio de nada. Señora Presas, a vostede gústalle falar moito de socios, pero aquí, en Galicia, o único socio que nós temos son os galegos e as galegas. Vostedes non poden dicir o mesmo porque vostedes lle deron ese Goberno ao señor Pedro Sánchez. Vostedes son socios e vostedes son cómplices dun Goberno central que discrimina, cada vez máis, Galicia; vostedes son cómplices dun Goberno central que ignora as necesidades de todos os galegos. *(Aplausos.)*

Vostedes pasarán á historia por dar o seu voto a favor a unha lei que prexudicou as vítimas de violencia de xénero na nosa democracia; unha lei, a Lei do só si é si, que, por certo, contou co voto a favor do Bloque Nacionalista Galego. Teña claro, señora Presas, que o que nunca fará o Goberno galego será revitimizar as vítimas de violencia de xénero, reabrir vellas feridas e abandonalas despois á súa sorte. Imos seguir poñendo á disposición de todas elas esa axuda mensual, que, ademais, é única en España, para que contén co apoio económico que necesitan para poder saír adiante e para poder refacer a súa vida; imos seguir ampliando e reforzando os centros de acollida, de información á muller e tamén de atención para que nunca se sintan soas; *(Aplausos.)* imos seguir ofrecéndolles apoio, *(Aplausos.)* ese apoio psicolóxico que necesitan para poder reparar, en parte, ese dano feito, tanto a elas como á súa contorna, e a aqueles homes con condutas violentas. E seguiremos actuando, por suposto, en todos os ámbitos da nosa sociedade para que nos permitan previr, para que nos permitan frear e erradicar calquera tipo de violencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra a señora Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, señora conselleira, e con todos os respectos, visto que dedicou aproximadamente trinta segundos da súa intervención a falar, en xenérico, do futuro, a miña conclusión é que realmente non ten vostede unha planificación de traballo para a área de igualdade, como era previsible. Limitouse aquí a repetir o argumentario manido do Partido Popular e a facer de oposición ao BNG, pero é que de momento a conselleira é vostede; isto non depende do BNG. *(Aplausos.)* Entón, debería ser capaz de concretar algunha cuestión. *(Aplausos.)*

E falou vostede moito do pasado, do que este país ten andando á vangarda da loita contra a violencia machista e, efectivamente, iso é así; por iso nós lamentamos que o Partido Popular estea, no día de hoxe, quitando a carauta para romper os consensos que houbo en Galiza ao redor da loita contra a violencia machista e a favor da igualdade, porque iso é que están facendo. E, efectivamente, aquí houbo un camiño común, neste país, de tecer determinados consensos e ir avanzando; iso foi o que nos colocou á vangarda da loita contra a violencia machista. O que pasa é que este é o Partido Popular máis dependente de Xénova da historia, e que, única e exclusivamente, está obedecendo esa estratexia de radicalización que teñen vostedes desde Madrid, señora conselleira. Apártense do Partido Popular do Estado e



mantéñanse na loita contra a violencia machista. (*Aplausos.*)

Falou vostede moito de historia e pouco de futuro. E, para variar, tivemos outro exercicio de oposición ao Goberno bipartito. Estaremos en 2050, e menos mal que vostedes daquela non van estar gobernando porque, se non, seguirían obsesionados e obsesionadas co Bipartito. Mire, señora conselleira, ¿sabe o que fixo o Goberno bipartito, ademais de aprobar a lei contra a violencia machista máis avanzada de toda Europa? Elevou a área de igualdade ao máximo rango institucional e administrativo que nunca antes tivera, coa creación da Secretaría Xeral de Igualdade, isto é, algo no cal, en teoría, había consenso. Vostedes, primeiro, xa a quitaron da área dependente da Vicepresidencia no anterior mandato, e, agora, dan un paso máis cargándose a Secretaría Xeral de Igualdade e rebaixando o rango administrativo e a súa importancia; algo que non se atreveu a discutir nesta tribuna. Polo menos tivo máis respecto que as súas deputadas, que onte cualificaron esta cuestión de «tontería». Pois, miren, nin tontería nin cuestión simplemente administrativa: é un retroceso, é unha ameaza ás políticas de igualdade e é a mostra de que o Partido Popular está ensinando «a patita», pero, desde logo, vai ter unha resposta a estas cuestións. É que, miren, teñen vostedes tanta desidia que nin sequera actualizaron no directorio, que teñen dispoñible na súa páxina web, o contacto destas novas direccións xerais; nin sequera iso fixeron, e é ilustrativo da desidia que teñen.

E, mire, fixo referencia a esa nova Lei de igualdade que aprobaron en novembro do ano pasado; unha lei —como cualificamos nesta tribuna— para lavar a cara de cara á galería. E reafírmome nesas palabras, ¿sabe por que? Porque nin sequera cumpren os mínimos que pactaron nesa lei. Vostedes puxeron nesa lei que no Consello da Xunta —en que vostede senta o cu— ten que haber un corenta por cento de mulleres e nin sequera iso se cumpre; (*Aplausos.*) nin sequera iso. (*Aplausos.*)

E falou vostede dos xulgados de violencia machista. Mire, teñan un pouco de vergoña porque vostedes votaron neste Parlamento, unha e outra vez, en contra da creación deses xulgados de violencia machista cando gobernaban vostedes no Estado. Despois cambiaron de posición —¡benvidos!—, pero ¿é que sabe a cuestión? Que a Xunta non está pedindo nos organismos oficiais, onde se ten que pedir, eses xulgados. O BNG vai seguir facendo o seu traballo, señora conselleira, efectivamente. Pero mentres o presidente sexa Rueda e non sexa Pontón, hai unha parte do traballo que teñen que facer vostedes, en lugar de facer ese partidismo que tanto critican con algo tan importante como os xulgados de violencia machista. Se non hai máis operativos no día de hoxe neste país, é responsabilidade fundamental do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Fala vostede de socios e de complicidade. Mire, o Bloque Nacionalista Galego está moi orgulloso dos acordos aos que chega a favor de Galiza e dos acordos aos que chega con outras organizacións. Porque, ¿sabe do que non seremos cómplices nós nunca? ¿E sabe con quen non nos sentaremos a asinar nada? Con ninguén que avale recortes en materia de violencia machista, como están facendo vostedes noutros puntos do Estado, efectivamente. (*Aplausos.*) Igual, se aquí non teñen a necesidade de facelo, é porque teñen esa alma negacionista xa nas súas filas. Polo tanto, un pouco de pudor, señora conselleira.



E remato xa. Falaba vostede de que contan e escoitan o tecido social. ¡Escoitan o tecido social! ¡A ver se é verdade! Teñen vostedes un escrito, (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) asinado por máis de corenta organizacións feministas do noso país, de todo o país, de todas as comarcas, tamén de forzas sindicais e organizacións referenciais, no que se pide unha rectificación e unha recuperación desa Secretaría Xeral de Igualdade.

¿Escoitan vostedes o tecido social? Non escoitaron o Consello Galego de Mulleres, non escoitaron o Observatorio Galego de Violencia Machista...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿Van escoitar o feminismo deste país e a principal forza da oposición e recuperar, como un xesto de boa vontade, esa secretaría xeral, si ou non?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Señora Presas, en materia de violencia de xénero, como ben sabe, ningún dato poderá ser empregado nunca para presumir, nin tan sequera para congratularse, porque o percorrido que temos por diante como sociedade é aínda bastante superior —recoñezoo— que o que avanzamos. Pero, con todo, non sería xusto tampouco obviar todos os recursos, todas as medidas e todo o esforzo que puxemos en marcha dende o Goberno galego ao longo de todos estes anos; un esforzo que, ademais, está a dar os seus resultados. Porque nestes momentos Galicia é a segunda comunidade coa taxa de violencia de xénero máis baixa de toda España, porque nos situamos trinta puntos por debaixo da media estatal e porque consolidamos durante os últimos anos un sistema de atención e de prevención de violencia de xénero, que imos seguir reforzando e ampliando nesta nova etapa.

Diciame vostede que quería saber algunhas das medidas que imos poñer en marcha e que non fale de futuro, senón que fale de presente. Pois ben, imos potenciar as casas de acollida, imos dotalas de máis servizos e de máis recursos, e imos crear nelas programas específicos para mulleres con adiccións. (*Aplausos.*) Imos poñer en marcha os cinco primeiros centros de crise 24 horas, sendo das primeiras comunidades en contar con este recurso especializado de atención ás vítimas. Imos reforzar a atención psicolóxica ás mulleres en todos os núcleos rurais, onde resulta necesario este reforzo e todas estas actuacións. Imos reforzar a coordinación con todos os organismos e forzas e corpos de seguridade do Estado, para poder identificar con máis facilidade e con máis axilidade os posibles casos.



Mire, señora Presas, dende o Goberno galego imos situar sempre como unha prioridade a nosa acción política e a nosa loita contra a violencia de xénero. Así o confirman todas estas medidas que lle acabo de relatar e así o confirma tamén a decisión do Goberno galego de crear esa nova Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero. *(Aplausos.)* Pode vostede darlle as voltas que queira, señora Presas, ¡pode darlle vostede as voltas que queira!, pero é unha nova dirección xeral que é única a nivel nacional e é unha nova dirección xeral que permitirá consolidar, liderar e ampliar todas as actuacións nesta materia; e é unha nova dirección xeral que permitirá incidir en maior medida e en especialidade tamén, como así nos exige o Convenio de Istambul. É unha nova dirección xeral, señora Presas, na que situamos á fronte un maxistrado especialista en violencia de xénero. ¿Que máis compromiso quere do Goberno galego, señora Presas?

Pero, mire, eu propoñolle hoxe a todos os grupos da oposición que deixen de forzar titulares e que traballen un pouco máis en medidas construtivas de protección para todas as mulleres galegas.

Mire, mentres vostedes continúen sendo socios do señor Sánchez, mentres vostedes continúan premendo ese botón para votar a favor da Lei do «só si é si», mentres vostedes, co seu apoio, permitan que máis de 1.200 agresores sexuais vexan rebaixada a súa condena, mentres vostedes, co seu apoio, permitan que máis de 126 agresores sexuais estean nestes momentos excarcerados, señora Presas, non pode vir a esta tribuna facerse a digna e a protectora de todas as mulleres de Galicia, porque o que nunca vai facer nin o Goberno galego nin o Partido Popular é ter excarcerados nin dar permiso para esas rebaixas de condena. ¡Nunca o imos facer, señora Presas!, ¡nunca! *(Aplausos.)* Nós imos traballar polas mulleres de Galicia. Nós imos duplicar os esforzos, como xa viñemos facendo nesta área de igualdade —acabamos de duplicar o número de persoas que van traballar pola igualdade de Galicia— e imos duplicar o noso compromiso de loita inquebrantable contra a violencia de xénero, porque iso é o único que nos ocupa e nos preocupa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa segunda interpelación.

Interpelación de D^a Silvia Longueira Castro e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a xestión das políticas de axuda á xente nova no seu acceso á vivenda

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela e por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Silvia Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Falabamos onte de axudas e demais, e hoxe queríamos preguntar sobre toda esta cuestión dos bonos alugueiros. Quería comezar cun informe do día de onte do Banco de España onde



falaba, precisamente, sobre a situación financeira das familias xoves; dos xoves en España. Daba o dato de que apenas un 30 por cento dos menores de 35 anos son propietarios dunha vivenda —dato de 2022—. Estamos falando, por así dicilo, dunha boa franxa da xuventude — franxa no sentido financeiro—, daqueles que aínda teñen a capacidade de endebedarse ou teñen a capacidade de xerar unha riqueza. A cuestión é que vinte anos atrás, no ano 2002, os propietarios menores de 35 anos eran o 66 por cento.

E tomamos a vivenda neste sentido, tal e como di o informe, como unha medida para medir, porque neste país, para medir o patrimonio, o aforro e a riqueza, o feito de que os xoves que poidan facelo decidan tomar o camiño da compra de vivenda, no modelo español é unha medición de riqueza.

O informe fala tamén desas xeracións que a partir de 1980 teñen xa un retraso progresivo na emancipación, a todas luces lóxico, e prosegue sinalando que máis do 65 por cento dos xoves de entre 18 e 35 anos residían no fogar familiar en 2022; 13 puntos porcentuais máis que en 2008.

Isto evidencia, se o trasladamos do Estado español a Galicia, unha redución da riqueza dos máis novos, que non teñen sequera capacidade para endebedarse e que son cinco puntos máis pobres que en 2018, cando sucede a crise de Lehman Brothers.

E —insisto— estamos aquí a falar dunha franxa de xuventude que foi capaz de chegar a xerar certo índice de riqueza. Pero a realidade, a constante realidade, é que en España soamente o 16,3 por cento dos xoves están emancipados; algo a todas luces lóxico basicamente porque nas grandes cidades —pasa en Galicia, evidentemente— o prezo medio dun alugueiro dunha vivenda está ao redor dos 700 euros. E, ademais, os salarios, como ben sabemos, son pequenos.

Pois en todo este baile de cifras que nos fala de empobrecemento, de dificultades económicas, de descenso do poder adquisitivo, en termos xerais, Galicia tivo un espellismo hai apenas dous anos coa xestión dos bonos alugueiros; axudas que estaban recollidas no Plan estatal de vivenda 2022-2025. A través deste plan, o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez —citado aquí por sétima vez—, transferiu ás comunidades autónomas os fondos para realizar achegas ao alugueiro de 250 euros mensuais durante dous anos. Foron en total 23 millóns de euros que chegaron no verán de 2022. Viñeron do Goberno central. A Xunta arbitrou unha normativa na que se comprometía a que en tres meses resolvería as solicitudes. Ben, o resultado desta iniciativa do Goberno e desta xestión da Xunta foi un informe da Valedora do Pobo onde se recollen os graves incumprimentos e, sobre todo, as demoras superiores a un ano na resolución destas axudas.

Noutra volta, no aire de toda esta xestión, case dous anos despois de iniciado o procedemento, a Xunta comunica que esgotou os cartos remitidos polo Goberno para este cometido. En concreto, en abril deste ano, do ano 2024, o IGVS comunicaba as resolucións de denegación das subvencións por esgotamento do crédito orzado.

Hai que sinalar que os alugueiros subiron nestes últimos anos un 50 por cento nas cidades galegas. E o IGVS tarda dezaseis meses en dar unha resposta a unha axuda formulada polo Goberno central. Presentáronse 14.441 solicitudes. Só se responderon 5.500. Entre o 1 de



xullo de 2022 e novembro de 2023 apenas se responderon as solicitudes que se estipulaban. Tardaron dezaseis meses en dar as respostas.

As notificacións chegaron por SMS ás persoas afectadas, e así foise formando como un foco de noticia sobre o esgotamento das axudas, que ninguén entendía que só fosen ata abril de 2024, cando fica oficialmente confirmado que xa non hai fondos de axuda de 2022, que, polo tanto, o que non a recibiu, non a vai recibir, que está nunha lista de espera indefinida e, por suposto, sen saber unha resposta digamos máis ou menos paliativa ou en firme e que o 3 de xaneiro do ano 2024, cando certifica que ese crédito se esgotou, pasamos a marzo da segunda convocatoria, da convocatoria do ano 2023, dotada con 2,8 millóns, onde tamén están esgotados os fondos. En fin, un trasiego de dous anos —dicía antes—, cun número indeterminado de solicitantes permanecendo na incerteza de saber se van contar ou non coas axudas, sabendo que a vida transcorre e que todos os meses un ten que facer fronte ao pago dos alugueiros; e ademais abusando dun silencio administrativo. Non o dicimos desde o Grupo Socialista, dío a Valedora do Pobo nun informe recollido polas miles de queixas que chegaron con respecto a esta tramitación.

Parécenos unha historia, cando menos, rocambolesca, propia dun vodevil, e unha mala xestión, por suposto. Pero asumindo que existiu unha mala xestión, existindo unha mala praxe no que foi todo este procedemento, nós queremos preguntar se desde a Xunta, se desde a Consellería de Vivenda e se desde o IGVS van articular algunhas medidas e, sobre todo, se van informarnos dunha forma fehaciente e transparente de como foi o proceso que estamos aquí a relatar; é dicir, cantas foron realmente as persoas ás que se lles respondeu, en canto tempo foi tanto a mínima resposta como o tempo máximo en que tardaron en responder, que pensan facer para paliar esta mala xestión, polo menos da xente á que nin sequera se lle deu resposta...

É dicir, houbo xente que quedou presa nun sistema sen saber se estaba sendo tomada en conta a súa solicitude ou se fora desestimada, sobre todo porque a xestión das axudas se fixo por concorrência non competitiva; é dicir, o que primeiro chegaba, primeiro obtiña a axuda, sen ningún tipo de baremo que fose, ademais, algo que puidese nalgunha cuestión sustentar a aprobación ou a denegación da Xunta, e, por suposto, se teñen vostedes pensado abrir unha liña de axudas que complementa a que chega do Goberno de España; basicamente porque estamos a falar, como dicía antes, dunha franxa de poboación que está absolutamente ao albur das decisións públicas, cunha capacidade de financiamento da súa propia vida persoal moi exigua e que está nese lindeiro, nesa franxa moi límite que pode separar estar dentro do umbral da pobreza a non estar dentro del.

Co cal, gustaríanos saber se teñen previsto subsanar estas irregularidades, e tamén, se vai haber esa subsanación, cal vai ser o procedemento, a forma de xestión; se van facelo con concorrência competitiva, se van voltar facelo da forma que quen chega primeiro pon o banderín, e como van dar as respostas a todas estas persoas, que, insisto, a través dun SMS, foron enteirándose de que non eran nin sequera partícipes das axudas do Goberno do Estado.

Moitas grazas. (Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar a palabra á señora conselleira, dou agora a benvida aos alumnos e alumnas de sexto de primaria do CEIP plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez, da Coruña. Antes estiveron os seus compañeiros e compañeiras de quinto curso e agora os de sexto. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, señora conselleira, dona María Martínez Allegue, ten a palabra, por tempo de dez minutos, para dar resposta.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señora presidenta, señora deputada.

Señorías, alégrome moito de volver a esta Cámara para afondar desta vez en cuestións relativas ao Bono Alugueiro Mocidade do Plan estatal 2022–2025 que o Goberno galego foi quen de pór en marcha dun xeito moi eficaz, e iso a pesar do Goberno central. Tal e como tiveron oportunidade de abordar na miña primeira intervención nesta Cámara o pasado mes de abril, esta liña de axudas que fomos quen de pór en marcha de xeito pioneiro permitiu, primeiro, facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro a mozos e mozas con escasos recursos económicos e, segundo, tamén combater a alza dos prezos do mercado da vivenda.

Acúsanos vostede na súa iniciativa de falta de criterio de xestión, de caos administrativo e de xestión deficitaria, pero coido que non está a describir a xestión feita pola Xunta de Galicia, senón a do Goberno central, que con esta, como con todas as iniciativas que está a facer cos fondos europeos, amosa, primeiro, falta total de transparencia e de colaboración interadministrativa, non dando resposta ás numerosas dúbidas e problemas de xestión que lle trasladamos dende moitas comunidades autónomas, e amosa atrasos non xustificados na transferencia dos fondos para facer efectivas esas axudas necesarias para a concesión da subvención. E o que é o peor, é que amosa falta de coñecemento na xestión destes fondos.

Señoría, agradézolle —e moito— que me dea a oportunidade de explicarlle como xestionamos estes fondos que o Goberno central transfire tarde mal e a rastro.

En primeiro lugar, déixeme aclararlle que o Informe do Defensor del Pueblo no que se sustenta a súa interpelación é parcial e non reflicte a realidade de tramitación realizada pola Xunta de Galicia e o éxito da súa xestión, ao ter executado a totalidade dos fondos asignados a Galicia. Un informe —aproveito tamén para destacalo— que foi elaborado sen contar coa Xunta para a recolla da información, dando lugar así a ese documento parcial e moito temo que interesado. A realidade é que a Xunta concedeu todas as axudas esgotando o crédito entre decembro de 2022 e xaneiro de 2023 —repito, xaneiro de 2023—, apenas tres meses despois do remate do prazo de presentación de solicitudes. Non houbo, pois, ningún atraso na xestión destes expedientes; xestionáronse na súa totalidade, concedéndose 4.094 axudas.

Gustárame poder dicir o mesmo dos seus socios en Madrid..., dos seus compañeiros —perdón— en Madrid. Pedro Sánchez anunciou o bono a finais de 2021 —agora lle explico, señoría—, pero non fixo a transferencia dos fondos ata medio ano despois. Este atraso fixo que a axuda non a



puidésemos convocar ata o 30 de xuño de 2022, cun prazo de solicitudes ata o 31 de outubro. A pesar diso, a Xunta de Galicia foi a terceira comunidade autónoma en convocar axudas, só precedida de Cataluña e Valencia. Seguindo coa cronoloxía da nosa xestión, quero aclarar tamén que en decembro de 2022 comezamos a conceder e a comunicar as axudas, quedando rematado o procedemento a mediados de xaneiro de 2023. (*Aplausos.*) Para esta data xa estaban concedidas as de xaneiro de 2023, para esta data xa estaban concedidas todas as axudas do bono e esgotado o crédito.

Como ben deberían saber vostedes, a finalidade, efectivamente, deste Bono Alugueiro Mocidade é impulsar o acceso dos mozos a unha vivenda en alugamento e permitir, por tanto, así a súa emancipación. E iso foi o que fixemos, cumprindo rigorosamente tanto a tramitación como os prazos. Pode que non sexan vostedes conscientes da complexidade de xestión desta tipoloxía de axudas nin dos criterios que inclúe; criterios, por certo, establecidos polo Goberno de España, non pola Xunta de Galicia, que tivo que facer un gran número de consultas para tentar aclarar as moitísimas incongruencias contidas no regulamento.

Pero volvendo á cronoloxía da nosa impecable xestión destas axudas, coméntolle tamén, como ben debería saber, señoría, que unha vez que se comezan a pagar as axudas hai beneficiarios que ou ben renuncian ou non poden xustificar o pago do alugamento. Como consecuencia destas perdas de subvencións con fondos liberados, fomos realizando novas concesións ao longo de 2023. En total, puidemos recuperar fondos que nos permitiron darlles axuda a solicitantes inicialmente excluídos por esgotamento de crédito. En total, foron 1,159 beneficiarios, polo que o número total de axudas concedidas foi de 5.000. Estas axudas concedidas entre febreiro e novembro de 2023 son as que se recollen no Informe do Valedor del Pueblo ao que fai mención na súa interpelación, pero non só a totalidade dos expedientes xestionados.

En definitiva, señoría, máis dun milleiro de novas axudas foron concedidas entre febreiro e novembro de 2023, que foron pagadas puntualmente, o que demostra a eficacia da Xunta na execución destes fondos recibidos, evitando que se perdesen como consecuencia da renuncia ou do incumprimento dos beneficiarios previos de axuda.

Señoría, dígolle máis, todos os bonos de alugueiro para a mocidade concedidos pola Xunta de Galicia están pagados, (*Aplausos.*) e iso a pesar da falta de cooperación do Goberno central e da complexidade desta liña de axudas. De feito, no día de hoxe hai moitas comunidades autónomas que aínda non remataron a xestión deste bono mocidade, e non é de estrañar, a verdade, vendo a falta de rigor e a falta de transparencia do Goberno de Pedro Sánchez. Dende o anuncio do bono por parte de Pedro Sánchez —reitero o seu nome—, o Goberno non atendeu nin un só dos requirimentos das comunidades autónomas —¡das comunidades autónomas!— sobre os problemas que atopamos nas bases destas axudas. Dende a Xunta dirixímonos varias veces por escrito ao Ministerio solicitando aclaracións, cuestións que tamén foron expostas en todas as reunións mantidas co Ministerio, e ningunha delas foi respondida. O único que conseguimos de Pedro Sánchez foi a calada por resposta. Efectivamente, si, unha comunicación do 27 de abril de 2022, que di textualmente: «*Se adquiere un compromiso financiero con la Comunidad Autónoma de Galicia de 11,4 millones de*



euros» —22 y 11,4 millones de euros—, «ejercicio 23». Unha comunicación de data 27 de abril que comprometía a enviar a metade dos fondos que, nembargantes, non fixeron ata un mes máis tarde e que tivo como consecuencia o atraso da convocatoria da axuda. Pero é que a pesar dos atrasos, a pesar da falta de comunicación e dos erros detectados na convocatoria detectados tanto por Galicia como por outras comunidades autónomas, o Goberno galego foi quen de executar con éxito esta liña de axudas. E fixémoslo porque somos bos xestores, señoría. (Aplausos.)

Como tiven a oportunidade de comentar na miña anterior intervención, a vivenda é un dos aspectos capitais do novo Goberno da Xunta de Galicia e é o pilar fundamental desta consellería, que ten como obxectivo prioritario facilitar o acceso dos cidadáns a unha vivenda, obxectivo no que estamos a traballar tanto pola vía do incremento do parque de vivendas como a través das liñas de acceso á vivenda, tanto para a adquisición como para o alugamento. Ao contrario do que fan vostedes, señoría, nós cremos na cogobernanza e na xestión conxunta e por iso estamos a traballar de xeito ordenado para aproveitar en todo o posible, como xa o fixemos ata o de agora, os fondos europeos consignados para tal fin.

Pola contra, vostedes van a golpe de titular e de novas publicadas en prensa, como este informe do Defensor del Pueblo que hoxe traen aquí; un informe parcial, un informe incompleto, que agardo que con esta intervención lle puidera aclarar, porque a Xunta fixo unha xestión exemplar do Bono Alugueiro Mocidade que nos permitiu optimizar ao máximo estes fondos ao tempo que chegar ao máximo número de beneficiarios.

Moitísimas grazas, señoría.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, señoría.

É a primeira vez... A min sábeme mal, porque vostede é nova, acaba de chegar aquí e tivo que tomar o que lle deixaron... (Murmurios.) ¿Señoría? (A señora Longueira Castro vírase cara á presidenta e diríxese a ela.) Parabéns aos premiados, pero, mire, é a primeira vez que alguén se queixa de ter 23 millóns para un bono alugueiro. É a primeira vez que alguén se queixa de que ten que xestionar axudas. E, ademais, paréceme increíble porque a complexidade das axudas... ¿Que pasa, non é a súa responsabilidade, ou polo menos da persoa que o levaba? Ou sexa, parece ser que non hai equipos suficientes. Botan vostedes man para atrás e din que os responsables de que non completasen ben as axudas ou que fosen complexas..., e non son capaces de xestionalas. Ou sexa, hai un problema. Non somos capaces de xestionar en tempo e forma 23 millóns de euros para alugueiros, non somos capaces de dar resposta aos miles de persoas que quedaron pendentes e que recibiron cun SMS se estaban aceptados ou non ou se non sabían se podían estar noutra lista para recibir axudas. Ese é o problema, que cando hai unha liña de axudas para alugueiros non somos capaces de xestionar 23 millóns de euros. Porque o dixo vostede. Si, díxoo vostede. Dixo que foi un problema pola complexidade das axudas.



¡Pero é que gobernar non é fácil! —si, escoito perfectamente—. Gobernar non é fácil; gobernar é tomar unhas decisións, e non pode estar unha persoa dezaseis meses esperando por unha resposta. Supoño que hai un complexo número de funcionarios que sabe perfectamente como baremar, que sabe perfectamente como obter unha resposta de como se xestionan unhas axudas, cando, ademais, a partir da crise da covid todas as autonomías tiveron achega e tiveron fondos que xestionar debido, precisamente, á situación que estamos vivindo. E sobre todo porque fixeron vostedes silencio administrativo, que é unha forma de desprezo moi recoñecida —si, señor, chámase así, silencio administrativo—, pero é unha forma de desprezo aos administrados. Non se pode ter a xente sen saber se está dentro dun programa, se non se lle concedeu, se non vai ser beneficiario... Non se pode facer ese silencio administrativo cando se está falando, ademais, das vivendas daqueles que teñen unha menor capacidade para chegar a elas. Isto foi exactamente o que se fixo. Fíxose un trilerio de números onde ninguén sabía en ningún momento —os poucos beneficiados que houbo nos catro primeiros meses— se estaba dentro deste programa ou non.

E, despois, outra cuestión. En toda a publicidade que vostedes fixeron sobre este plan, non aparece en ningún momento o Goberno de España. Fan vostedes un *procés* particular cando lles interesa; é dicir, son fondos que veñen do Goberno de España, pero nos anuncios da Xunta, en toda a programación que fixeron, en ningún momento se di que estes fondos están aquí, que están aquí en Galicia por unha decisión do Goberno de España porque estima, como dicía ao principio da miña intervención, que os índices de acceso á vivenda son realmente difíciles neste país e que van poñer unha liña de axudas. Cando nos interesa, poñemos a Pedro Sánchez, pero cando non nos interesa pasamos un Eraser e sacámolo do mapa. Entón, atéñanse ás consecuencias, porque, fagamos o que fagamos, fágase o que se faga desde o Goberno central, suma cero; nunca é suficiente. Porque agora acaban de recoñecer que non teñen capacidade para xestionar 23 millóns de euros para un bono alugueiro.

Despois, fixo unha cousa: puxo en dúbida en dúas ocasións o Informe da Valedora do Pobo. O próximo, ¿que vai ser?, ¿poñer en dúbida os informes do Consello de Contas? O que se recolle nun informe da Valedora do Pobo parece ser que agora imos empezar a poñelo en dúbida e que non ten validez; non é un informe parcial, é un informe onde se recollen as miles de queixas que lles chegaron, que para iso existe unha Valedora do Pobo.

Pero eu —volto insistir— quero saber que liñas van arbitrar. Quero saber se van continuar cos fondos da Xunta ou cos fondos que, desgraciadamente, lles cheguen de Europa ou do Goberno central, dando axudas do Bono Alugueiro. Quero saber se van ter en conta estas franxas de idade de xoves que —como dicía ao principio da intervención— empobreceron con respecto a hai vinte anos. E quero saber se vostedes van estar aí onde hai que estar, se van estar apoiando este tipo de cuestións para non cruzar esa liña delgada que nos separa da pobreza.

Moitas grazas. Espero a súa resposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Longueira.

Para o peche da interpelación, ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señoría, serei nova nesta consellería, pero coñezo a casa sobradamente e coñezo como se xestionan as axudas. (*Aplausos.*)

Semella que vostede non entendeu a explicación que lle acabo de dar. Fala vostede de falta de criterio de xestión e de falta de protocolos de actuación —reitero—, cando as bases da convocatoria proveñen do propio Goberno de España. (*Aplausos.*)

Tal e como dixen antes, dende Galicia —igual que dende moitas comunidades autónomas— puxémonos en contacto co Ministerio en repetidas ocasións para pór no seu coñecemento as numerosas incongruencias e erros detectados na convocatoria; erros que non negaron, señoría. É máis, fontes do propio Ministerio recoñeceron estes erros e aseguraron que estaban estudando modificar a convocatoria, feito que nunca aconteceu. Como tampouco nunca houbo resposta ás sucesivas solicitudes de información, tanto por escrito como nas comisións bilaterais celebradas, nas que solicitamos resolver as dubidasas dúbidas, xa que a convocatoria deixaba fóra persoas que a priori tiñan dereito a percibir a axuda.

Señoría, o Goberno de Pedro Sánchez vendeu estas axudas como unha liña da que podería beneficiarse practicamente todo o mundo, pero iso era falso. Era falso porque a dotación orzamentaria destinada para Galicia limitaba as axudas a apenas catro mil persoas. Non obstante —como lle expliquei anteriormente, aínda que non entendeu—, a boa xestión do IGVS permitiu incrementar o 25 por cento do número total de beneficiarios, acadando as 5.253 axudas. Era falso tamén porque as ríxidas condicións para a concesión da axuda establecidas polo Ministerio impediron acceder a ela a persoas que cumpren os requisitos pero que, por exemplo, comparten vivenda con outras que non o fan, aínda que cada unha faga fronte ao pago do alugueiro que lle corresponde. ¿Parécelle iso xusto? Pois foron as condicións impostas para esta axuda polo seu goberno. Cítolle soamente outro exemplo —que hai moitos—: non poden acceder á axuda quen, cumprindo os requisitos, comparten vivenda cunha persoa que ten débedas coa Administración pública, aínda no caso de que ese compañeiro de piso non solicite a axuda.

Fala vostede de xestión embarullada e de deixar sen resposta a milleiros de solicitantes. Coido, de novo, que o que non teñen claro son os procedementos que se seguen na concesión de axudas. O prazo abriuse en xullo —xa lle expliquei por que— e en outubro de 2022 cerrouse o prazo, quedando o crédito esgotado entre decembro de 2022 e xaneiro de 2023 —¡xaneiro!—. Os expedientes aos que vostede fai referencia e que se xestionaron ao longo de 2023 correspóndense coas concesións que se puideron facer a partir dos fondos rescatados tras as renuncias e as perdas de subvencións xestionadas. Comprenderá, señoría, que tanto as persoas beneficiarias en primeira instancia como aquelas que obtiveron as axudas despois no ano 2023 teñen os mesmos dereitos para o cumprimento dos trámites preceptivos da audiencia e de requirimento de subsanación de documentación.

Señoría, dende este goberno do que formo parte e dende esta consellería tomamos moi en serio o problema do acceso da cidadanía a unha vivenda; non falamos de expedientes, falamos de persoas. (*Aplausos.*) Por iso, levamos moitos anos con medidas e programas no marco da estratexia da vivenda, que estamos a fortalecer nesta lexislatura. Estas medidas



vannos permitir —como xa dixeran moitas veces— promover o desenvolvemento de solo residencial para 20.000 vivendas protexidas, duplicar o parque público de vivendas ata acadar as 8.000, seguir coa rehabilitación de inmobles abandonados a través do programa Rexurbe, seguir coas axudas destinadas á rehabilitación da eficiencia enerxética, seguir coas liñas de axuda que xa temos tamén para menores de 36 anos, seguir coas axudas de adquisición de vivenda, continuar co programa de mobilización de vivendas baleiras e continuar co aval mozo, aquel que permite aos menores de 36 anos avalar o 20 por cento que non accede ao préstamo hipotecario —liña que xa temos aberta—. Todas estas son medidas reais para problemas reais.

Somos, señoría, conscientes da importancia que ten para todos, pero especialmente para colectivos como a mocidade, xa que lles permite así comezar a construír o seu proxecto de vida, emanciparse e crear un fogar. Estamos a traballar facendo unha xestión eficiente dos fondos, tanto propios como europeos. De feito, e tal e como nos recoñecía a propia ministra de Vivenda na xuntanza que mantivemos a semana pasada, somos unha das comunidades autónomas con maior cumprimento na execución dos fondos europeos; *(Aplausos.)* temos esgotado case o cen por cento das axudas concedidas no exercicio 2022 e no exercicio 2023.

Non quero rematar esta intervención —porque non pode ser doutro xeito— sen pór en valor o traballo que está a realizar o Instituto Galego da Vivenda e Solo, que xestionou a totalidade do orzamento consignado para estas axudas apenas tres meses despois do remate de presentación de solicitudes; máis de cinco mil axudas que temos pagadas na súa totalidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de impulso de estratexias para a mellora e preservación dos niveis de produtividade marisqueira nas rías galegas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día.

Señor conselleiro, bo día.

Señorías, se hai algo que neste tempo aprendemos, é que o que non se mide non se pode mellorar, e que o que non se mellora queda estancado ou retrocede. ¿Está vostede de acordo, señor conselleiro? Supoño que si, que o está, porque esta frase, ao máis puro estilo de M. Rajoy, é súa; é súa, e figura na presentación do Anuario de Pesca do ano 2023 que acaban de publicar recentemente. E di que o que non se mide non se pode mellorar. Vostedes levan vinte anos —exactamente dende o ano 2003— medindo a produción pesqueira e marisqueira de Galiza. Di vostede que o que non se mellora queda estancado ou retrocede, e os datos que



vostedes levan medindo durante vinte anos din exactamente iso: que a produción marisqueira galega retrocede brutalmente.

Dende que miden —dende o ano 2003, insisto— nos bancos marisqueiros galegos, recolléronse, no ano 2023, un 82 por cento menos de berberecho que a media dos últimos vinte anos, un 76 por cento menos de ameixa babosa, un 72 por cento menos de ameixa fina, un 68 por cento menos de ameixa rubia e ata un 5 por cento menos de xapónica, que aparentemente era a máis resistente. Estes datos, conselleiro, son seus —da súa consellería, quero dicir— e responden ao que vostede di: efectivamente, o que non se mellora queda estancado ou retrocede.

Estes datos tamén demostran algo que non pon o seu anuario; demostran que ese retroceso —insisto, de vinte anos— non é culpa da chuvia ou do quecemento da auga; e é que vinte anos non son un episodio puntual, que é normalmente como xustifican vostedes o descenso ano tras ano. Nun só ano, conselleiro, entre o 2022 e o 2023, a perda de produción en Galiza destes cinco bivalvos que lle acabo de citar —berberecho e varias ameixas— foi de 2,2 millóns de quilos, un 43 por cento menos nun ano; e de 8,1 millóns de euros, un 15 por cento menos nun só ano. Os datos, señorías, son absolutamente devastadores. *(Aplausos.)*

Detrás dos millóns de quilos e dos millóns de euros, hai persoas. Vostedes levan gobernando este país dende o ano 2009, quince deses vinte anos que vostedes levan medindo. Nesa data, no 2009, había en Galiza 4.281 mariscadoras a pé; hoxe hai 3.500; 781 menos que cando vostedes chegaron ao Goberno da Xunta, un 18 por cento menos. Como vostede di, isto é un retroceso absolutamente clamoroso.

E mentres todo isto pasa no noso país sen que quen ten as competencias exclusivas en marisqueo —ou sexa, vostede— siga sen facer nada absolutamente diante desta desfeita, o Ministerio de Economía dinos que só no mes de decembro —só nun mes, no de decembro de 2023— Galiza comprou ameixa e berberecho portugués por case 2,2 millóns de euros; o dobre, señor conselleiro, que no mesmo mes do ano 2022. No que vai deste ano, ata abril, incautouse tanta ameixa ilegal de Portugal como en todo o ano 2023, a maioría dela con destino a Galiza e sen ningún tipo de control sanitario.

Diante deste panorama, a pregunta, conselleiro, é moi clara: ¿ten vostede algunha estratexia?, ¿vai desenvolver a curto ou a longo prazo, ou a ambos os prazos, con recursos orzamentarios plasmados no DOG, con medidas concretas e calendarizadas, un verdadeiro plan de actuación para recuperar a produtividade das nosas rías? Agardo que me conteste, porque a pregunta é moi concreta. Non fai falta andar ás voltas; iso debera ter unha resposta bastante clara.

Señor conselleiro, o sector di que, de seguir así, en menos de dez anos se acaba o marisqueo. ¿Vostede que di, señor conselleiro? Eu digo que en dez anos non se acaba o marisqueo. ¡En dez anos vostedes van acabar cos mariscadores e coas mariscadoras! *(Aplausos.)* Polo tanto, van acabar co principal obstáculo para entregar o mar ás grandes empresas de acuicultura, que xa están ensinando «a patita».

Se vostede fose mariscador, ¿que pensaría dos datos que lle acabo de dar despois de quince anos do Goberno do Partido Popular? Eu pensaría —e gran parte do sector tamén o pensa—



que están vostedes actuando para outros intereses que están moi lonxe de ser os do sector marisqueiro galego. Pensaría —se fose mariscadora— que a Lei de acuicultura, que non puideron aprobar no ano 2016 —xa sei que vostede non estaba aquí, pero o señor Rueda si, e pódelle preguntar a el, que seguro que ten cousas para contarlle— precisamente porque se levantou en pé todo o sector do mar, segue vixente; para vostedes segue vixente non dun xeito explícito, pero si tacitamente. É moi difícil pensar a estas alturas que todo o que están a facer e, sobre todo, todo o que non están a facer sexa casualidade.

Voulle poñer algún exemplo recente, moi recente, por non ir máis atrás. Todo o que vou dicir sucedeu en precampaña ou campaña electoral. Cando xa o marisqueo levaba tres meses de paro —dende outubro— en decembro vostede anunciou axudas por catro millóns de euros para 7.300 mariscadores. ¿Sabe cantos foron...? —7.300 ¡eh!—. Ao final beneficiáronse 3.911, algo máis da metade. Investiron vostedes dous millóns de euros e ¿onde están os outros dous? Non están reinvestidos no sector. Tamén anunciaron arredor de catrocentos mil euros para paliar as perdas das confrarías. As 67 confrarías que temos no país, moitas delas en ERTE. No día de hoxe, en maio, —isto anunciouse no mes de xaneiro— seguen sen estar convocadas.

Vostede tamén anunciou en xaneiro as axudas FEMPA para paradas temporais por un importe de dez millóns de euros. E, ¡oh, sorpresa, que casualidade! Resulta que dende xaneiro as axudas aínda se publicaron hoxe no *Diario Oficial de Galiza*, non sei se tiña algo que ver con esta interpelación. ¡Hoxe! (*Aplausos.*) Anunciáronse, pero con trampa; anunciáronse por dez millóns de euros e agora publícanse no *DOG* por sete millóns de euros. E só para o marisqueo a flote, para parte do marisqueo a flote. Gustaríanos saber onde están os tres millóns que faltan ata os dez e que vai facer vostede para apoiar e colaborar co marisqueo a p.? Que é a outra gran parte. (*Aplausos.*)

En plena campaña electoral anunciaron tamén un plan do que non se sabe nada; un día eran 104 millóns, ao día seguinte eran 123 millóns, ao outro día ían chegar a 100 millóns... En fin, un plan do que non hai nada publicado nin nada absolutamente concretado. Señor conselleiro, dende outubro ata decembro do ano pasado, en tres meses, o Partido Popular votou nesta Cámara cando menos tres veces en contra das propostas do BNG. Estamos a falar de propostas serias, non de parches nin de anuncios electorais, propostas serias. Votaron cando menos tres veces en tres meses en contra.

A semana pasada a Consellería permitiulle ao Partido Popular ou o Partido Popular á Consellería —tanto ten, ¿verdade?— que votasen a favor da iniciativa do BNG. Voulle lembrar o que aprobou o Partido Popular, do cal vostede é membro. Aprobou axudas directas dende outubro e ata que se recupere a actividade; a creación dun seguro público de produción marisqueira, ese seguro que creara o Bipartito e que vostedes meteron no caixón o primeiro día que chegaron á Consellería no ano 2009. Aprobou tamén demandar do Estado a exención de cotas da Seguridade Social para os afectados; atender a situación económica das confrarías afectadas e, por fin, aprobou elaborar, orzar e executar un plan plurianual de medidas para comezar —o que en quince anos non fixeron— a recuperación e a rexeneración das rías, que é o que vén pedindo clamorosamente o sector dende hai máis de dez anos.



Señor conselleiro, —remato, presidente— fágolle unha advertencia dende logo con todo o afán para que tome nota, por que é hora de que tomen nota. Votar a favor da iniciativa do BNG está ben. Nós agradecemosllo, xa llelo agradecemos o outro día na Comisión 8ª, pero o sector está absolutamente farto de que vostedes lle dean ao botón para votar favorablemente cousas e logo non acaben facendo absolutamente nada. ¡Nada, señor conselleiro! (Aplausos.)

A situación que temos nas rías galegas é absolutamente límite...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— e hai miles de persoas paradas. Vostede sabe exactamente o número; nós non, pero vostede si sabe exactamente o número. Temos moitos bancos marisqueiros pechados e temos un sector que arrastra unhas circunstancias tremendas dende hai tempo. Non se pode enganar a todos todo o tempo, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Así que actúe e poña en marcha...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...medidas. Execute orzamentos, que sempre deixa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...millóns sen executar.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Atenda todo o que ten desatendido.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi bos días a todos.

Antes de nada —ademais como é a miña primeira intervención neste escenario nesta nova lexislatura—, quero saudar todas as persoas, toda a representación do pobo galego que está aquí hoxe e, evidentemente, ese saúdo cordial para todos. Ao fin ao cabo esta é a casa de todos os galegos e aquí estamos todos para traballar por e para Galicia. (Aplausos.)



Señor presidente, señorías, señora Pérez, ninguén dubida da importancia da actividade marisqueira e, sobre todo, aquí en Galicia, como non. É un sector estratéxico por moitas cuestións, pola súa relevancia socioeconómica como garante desa seguridade alimentaria para a nosa poboación e tamén pola súa relevancia ambiental, un labor que é respectuoso co mantemento das condicións ambientais do medio mariño. Desfrutamos dunha costa que é altamente produtiva e cunha ampla diversidade de especies que definen a nosa terra, que definen Galicia. Temos un sector amplo, conformado por máis de tres mil seiscentos permisos de explotación de marisqueo a pé, con case dúas mil cincocentas embarcacións na modalidade de marisqueo a flote, con setecentos permisos con algunha modalidade de recursos específicos. Unha actividade que ademais desenvolven máis de setenta entidades asociativas e que no último exercicio alcanzou unha produción superior ás cinco mil cen toneladas, por un valor superior aos sesenta e dous millóns de euros.

Estes son datos que fan de Galicia un referente, un referente ademais cando falamos do desenvolvemento de iniciativas que —permítanme dicilo— son pioneiras, como o feito de ser a única rexión en ofrecer un sistema real de cogobernanza a través de distintos plans de xestión elaborados polo propio sector e que incorporan obxectivos tanto biolóxicos ou ecolóxicos como de carácter socioeconómico.

O marisqueo é un sector que conta cunha cadea de valor moi completa e, evidentemente, cando rompe calquera elo a súa incidencia é ampla en distintos sectores. Desde sempre o sector demostrou un elevado grao de resiliencia e adaptación ás distintas situacións cambiantes. Con todo, a pesar desta resiliencia está claro que os episodios que pasaron o ano pasado con esa prolongada e inusual abundancia de precipitacións e unhas temperaturas anormalmente elevadas, como as que tiveron lugar entre o 15 de outubro e o 16 de novembro, definiron un escenario que ameazou esa estabilidade. Un período no que a análise pluviométrica realizada por MeteoGalicia certificou que choveu máis dun cento vinte e sete por cento do valor climático normal e que as cantidades totais superaron en amplas zonas da vertente atlántica os mil litros por metro cadrado, o que supuxo que en moitos casos que esa auga acabase descargada nas rías galegas, evidentemente coa consecuente diminución da salinidade das nosas augas. Son datos que están confirmados por estudos feitos polo Intecmar. Unha mortalidade que chegou a superar o oitenta por cento nalgúns bancos marisqueiros e nalgúns especies, segundo informes, neste caso, do Cima.

Estes datos, ademais, completáronse coa análise da zona territorial danada e o volume da poboación afectada, para o cal se tiveron en conta os datos cos que traballa tanto o Servizo de Análise e de Rexistros como a Plataforma tecnolóxica da pesca da Consellería do Mar. Un feito que podemos cualificar como catastrófico e que ten e vai ter serias consecuencias para a sustentabilidade dos bancos marisqueiros, dos que dependen —como non— moitas familias, cuxa subsistencia neste escenario de baixa produción e rendibilidade está ameazada.

Son efectos devastadores que provocaron unha diminución severa da produción e que incidiron na evolución negativa do prezo dos alimentos e na imposibilidade de poder garantir a seguridade alimentaria. As estimacións iniciais dos danos apuntan que en moitos casos se chegou a perder —como ben vostede comentou ou puido comentar en cifras máis globais—



practicamente o cen por cento da produción, cunha media moi superior ao oitenta por cento e cunha caída na facturación que se sitúa cerca do sesenta por cento con respecto ao mesmo período do ano pasado.

Neste complexo contexto está claro que resultaba, dun xeito extraordinario e urxente, adoptar medidas de apoio público que garantisen a sustentabilidade e a competitividade do noso sector. O primeiro que fixemos foi presentar diante do Goberno central a petición de declaración de zona afectada gravemente por unha situación de emerxencia nas rías. O obxectivo desta petición era alcanzar os maiores recursos posibles, o que permitía así cubrir a reparación de todos os danos nas producións mariñas e abrir portas ás axudas para as empresas e os traballadores.

Esa petición sae o mesmo día que esa orde que vostede comentou, estamos na metade de maio e non temos ningún tipo de resposta por parte do Goberno central. Houbo algunha declaración na que se dicía que non era catastrófico o que pasou neses meses de novembro e decembro. Así tamén o corroboraron as distintas manifestacións, incluso algunhas manifestacións que foron secundadas por membros da oposición, tanto dun grupo, do BNG, como doutro, do Partido Socialista. Entendo que esas manifestacións eran para facer ver que realmente había un problema grande e importante e que por iso estaban alí, dicindo que o que estaba pasando nas nosas rías era grave e tiña importancia e que, neste caso, o Goberno do Estado tamén botase unha man.

Falou do Goberno do Estado, porque o Goberno do Estado —como vostede ben sabe— ten un presuposto que supera os catrocentos oitenta mil millóns de euros e o presuposto da Xunta de Galicia é de trece millóns de euros. Ten 38 veces máis presuposto o Goberno do Estado que o Goberno da Xunta de Galicia. Obvio. Evidentemente, o que pediamos era un grao de area, un grao de axuda do Goberno do Estado, un Goberno do Estado do que forman parte o grupo do Partido Socialista e o outro grupo, Sumar, e ao que vostedes desde o BNG lle deron o seu apoio ao presidente do Goberno que hai agora mesmo na actualidade.

Entendiamos que entre a axuda dun grupo e doutro poderíamos conseguir tamén ese grao de area, ese grao de axuda que demandan os mariscadores e as mariscadoras e que o están demandando ata estes días. Incluso, aínda que fose só o feito de que non tivesen que pagar a Seguridade Social durante todos eses meses en que o pasaron tan mal. Berramos que o pasaron moi mal, estivemos aí, pero onde vostedes igual podían botar unha man ou convencer —non digo exixir, pero igual si, exixirlle como tamén vostedes nos exixen a nós— ao Goberno central que nos apoiase algo ou que axudase algo en Galicia. No día de hoxe, a mediados de maio, señora Rosana, non hai ningunha contestación nin hai un só euro do Goberno central —cando vostedes apoiaron ese Goberno central— para axudar os nosos mariscadores e as nosas mariscadoras. ¡Nin un só euro! (Aplausos.)

Nesta liña de traballo tamén elevamos ao Ministerio de Agricultura a petición para que se emitise unha decisión de execución que recoñecese a existencia dun acontecemento excepcional, cunha profunda perturbación dos mercados. Isto, o que nos ía permitir tamén era abrir o FEMPA ao financiamento das compensacións aos operadores do sector por lucro cesante ou outros custos adicionais. En paralelo, desde o primeiro momento tamén



traballamos cos técnicos, cos científicos e co sector na articulación dun plan de acción. Desde o mes de novembro xa nos estivemos reunindo con todo o sector. Foron distintas reunións nas que intentamos contribuír e buscar un camiño para recuperar a produtividade, a sustentabilidade e a rendibilidade dos nosos bancos marisqueiros. Unha colaboración nese marco de cogobernanza —que comentaba antes— coa que contribuír a definir un futuro máis próspero para o sector.

Asumimos con fondos propios, cos fondos propios que ten a Consellería do Mar, a concesión directa e o pago das axudas extraordinarias ás persoas que, tendo o permiso para realizar a actividade marisqueira, non obtivesen un nivel determinado de ingresos e precisasen deles para abordar os custos inherentes ao exercicio da actividade, especialmente no período de pluviosidade extraordinaria.

Configuramos tres liñas de axuda que totalizaron un total de quince millóns de euros. A primeira está dotada con catro millóns de euro —o importe que xa mencionou vostede—, do que ao final se gastaron eses dous millóns de euros; os outros dous millóns evidentemente están nas arcas da Xunta de Galicia. Na actualidade realizáronse máis de tres mil novecentas peticións que son tamén as que comentou vostede. A segunda das liñas habilitarase en breve cun importe próximo aos trescentos cincuenta mil euros. Unha axuda mínima de catro mil euros por cada unha das sesenta entidades asociativas representativas do sector contabilizadas, e a terceira pasa pola tramitación dunha orde que é a parada temporal con cargo ao FEMPA que permitirá destinar ese diñeiro que vostede comentou para os traballadores que cumpran os requisitos establecidos por este fondo. Estas axudas, xa comprometidas, forman parte dun plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo en Galicia para o período 2024/2025 que vai supoñer unha achega xeral de 123 millóns de euros a curto e medio prazo; 15 millóns en axudas con carácter de emerxencia, xa postas á disposición do sector; a curto prazo algo máis de catro millóns durante este seguinte semestre; e a medio prazo 104 millóns de euros para o segundo semestre do ano 2025 e tamén o primeiro semestre do ano 2026.

É o que estamos a facer, estamos traballando para intentar buscar unha solución, iso si, falando co sector, reuníndonos co sector e entendendo que, evidentemente, hai moitas cousas que facer, que o problema que hai nas nosas rías non é motivado por unha ou dúas cousas, senón que é un problema multifactorial. Trátase dun problema para o que tamén estamos intentando buscar unha solución xuntándonos e falando cos nosos biólogos, biólogos da Xunta de Galicia, biólogos que están á disposición das distintas confrarías para, entre todos, buscar unha solución que sexa tamén particular para cada unha das rías e para cada unha das confrarías. Iso é o que estamos establecendo e estámonos reunindo con todos eles e intentando facer o posible para que Galicia e o noso sector do mar teña moitísimo futuro e non eses dez anos.

Temos que traballar todos xuntos, e para iso estamos todos aquí —dicíao ao principio—, para que Galicia siga tendo ese valor no mar e ese valor do marisqueo e para axudar a nosa xente; para iso estamos. Non dubido de que están vostedes, pero tampouco dubiden de que estamos nós. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Alfonso, o problema é que vostedes non se ubican. A vostedes gañar as eleccións só lles serve para dicir ao día seguinte e ao ano seguinte e catro anos despois, que gañaron as eleccións. Pero é que gañar as eleccións significa, no seu caso, que están á fronte dun Goberno, e levan así quince anos, á fronte dun Goberno. Entón, non se pode vir agora dicir que «aquí estamos para traballar todos xuntos por Galicia» —que si que o estamos— pero que uns traballen, ou traballemos, e outros estean de espectadores e de comentaristas, como é o caso da Consellería do Mar. (*Aplausos.*)

Eu deille datos na miña primeira intervención dos últimos vinte anos e vostede —como sempre— ¿de que me vén falar? Do ocorrido no último ano, que, efectivamente, é unha catástrofe. ¡É unha auténtica catástrofe! Pero é unha catástrofe enriba da situación terrible e de abandono que xa sufría o sector marisqueiro no noso país por parte —lémbrollo, a ver se se ubica definitivamente— de quen ten as competencias exclusivas en marisqueo. Porque aquí non hai Bruxelas nin hai Madrid, as competencias exclusivas en marisqueo tenas vostede. (*Aplausos.*) Cando asuma isto, cando asuma que, ademais de gañar as eleccións, debe vostede gobernar e polo tanto debe atender os problemas do sector marisqueiro do país, cando vostede asuma isto, empezaremos a ter determinadas cousas claras que, de momento, non temos.

Non recoñecen en ningún momento... todo é problema da salinidade. Mire, eu faleille do sector marisqueiro, pero hai iniciativas do BNG, neste momento xa rexistradas, a respecto do sector mexilloeiro. O peor ano nos últimos anos de produción mexilloeira no conxunto das rías e, particularmente, na ría de Arousa. Xa lle falarei tamén, en solitario, do polbo, porque a salinidade, a perda de salinidade ou a baixa salinidade que, efectivamente, afecta na intermareal, ¿tamén lle afectou o mexillón no medio da ría? ¿Tamén lle afectou ao polbo no medio da ría? E dicimos nós: se só nun mes, no mes de decembro de 2023, entraron importados de Portugal máis de 2,2 millóns de quilos de ameixa, ¿resulta que só chove e só baixa a salinidade en Galiza? (*Aplausos.*)

Entón, señor conselleiro, a estas alturas, nós e o sector, sobre todo, non estamos para estas cousas —por non dicir outra palabra—. Vostede asuma, primeiro, que está no Goberno, que ten que tomar decisións, que ten que aprobar orzamentos e que ten que executalos, porque os deixa sen executar todos os anos. Vostedes véñense queixar aquí de que teñen poucos cartos. ¡Oia, pero se os poucos que teñen nin sequera son capaces de executalos! (*Aplausos.*)

Unha vez que teña asumido iso, asuma tamén para quen, para que intereses, ten que gobernar. Díxenllo antes, a Lei de acuicultura do ano 2015 tomboulla o sector do mar, pero vostedes séguena aplicando porque seguen eliminando, efectivamente, o principal obstáculo que teñen esas empresas amigas do Partido Popular para ocupar o mar das rías galegas. Para iso é para o que traballan vostedes.



Remato. A pregunta da primeira intervención foi clarísima: ¿ten vostede unha estratexia? Porque aquí leunos o rosario de axudas... que xa lle dixeran en que acaban as súas axudas. Voulle recordar outra: na covid puxeron vostedes en marcha no *DOG* —¡non nun periódico, no *DOG*!— axudas por 5.200.000 euros para o marisqueo, para paliar as consecuencias da pandemia. ¡Cinco millóns douscentos mil euros! ¿Sabe canto acabaron concedendo? Cento corenta e dous mil euros. É unha auténtica vergoña, é de incompetencia total. (*Aplausos.*)

Por certo, supoñemos que os cinco millóns de euros que lles sobraron daquela, mais os dous que lles sobraron desta e mais os tres que faltan desta convocatoria de hoxe a respecto do que anunciaron están nas arcas da Consellería, evidentemente, supoñémolo. Pero o problema é que non teñen que estar nas arcas da Consellería; o problema é que teñen que chegar a quen lles fai falta que lles cheguen, é dicir, aos mariscadores e ás mariscadoras do país.

Señor conselleiro, pregunta final. A pregunta de se ten vostede unha estratexia xa nos queda clara e non sei exactamente se botar as mans á cabeza ou que facer diante do que temos diante —valla a redundancia—. Vólvolle repetir: ¿vostede sabe o que votou aquí o Partido Popular o venres?, ¿sabe o que votou? Xa non llo vou volver ler, pero quero remarcarlo porque é fulcral neste tema... Claro, vostede di que «*las causas son multifactoriales*», claro que son multifactoriais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

Precisamente aquí aprobou o Partido Popular a iniciativa do Bloque a semana pasada de elaborar, de orzar e de executar un plan plurianual de medidas para comezar a rexeneración das rías galegas. Ata o de agora, seguen vostedes coa mesma política rutineira e cos mesmos parches de sempre que non dan resultado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación ten a palabra o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR: (Villares Bermúdez): Señora Pérez, a verdade é que eu antes na miña primeira intervención non dixeran nada nin falei nada de que gañamos as eleccións. Eu non o dixeran, díxoo vostede. É importante recordalo e entón agradézolle (*Aplausos.*) que o faga, porque andaba despistado eu e entón vostede aclaroumo e, evidentemente, é un dato importante.

Pero é que, ademais, cando vostede comentaba, tamén na primeira intervención, que non se pode andar durante dezaseis anos mirando que facer, porque levamos aquí máis de vinte anos —non sei cantos anos dixo vostede que levamos aquí— ... Non levamos aquí vinte anos porque nos dea a gana de estar aquí; levamos aquí os anos que levamos porque os galegos e as galegas deciden e decidiron que esteamos aquí nós. (*Aplausos.*) Entón, ese feito ten a importancia de que realmente os galegos, despois de escoitalos a vostedes durante moitas veces falar do marisqueo como doutros temas e de escoitarnos falar a nós, fannos máis caso



a nós que a vostedes. Esa é a claridade da democracia e agradézolle moito que vostede mo recordara agora nesta última intervención. Estamos nun camiño que é o que maioritariamente todos os galegos deciden que hai que tomar. O que estamos a facer, e así o entenden dun xeito sensato, facémolo ben.

Eu dicía que, evidentemente, hai que tender a man porque os problemas non se solucionan sós nin moito menos e hai que solucionarlos entre todos. Pero tampouco se trata de enterrar continuamente o noso marisqueo, de poñer o noso mar continuamente como se fose o peor dos mares que hai no planeta, cando non é así, de que cando falamos de augas contaminadas digamos que as nosas son as peores do planeta, cando non é así, porque a realidade é que temos as mellores augas que hoxe en día hai en todo o planeta. Porque o planeta estará como esta pero nós temos as mellores augas e temos os mellores mariscadores e mariscadoras, sen dúbida ningunha. *(Aplausos.)*

Falamos de que hai un problema e un problema non son dúas ou tres cousas, senón que son moitos problemas. Porque se falamos de dúas ou tres cousas e nos olvidamos dos outros problemas que, neste caso, poden afectar o sector, non estamos facendo unha diagnose correcta do problema. Por iso nós nos xuntamos e falamos coa xente —eu, evidentemente, fágoo desde que estou, como tamén o fixo antes a miña antecesora—; estamos falando co sector, escoitándoos, vendo realmente cal é a problemática e utilizando as armas, os instrumentos, que ten a Consellería do Mar, que ten a Xunta de Galicia. Neste caso, sobre todo, avalando moito e mirando moito a decisión e a opinión de todos os técnicos e de todos os biólogos que ten a Consellería do Mar, que temos moitísimos —que temos todos os galegos e a Consellería do Mar, quero dicir— ao servizo do marisqueo e ao servizo da pesca. Temos moitos científicos que continuamente están a dar opinión técnica de cales son os problemas para, deste xeito, poder abordalos. Ese é o camiño que estamos a tomar: cogobernanza, falar co sector, falar cos nosos técnicos e intentar, entre todos, mirar cal é ese camiño recto, o camiño que temos que tomar para, pouco a pouco, buscar esa axenda na que agora mesmo temos que traballar.

Evidentemente que o ano pasado houbo uns factores que foron diferenciadores, sen dúbida ningunha, e iso tampouco o podemos obviar. Neses factores diferenciadores... Como vostede tamén se xacta moito de que os cartos que temos nós non os gastamos todos, e dinos que os gastemos todos... Pero é que tamén eu lle fixen unha pregunta. Ao Goberno de Madrid vostede tamén lle podía intentar pedir que nos rascase algo deses quiñentos, case mil, quiñentos mil millóns de euros, que aporte algo para aquí. Porque, evidentemente, se non nos axuda algo —que dá a sensación de que non nos quere axudar, porque estamos no mes de maio e non nos quere axudar—, pois, evidentemente, é un problema grande. Cando vostedes están detrás dunha pancarta reivindicando, reivindicando e reivindicando e se olvidan de reivindicar a Madrid —co que levan reivindicado vostedes a Madrid— e soamente reivindican o presuposto pequeno dentro do que é o cómputo xeral do presuposto xeral do Estado, evidentemente, eu creo que a xente tamén se dá conta perfectamente, señora Rosana. Dáse conta do seu discurso e de que vostedes agora están moi mansos con Madrid e non exixen o que realmente deberían exixir. Madrid, nestes casos, cando realmente é un problema tan grande, tiña que axudarnos. Vostedes falaron durante todos estes meses, antes das eleccións e despois das eleccións, da catástrofe que sufriu o marisqueo nestes últimos



meses, berrárono detrás das pancartas, gritan e gritan, ¡pero grítannos a nós e non lle gritan a quen nos pode axudar! Ese é un problema moi grande e iso é algo que vostedes... (*Aplausos.*)

Eu digo, señora Rosana, que temos moito que traballar e o plan xa llo comentei, xa llo expliquei, está máis que aclarado. É un plan que estamos a facer co sector, ao que lle imos desenvolver 123 millóns de euros dos presupostos da Xunta de Galicia. Ímolo facer —repítollo— co sector e tamén con todos vostedes, pero, evidentemente, este é un problema que existe e que existiu nestes anos, sobre todo e basicamente, por un cambio climático ou polos problemas climáticos que houbo, pero igual hai máis circunstancias que as temos que estudar e imos traballar todos xuntos. Eu tamén me ofrezco a traballar da man con todos vostedes, señora Rosana, que aquí eu entendo perfectamente que todos temos a nosa opinión e —como dixeran ao principio, non me cansarei de dicilo— todos os aquí presentes estamos na defensa de Galicia, dos galegos, dos mariscadores e das mariscadoras, como aquí estamos a falar

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto sétimo da orde do día. Imos pasar a debater unha serie de preguntas que se van substanciar agora, aínda que non sexa pola orde que no seu día se lles pasou. Son alteracións da orde do día. En concreto, imos substanciar a 7.6, a 7.7, a 7.9, a 7.10 e a 7.2, respectivamente.

Pregunta de D^a Carmen María Pomar Tojo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Bo día a todos.

Bo día, señora conselleira.

Como quedou claro no debate substanciado onte nesta Cámara, pese ás promesas asumidas polo Goberno central de aplicar novas bonificacións para as peaxes da AP-9 e o establecemento de descontos na AP-53, os galegos seguimos sufrindo o incremento das tarifas destas dúas autoestradas estatais, o último deles o pasado 1 de xaneiro. Así, dende o inicio deste ano, a AP-9 e a AP-53 volven liderar o incremento tarifario de todo o Estado, xa que a súa media na autoestrada do Atlántico foi do 6,55 por cento e do 5,08 por cento na autoestrada central de Galicia, no traxecto que comunica con Lalín, a maior suba no que vai de século.

A maiores, recentemente, acabamos de coñecer que o Tribunal Supremo desestimou o recurso de casación interposto polo Ministerio de Transportes que pretendía cobrarlles aos galegos as facturas derivadas das subvencións da peaxe da AP-9, —autoestrada estatal—



en Rande e A Barcala. Polo tanto, Galicia segue sendo obxecto de agravio —ás veces consumado, ás veces en grao de tentativa— por parte do Executivo central, posto que ambas as infraestruturas viarias se manteñen entre as máis caras do Estado e mesmo de Europa. Ademais, pola súa situación estratéxica, seguirán a ser un lastre para as familias e para a competitividade das nosas empresas. E a isto hai que engadirlle a constatación de que a empresa concesionaria volverá rexistrar este ano un récord de beneficio.

Nembargantes, hai apenas tres días, o Goberno de Sánchez anunciou que prevé liberalizar a AP-7, en Alicante, que, por certo, conta cunha alternativa libre de peaxes. Esta liberalización terá un custo de 400 millóns de euros, é dicir, máis do que permitiría saldar a hipoteca con Audasa. Pero a Galicia e á AP-9 o Goberno central dille rotunda e reiteradamente «non». Galicia merece un trato xusto e equitativo por parte do Goberno de Pedro Sánchez, pero coa complicidade dos seus socios de investidura de goberno estalle a negar unha e outra vez ese trato xusto e equitativo. Non queremos ser en Galicia máis ca ninguén, pero non podemos tolerar ser menos ca ninguén.

Por outra banda, o Goberno renuncia a instar, cando menos, á revisión dos acordos coa concesionaria, pese aos pronunciamentos de diferentes organismos e institucións como o Consello Consultivo de Galicia ou a Comisión Galega da Competencia, que cuestionan eses pactos e alertan do seu carácter abusivo e contrario ao interese xeral dos galegos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes desta iniciativa formulan a seguinte pregunta neste pleno: ¿cal é a valoración do Goberno galego sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente.

Señor deputado, efectivamente, o Goberno central segue a ter unha enorme débeda con Galicia no que ás grandes infraestruturas do Estado se refire. Seguimos a sufrir un agravio comparativo con respecto a outros territorios e seguen sen cumprirse moitas promesas e compromisos asumidos polo Goberno central. E un dos máis grandes agravios que seguimos a sufrir represéntao o bloqueo na transferencia da AP-9. Levamos nada máis e nada menos que catorce anos reclamando a dita transferencia; unha reclamación amparada ano tras ano por este Parlamento, que aprobou recentemente e por cuarta vez unha proposición de lei para exixirlllo ao Goberno central. Unha lexítima demanda que choca non só coa negativa do Goberno de España, senón coa incongruencia do comportamento dos grupos parlamentarios do PSdeG e do Bloque Nacionalista, que apoian a medida en Galicia pero non así en Madrid. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE: Señor Bará e señor..., por favor, silencio.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): No caso do PSOE, porque minimizan esta solicitude e non exixen... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Señor Bará...!

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): ...que esa transferencia veña acompañada... *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non, señor Bará, non está vostede no uso da palabra. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non está vostede no uso da palabra! Se non, teño que o chamar á orde, xa sabe. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

Prosiga, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): No caso do Partido Socialista, porque minimizan esa solicitude e non exixen que esa transferencia veña acompañada de recursos económicos precisos tanto para a execución das obras pendentes como para o mantemento das bonificacións. E no caso do Bloque Nacionalista Galego, porque non exixiu a dita transferencia cando se converteron novamente en socios do Goberno de Pedro Sánchez.

Señorías, quero aproveitar esta comparecencia para reiterar o noso compromiso. Non cederemos no empeño de acadar unha AP-9 galega. E seguiremos exixindo que se cumpran os compromisos asumidos polo PSdeG e polo Bloque Nacionalista Galego, que se comprometeron nas recentes eleccións autonómicas a implantar a gratuidade da AP-53 e da AP-9. Pero, lonxe de cumprir esta promesa, a realidade é que o Goberno central volve subir as peaxes. Efectivamente, AP-9, máis dun 6,5 por cento e a AP-53 incrementa un 5 por cento; unha suba que se traduce non só en que as autoestradas galegas sexan as máis caras de España, senón en que está a lastrar a competitividade da nosa comunidade autónoma.

Lembro que dende a Xunta este ano volvemos conxelar as peaxes das dúas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo e Vigo-Baiona, que seguen a ser as máis baratas de España. Señoría, non agardamos moito do Goberno de Pedro Sánchez, pero si o cumprimento da palabra dada aos galegos e ás galegas. Seguiremos demandando equidade, seguiremos demandando transparencia na xestión da AP-9, porque os galegos non temos por que pagar dos nosos petos as peaxes en sombra ou sufrir a falta de execución de obras necesarias para o bo funcionamento desta infraestrutura. Merecemos un trato xusto, merecemos un trato equitativo do Goberno central, que nos está a negar; igual que nos nega, efectivamente, a información que lle foi remitida á Comisión Europea tras a apertura do expediente... *(A señora Martínez Allegue pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Ten outro turno despois. Grazas.

Para a réplica, o señor Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora conselleira, pola súa contestación e grazas tamén por reiterar unha vez máis o compromiso do Goberno da Xunta de defender a transferencia da AP-9 a Galicia.

Señorías do BNG, vostedes xa debateron onte e tiveron catro anos de compromiso co Goberno de Sánchez para demostrar se verdadeiramente estaban pola transferencia ou non. Entendo que agora, claro, protesten.

Queremos unha AP-9 galega, porque, en esencia, xa o é, xa que vertebra o territorio no que reside o sesenta por cento da poboación galega e porque permitirá unha xestión máis eficiente e adaptada ás necesidades de Galicia; unha AP-9 máis xusta, máis sensible cos intereses dos galegos, na que as peaxes non suban, como ocorreu co Goberno de Sánchez, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, todos estes anos, a diferenza do que acontece coas autoestradas da Xunta, nas que o Goberno de Rueda acaba de conxelar por segundo ano consecutivo as peaxes. Unha transferencia, iso si, que debe vir acompañada de todos os fondos necesarios para executar as obras pendentes e para o mantemento das bonificacións vixentes, e tamén dos recursos para asumir calquera consecuencia económica derivada das decisións ou situacións que non sexan responsabilidade de Galicia e que poidan afectar as concesións, como é a posible anulación por Europa da vixente prórroga, que, por suposto, non teñen que pagar os galegos.

A transferencia da AP-9 a Galicia xa foi un dos compromisos do primeiro pacto de investidura entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista; no segundo, desapareceu. Polo que a pregunta é clara: ¿que farán socialistas e nacionalistas en Madrid? ¿Votará o PSOE a favor da solicitude da transferencia da AP-9 que hai catro meses e por cuarta vez se aprobou unanimemente nesta Cámara? ¿Retíralle o BNG o seu apoio, de non ser así?

Tras escoitala, señora conselleira, queda claro que o Goberno da Xunta si fará todo o posible para que esta transferencia se materialice. Queremos a transferencia da titularidade, o traspaso dos servizos e os medios materiais e humanos e orzamentarios necesarios.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Estamos seguros de que... *(O señor Rodríguez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.



A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor deputado, efectivamente, non dubide de que dende o Goberno galego seguiremos demandando un trato xusto co noso territorio e de que seguiremos exixindo coherencia da postura adoptada nesta Cámara.

O Goberno central está, efectivamente, a coartar o desenvolvemento das infraestruturas galegas dando a calada por resposta tamén ao compromiso de gratuidade das peaxes da AP-9 e da AP-53, declarado polo Partido Socialista e polo Bloque nas campañas das eleccións autonómicas. Non satisfeitos con iso, tampouco cumpren coas promesas electoralistas de novas bonificacións e seguen prorrogando a transferencia da AP-9 a Galicia, bloqueando todas as iniciativas que se fan para ese grupo de traballo da ponencia que debe debater o dito traspaso.

Aproveito tamén para lembrarlle ao Partido Socialista que as subas extraordinarias das peaxes foron declaradas por organismos independentes nulas de pleno dereito e posibles axudas de Estado. Está, por tanto, sobradamente acreditado que o Goberno vela máis polos intereses da concesionaria que polos dos galegos. O acordo que o Goberno central mantén con Audasa está a supor un enriquecemento para a concesionaria, que pon en perigo a situación das nosas familias e lastra a competitividade da comunidade; unha situación que o Bloque Nacionalista Galego denuncia en Galicia, pero cala en Madrid. Estaremos encantados de que sumen alí esforzos a prol da cidadanía galega e non estean como meras comparsas do Goberno de Pedro Sánchez. Un goberno —este, o de Pedro Sánchez— que nin contestou nin se pronunciou sobre as reiteradas peticións realizadas dende a Xunta para a convocatoria da comisión conxunta; un goberno que incrementa o custo das peaxes cando está facendo todo o contrario no resto de España, anulándoas ou rebaixándoas; un goberno que desatende o mantemento desta infraestrutura, vital para os galegos, que presenta importantes deficiencias, e ao que temos que sumar unha longa lista de promesas incumpridas, sobrecustos e requirimentos polo pago das peaxes en sombra Vigo-O Morrazo e A Coruña- A Barcala. Como ben falou vostede, no pasado mes de marzo, o Tribunal Supremo acaba de desestimar o recurso de casación interposto polo Ministerio polo que pretendía cobrarlle á Xunta as facturas pola subvención da AP-9 Rande-A Barcala; un fallo que é firme e que exime a Xunta de pagar a bonificación das peaxes desta autoestrada estatal. A xustiza falou de novo e novamente dálle a razón á Xunta. Todas as sentenzas de todos os recursos resoltos ata o de agora interpostos polo Ministerio e pola concesionaria danlle a razón á Xunta.

Lamentablemente, o posicionamento do Ministerio de Transportes é que os galegos paguen o que non teñen que pagar. Como tampouco imos seguir soportando que se ignore polo Goberno central o Ditame do Consello de Estado, que recolle claramente que as compensacións de Audasa polas bonificacións de Rande e A Barcala son un recoñecemento inxusto para a concesionaria.

Teña por seguro, señoría, que defenderemos e seguiremos a defender os intereses lexítimos dos galegos... (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.



Pregunta de D. Óscar Insua Lema, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa construción do treito da autovía da Costa da Morte entre Salto (Zas) e Berdoias

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra don Óscar Insua, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor ÍNSUA LEMA: Grazas, señor presidente.

Señorías, señora conselleira, bos días.

Queixábase onte o seu colega de Cultura de non concederlle os cen días de graza. Non sei se vostede vai pensar o mesmo, aínda que xa dixo que coñecía a casa perfectamente. Pero, bueno, se é así, síntoo, porque eu quero que comprenda que na Costa da Morte levamos exactamente 7.782 días de desgraza, aturando as políticas de incumprimentos do Partido Popular; (*Aplausos.*) vinte e un anos que van desde a aprobación do Plan Galiza polo Consello de Ministros na Coruña, polo expresidente, o señor Aznar. Por iso seguimos indignados e non concedemos nin días de graza nin de desgraza polo ninguneo e desprezo permanente da Xunta de Galiza coa Costa da Morte.

Ademais, tampouco terían ningún problema porque vostedes se gaban de que eran os únicos que tiñan os orzamentos aprobados antes das eleccións e, entón, bueno, dicían que Galiza ía rodando. Pois xa van cinco meses deste ano, do ano 2024, e aínda na Plataforma de contratos públicos de Galiza non aparece a licitación da autovía da Costa da Morte, a pesar de que si teñen orzados 2 millóns de euros. Espero que neste caso non se cumpra ese refrán de que «outra virá que boa te fará», que cumpra realmente os compromisos adquiridos hai vinte e un anos e que sexa máis efectiva que a súa antecesora, que, bueno, disque era veciña da bisbarra, pero pouco tirou para a casa, porque chegou a dicir incluso que teríamos a autovía cando o aconsellase un aumento de tráfico.

O PP aprobou o Plan Move. Non sei se sabe vostede de que lle estou a falar. Un plan que vostedes mesmos incumpriron e seguen incumprindo, onde aparecían e programaban os 42 quilómetros da autovía da Costa da Morte, de Carballo a Berdoias; e outros tres treitos, o de Berdoias a Cee, o de Cee a Sardiñeiro e tamén o treito que tiña que ir ata o porto de Brens. Pois ben, tan só fixeron, do tramo a Sardiñeiro, 27 quilómetros de autovía, perdoando e favorecendo a empresa adxudicataria e prexudicando novamente a comarca. Por certo, a estas obras tamén habería que engadirilles ese treito de conexión co polígono de Vimianzo, que xa estaba inaugurado antes de que vostedes aprobasen o Plan Move.

Non sei se xa a informaron no Gabinete da conselleira de que tiñan 3,43 millóns de euros para o ano 2022 e prevían tamén para eses 6 millóns, que ían meter 8 millóns e outros 8 millóns. Pero a realidade é que soamente teñen orzados 2 millóns de euros para este ano. E, polo de pronto, non solicitou ningún quilómetro.

Entón, señora conselleira, díganos a verdade. Fale para todos os habitantes da Costa da Morte, tamén para os que os votaron a vostedes, e díganos cantos quilómetros vai licitar



este ano 2024 con 2 millóns de euros e cando van comezar as obras. Isto é moi fácil, porque son números e son datas finitas que se poden contar nesta Galiza...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor ÍNSUA LEMA: ...que vostedes din que vai ben. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente, señor deputado, en primeiro lugar, permítame rapidamente comezar lembrando que un dos obxectivos estratéxicos desta consellería para esta lexislatura é traballar por unha Galicia máis conectada e máis sostible. Este é un obxectivo que estamos a materializar paralelamente con medidas sociais, como é a conxelación das peaxes nas nosas autoestradas autonómicas —destinamos 5,5 millóns de euros para bonificar e conxelar os tramos Coruña-Carballo e Vigo-Baiona— ou a gratuidade do transporte público para menores de 21 e maiores de 65. Neste grande obxectivo enmárcanse investimentos destinados a seguir a vertebrar o noso territorio coa incorporación progresiva de novos quilómetros nas vías de altas prestacións e investimentos para o mantemento da rede actual de estradas. No primeiro caso, o investimento orzado este ano é de corenta millóns de euros para as vías de altas prestacións, como a da Costa da Morte ou para as melloras de variantes, e de 53 millóns de euros para a seguridade e a conservación viaria.

Estes son os datos, señoría, e por iso non é certo que a Costa da Morte estea sendo discriminada. A realidade é —como vostede dixo— que estamos a falar dunha infraestrutura de gran complexidade e da que executamos a meirande parte do trazado inicialmente previsto. En 2011, efectivamente, puxemos en marcha a variante de Sardiñeiro, en 2016 a AG-55 Coruña-Carballo e, tamén nesa data, Carballo-Baio, a denominada variante de Baio ata Santa Irene.

Tal e como informou, efectivamente, a miña antecesora nesta Cámara o pasado ano, os seguintes tramos ímolos realizar por fases. Para a prolongación de Santa Irene ata a AC-432 temos xa o proxecto redactado e sometido a información pública. Ten unha lonxitude escasa de seis quilómetros, pero supón tres enlaces, tres viadutos, seis pasos superiores, tres pasos inferiores e seis obras de drenaxe. Os terreos, efectivamente, xa foron expropiados e, actualmente, o movemento de terras está xa ao corenta por cento. E si, para este ano temos consignado un orzamento de 2 millóns de euros, pero tamén temos outros 40 millóns de euros ata o remate da lexislatura.

Porque, señoría, o compromiso deste Goberno é a vertebración do noso territorio. Era precisa unha vía de alta capacidade na Costa da Morte e fixémosla. E niso seguimos a traballar. E iso —recórdoo—, a pesar dos atrancos que tivemos polo camiño, porque esta obra —lémbrolle— fora licitada falidamente na época do Bipartito e foi o Goberno do Partido Popular o que tivo que vir executala. Porque, señoría, esta é a nosa política; é unha política de feitos, de xestión



eficiente dos nosos recursos públicos. Por iso reservamos preto deses corenta millóns de euros que lle comentei en investimentos para seguir a suma destes quilómetros na vía de alta capacidade sen peaxe, como a de Tui-A Guarda ou a da Costa Norte, para converter en autovía o corredor Nabela-Sarria e o de Brión-Noia ou para continuar coa autovía á Estrada.

Somos conscientes, señoría, da mellora das infraestruturas que redunda no desenvolvemento socioeconómico da nosa Galicia. Por iso temos uns orzamentos realistas e que cumprimos. Xa nos gustaría que fose así tamén coas promesas do Goberno central, que vostedes apoian e que xa deu sobradas mostras do incumprimento reiterado coa promesa que lles fixera aos galegos, tanto na autovía da Mariña como na negativa á reforma integral da nacional 541 e, agora, na negativa á autovía entre o Carballiño e Pontevedra.

Nós, señoría, non somos como o Goberno central...*(A señora Martínez Allegue pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

Réplica, señor Insua.

O señor ÍNSUA LEMA: Grazas, presidente.

Na información pública xa dixeron o ano pasado que estaba ese tramo de seis quilómetros. A pregunta era moi clara: ¿vano facer este ano 2024? ¿Van sacar a licitación? Porque vostede non está respondendo; vostede non quere dicirlles aos veciños e ás veciñas da Costa da Morte que o PP os enganou de novo prometéndolles, por enésima vez, que ían executar ese tramo. *(Aplausos.)* Seguen sen facelo, despois das eleccións.

Desculpe que non poida confiar realmente en vostedes, porque vostedes sempre poñen excusas. ¡Sempre, sempre! Antes era a crise económica, despois a pandemia, despois Ucraína... Entón, realmente nós non podemos crelos. A exconselleira dixera que había que esperar a que aumentase o tráfico na Costa da Morte. ¿Pero como vai aumentar o tráfico na Costa da Morte se non facemos máis que perder poboación por culpa das políticas do Partido Popular? *(Aplausos.)* ¡Perdemos poboación! Non sei se saben que hai concellos, como Fisterra ou Vimianzo, que no CERA xa teñen tantos habitantes como a metade dos que están empadroados. Nos últimos 36 anos a nosa comarca, a de Fisterra e Soneira, perdeu 20.700 habitantes, tantos como hai xente hoxe en Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría e Fisterra. Quedamos sen o 31 por cento da nosa poboación e levamos 21 anos esperando por unhas vías de comunicación que non dan chegado e que as precisamos como auga de maio.

A min faciame graza escoitar onte a señora deputada Pomar, que se gababa de ter o mellor plan de axudas para mozos e mozas para sacar o carné de conducir. Señores do PP, para conducir, ¿onde? ¿En Delémont?, ¿en Vaduz?, ¿en Xenebra?, ¿en Basilea? ¡Son vostedes unha fábrica de emigrantes! *(Aplausos.)*



Póñase as pilas, señora conselleira, rematen as autovías comprometidas coa Costa da Morte dunha vez e axuden a desenvolver economicamente a nosa zona. E responda a pregunta: ¿Este ano vaise licitar...? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Señor presidente, señor deputado.

Reitero, señor deputado, a vertebración do territorio é un dos piares fundamentais desta consellería e unha das preocupacións deste Goberno. Demostrámolo sobradamente coas actuacións que estamos a facer na conservación e no mantemento das nosas infraestruturas e demostrámolo apostando pola execución de novos eixes de comunicación.

Cando vostedes formaban parte do Bipartito deixaron moitos anuncios e poucos feitos, e tamén moitas débedas que lastraron e seguen a lastrar o desenvolvemento de Galicia. Estamos a pagar máis de cincuenta e cinco millóns de euros ao ano —e subindo— para cubrir a amortización das concesións da peaxe en sombra que nos deixaron en herdanza. Por non falar das infraestruturas que vostedes contrataron pero que deixaron a deber e que tivemos que amortizar nos peores anos da crise económica. Esta é unha herdanza envelenada que agora están querendo facer esquecer demandando a gratuidade das peaxes da AP-9 ou o traspaso desta infraestrutura vital para os galegos. Mágoa de cartos que nos servirían, por exemplo, para avanzar máis rapidamente nesta autovía da Costa da Morte, que agora nos urxen rematar e dar prazos e datas de remate.

Pero, como antes lle expliquei, esta consellería e este Goberno planifican e abordan de xeito serio e responsable as necesidades en materia de infraestruturas. Por iso lle recordo que dende 2009 sumamos 220 quilómetros de novas vías de altas prestacións libres de peaxe, o que supón un incremento dun setenta por cento ou un investimento de 1.990 millóns de euros. Isto tamén nos permite avanzar na vertebración do noso territorio, de xeito que o 85 por cento dos galegos vive a menos de quince minutos dunha das vías de altas prestacións. Non fale de emigración.

E xa remato. Volvendo á autovía da Costa da Morte, quero lembrarlle a importante mellora que supuxo, efectivamente, a súa posta en marcha. Contribuíu á dinamización socioeconómica deste territorio, un aspecto co que coido que estamos todos de acordo, incluíndo o Concello de Vimianzo que, durante un tempo, é certo, ralentizou os avances que fomos facendo, como o enlace ao polígono industrial de Vimianzo, que debería executar o Estado e que, tal e como se aprobou neste Parlamento, se instou o Concello a reclamarlle a construción deste ramal ao titular do polígono —que é o Estado—. Pero seguimos agardando.

En fin, señoría, tan importante é demandar infraestruturas como ser coherente coas necesidades de cada momento e non descoidar o mantemento —tamén é certo— das nosas



estradas. Reservamos 53 millóns dos orzamentos deste exercicio —un oito por cento máis— para manter as vías en perfectas condicións e reforzar a seguridade dos usuarios. Este é un investimento que posibilita continuar cos programas de reforzo de firme; de conservación ordinaria das nosas estradas e de viabilidade invernal; de control das pontes, das obras de paso, dos muros e dos noiros; e, por suposto, tamén seguir coa estratexia para a eliminación dos TCA —tramos de concentración de accidentes—.

Moitísimas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de don Julio Abalde, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor presidente.

Bos días, conselleiro.

Despois do debate da iniciativa anterior intentarei ser un pouco orixinal e non caer no mesmo debate. Espero que o conselleiro tamén sexa orixinal e utilice argumentos diferentes.

Creo que un dos problemas importantes dos que estamos discutindo aquí é centrarnos única e exclusivamente na situación vinculada a un episodio moi concreto, que foron as altas chuvias no mes de outubro e novembro. Creo que considerar que ese é un episodio extraordinario e puntual é un erro importante de cara á resolución do problema do marisqueo en Galicia.

Creo, conselleiro, que temos que asumir que este non é un problema extraordinario; non é un problema puntual, senón que vai ser un problema sistémico vinculado, fundamentalmente, ao efecto do cambio climático, que trae como consecuencias incrementos de períodos altos de chuvias. Pero o cambio climático tamén trae como consecuencia o incremento da temperatura das augas das nosas rías e o cambio das correntes, que está xerando unha modificación dos nutrientes que están chegando ás nosas rías e, polo tanto, está xerando un cambio biolóxico natural, que, ademais de ser unha consecuencia do cambio climático, é tamén consecuencia da acción antropoxénica. Polo tanto, creo que é necesario, inicialmente, facer un estudo, un diagnóstico importante, tal e como decidimos o outro día todos os grupos parlamentarios na Comisión de Marisqueo e Pesca. Polo tanto, é necesario facer un estudo rigoroso para saber as causas e para que no momento en que saibamos as causas poidamos aplicar as solucións.

Polo tanto, creo que a Consellería do Mar ten as competencias exclusivas sobre o noso marisqueo e, polo tanto, ten que poñerse as pilas, ten que empezar a traballar, ten que



empezar a executar esas competencias desenvolvendo un programa rigoroso —repito— de causas —como dicía moi ben o conselleiro— que son multifactoriais, de causas que están producindo esta redución significativa da produtividade dos nosos bancos. Ademais, hai que saber como é esa baixada de produtividade, porque o que se está producindo en moitos casos non só é que desapareza o número de individuos, senón que non chegan a ser do tamaño adecuado para poder ser comercializados.

Polo tanto, eu pediríalle ao conselleiro que tome as rendas deste problema; que estableza un estudo utilizando todos os recursos que se teñen en Galicia, non só os biólogos da Xunta de Galicia, senón tamén os grupos de investigación que hai nas universidades e nos centros de investigación tanto da Xunta de Galicia como os estatais, para que se poñan a traballar na busca desas causas.

Ante isto, si que vou ler as preguntas que tiña aquí escritas. Ante isto e ante esta situación, o que lle solicitamos ao conselleiro é que faga unha valoración. ¿Que valoración fai o Goberno de Galicia das causas desta caída da produción, xa recoñecida, e dos peches, cada vez máis frecuentes, dos bancos marisqueiros? ¿Que paquetes de medidas ten previsto implantar para facer sostible o sector marisqueiro de Galicia? ¿Ten previsto o Goberno de Galicia abrir unha liña estable de compensacións para todo o sector marisqueiro afectado polo... *(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías.

Señor Abalde, moi bos días e benvido tamén a este Parlamento para falar dun tema que nos preocupa, como é, neste caso, o marisqueo. Ademais, comentaba nun dos últimos comentarios que fixo que non só tivéssemos en conta os científicos e os biólogos da Consellería do Mar, que son moitos —eu creo que, afortunadamente, Galicia ten a sorte de que temos moitos técnicos que están a traballar para o sector, neste caso, do mar, e axudalo—, senón que tamén mirásemos que nos axudasen as universidades. Vostede ben sabe que é así, porque ademais vostede e mais eu coincidimos nun acto onde desde a Consellería do Mar se colaboraba, neste caso, coa Universidade da Coruña, coa Universidade de Santiago e coa Universidade de Vigo.

Eu creo que esa é unha forma de traballar, que é un referente que estamos a ter nós desde a Consellería e —eu creo— iso é o fundamental. Hai que falar co sector, hai que falar cos propios técnicos que temos na Administración autonómica e tamén coas universidades, das cales me xacto de que desde a Consellería se fai un traballo continuo con elas porque entendemos que ten que ser así. *(Aplausos.)*

Ás veces é complicado ser orixinal cando se quere solucionar un tema ou falar dun tema porque, ás veces, as solucións non é que sexan simples, nin moito menos —¿eh?—; non hai solucións simples, pero unha vez feito un diagnóstico —eu creo—, ao final, hai que ir por un



camiño, por dous, por tres ou polo que nos marque moito máis. Ás veces a orixinalidade pode vir, igual, no relato que poidamos ter neste caso, tanto vostede coma eu, pero —cremos— o camiño está establecido. Eu penso que é así.

Estamos —como dixen anteriormente— a falar co sector, estamos a ter distintas reunións con todos os representantes dos mariscadores e das mariscadoras —desde que tomei parte nesta consellería, evidentemente— para escoitalos, para ver cal é a problemática e as distintas cuestións que nos plantexan. Ao mesmo tempo, nós estamos a ter reunións cos nosos técnicos, nas cales estivemos profundando nestas últimas semanas, para así plantexarlles unha solución ou uns diagnósticos en cada zona porque a problemática que houbo nas nosas rías non se pode dicir que fose uniforme para todas elas, para todas as confrarías —nin moito menos—, é dicir, é moi particular para todas elas. Nalgúns casos houbo boas producións, pero en moitos casos non foi así; por iso entendemos que as solucións teñen que ser moi particulares.

E así estamos a traballar; estamos a traballar co sector, estamos a traballar cos nosos centros de investigación para, particularmente, buscar formas e solucións a establecer nas distintas confrarías e nas distintas zonas de marisqueo. E, ¿a partir de que? A partir dun plan, dunha estratexia que xa plantexei e xa definín no apartado anterior, é dicir, na interpelación anterior.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Antes do turno de réplica, saudamos os alumnos de terceiro de ESO do centro Illa de San Simón, en Redondela. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, a réplica do señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Ben, quero saudar os da Illa de San Simón; máis mariñeira que a Illa de San Simón non pode haber na ría de Vigo.

Ben, conselleiro, o tema é que ese traballo ten que ser sistemático, non pode ser con base a determinados convenios puntuais que se fagan. E, despois, as solucións que van aparecer van ser solucións a medio e a longo prazo. O sector está aquí e ao sector hai que buscarlle axudas; hai que permitir que o sector poida sobrevivir nesas situacións que poden ser complicadas e complexas.

E por iso é necesario que se inicien xa e se vinculen, nalgúns casos, determinadas axudas que se poden facer ao sector, labores de mantemento, de recuperación, de resiembra dos bancos marisqueiros actuais, porque o sector ten que seguir funcionando. Para os milleiros de persoas que traballan —fundamentalmente é un sector moi importante de mulleres—, e que son importantísimas para as zonas costeiras —e non só das rías, senón tamén na Costa da Morte e noutras zonas—, ten que buscarse a solución para que ese sector poida ser viable e poida seguir economicamente funcionando. A xente do sector non quere vivir de



subvencións: a xente do sector o que quere é traballar; quere que se rexeneren os bancos; quere que se traballe en facer unha xestión dos bancos marisqueiros que permita que sexan produtivos para que, polo tanto, ese sector poida traballar.

Polo tanto, eu creo que hai que facer un plan que sexa absolutamente integral; un plan estratéxico de todo o sector que vincule, desde un punto de vista da produción actual, o mantemento do sector actual e tamén solucións a medio e a longo prazo. ¿Para que? Para facer sostible no tempo este sector. Este sector é moi importante para Galicia —como vostede dicía—; é moi importante para determinadas zonas de Galicia; e tamén forma parte de Galicia Calidade, é dicir, do que nós queremos representar como comunidade autónoma.

Polo tanto —creo—, é o momento de que a Consellería se poña as pilas, comece a traballar, presente un plan estratéxico ben planificado sobre todas as medidas que vai tomar, e non só cun investimento a tres ou a catro anos, senón cuns investimentos a moi longo prazo.

Polo tanto, iso é o que pedimos que fagan na Consellería do Mar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Ben, evidentemente que, cando falamos dun proxecto e vostede di que ten que ser sistemático, claro que si; evidentemente temos un plan e, a partir dese plan, as distintas raíces, as distintas pólas sobre as cales teremos que versar o noso traballo haberá que falalas co sector e haberá que falalas tamén cos nosos técnicos. Iso é o que estamos a dicir.

Pero tampouco creo que sexa xusto que vostede, representando, neste caso, o seu partido, me comente e diga que se inicien xa, que as solucións que plantexamos sexan a medio e longo prazo. ¡Claro que si!, quen nos dera que da noite para a mañá se puidesen solucionar os problemas do marisqueo, e que, evidentemente, as especies que non nacían, que crezan, e que crezan rápido. Eses son milagres que son complicados de levar adiante; teñen que ser a medio e longo prazo.

Por iso nós, no mes de decembro, establecemos e pedimos ao Goberno central que, ante a situación que estaba a ocorrer nas nosas rías —e que vostedes plantexan e escenifican continuamente, porque precisamente a pregunta que vostede fixo hoxe, fíxoa porque ve un problema—... resulta que ese problema non o ven no Goberno central porque, se o visen no Goberno central, non estaríamos no mes de maio sen ter unha resposta —unha simple resposta— a unha axuda dun só euro que o Goberno central puidese plantexar, neste caso, aos mariscadores e mariscadoras. Xa non é soamente un euro de axuda, senón o feito de non aceptar que é zona catastrófica; iso é o que está a dicir o Goberno central. Para o Goberno central —e iso que o escoiten os mariscadores e mariscadoras, é duro de escoitar—, o problema que pasou o ano pasado non é un problema de emerxencia nin de catástrofe porque somos uns esaxerados nós e os mariscadores; esa é a resposta que nos está dando co seu silencio o Goberno central.



Por iso —eu digo—, o Goberno central tamén ten que botar unha man, sobre todo cando falamos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación —que vostede sabe— cuxo presuposto é de cerca de nove mil millóns de euros, moi cerca case do presuposto da Xunta de Galicia, que andamos nos trece mil millóns de euros. Nove mil millóns de euros, e pedimos esa axuda mínima para tamén poder despois mobilizar nós fondos FEMP para fondos europeos que temos á disposición. Pero esa axuda non chega, e iso é o que realmente nós botamos en falta por moitas competencias que teñamos. Podemos ter a competencia, pero se os cartos que temos son moitos menos dos cales nos pode aportar o Goberno central, ¿de que nos vale esa competencia? Eu creo que, nese sentido, vostedes farían un gran favor ao sector, farían un gran favor a todos os mariscadores e as mariscadoras, se convencesen ao Goberno central de que axudase minimamente en algo, aínda que fose tan sequera eximindo do pagamento da Seguridade Social aos mariscadores e ás mariscadoras, porque as axudas que nós demos, desde o Goberno galego, ¿sabe para que foron, señor Abalde? Esas axudas foron para que pequenas contías que demos desde o Goberno galego houbese que pagalas para que recadasen a Seguridade Social e o Goberno central. Do Goberno galego pasaron os cartos aos mariscadores e de aí...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...a vostedes, ao Goberno central, que os recadou. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, conselleiro.

Pregunta de dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, nós non lle pedimos orixinalidade; nós con que tomen medidas, plasmen orzamentos e os executen —con iso—, chéganos ben.

Mire, na ría de Arousa hai confrarías en ERTE e centos de mariscadores en inactividade. A Pobra, Rianxo, Cabo de Cruz, Aguiño, Cambados, Vilanova, Carril, A Illa, entre outras. Seguro que me queda algunha. Na ría de Vigo, en Arcade, están en paro forzoso dende novembro. Hai cen por cento de mortalidade de ameixa. En Redondela, seguen sen traballo e sen axudas. En Vilaboa, levan máis de sete anos pedindo axudas por perda brutal de ameixa e de berberecho. Na ría de Muros e Noia hai unha perda practicamente total, un arrasamento total no berberecho e practicamente na ameixa; hai ERTE nas confrarías e paro dende



outubro. Na ría de Pontevedra, levan sen marisco dende decembro e están en cesamento de actividade ata xuño. A ría de Ferrol leva décadas—décadas— sendo o paradigma máis claro do declive absoluto do sector e tamén leva décadas sendo o paradigma da incompetencia (*Aplausos.*) e da inactividade da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) A ría de Cedeira, onde se asenta unha das dúas únicas reservas mariñas que temos en todo o país, está —toda a ría— en zona C, con verteduras por todos os lados, e a Xunta de Galiza o único que se lle ocorre é dicirlles aos concellos que se zafen. Baldaio, Costa da Morte, Corcubión están con redución de días de traballos. En Camariñas levan anos sen recursos, co berberecho desaparecido e, cada vez, con menos mariscadoras, tanto a pé como a flote.

Señor conselleiro, en todas as partes. Quero que me responda á pregunta que lle fixen antes e que non respondeu. ¿Como vai atender a Consellería do Mar ao que propuxo o Bloque Nacionalista Galego, cando menos en catro ocasións, e ao cal vostedes acabaron votando favorablemente a semana pasada? ¿Como vai atender ás axudas directas para os afectados dende outubro ata que se recupere a actividade, señor conselleiro?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Resposta do conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señora Pérez, ¿como imos responder? Sós, imos responder sós. A Autonomía, a Xunta de Galicia, imos responder sós. (*Aplausos.*)

Imos responder como poidamos con eses presupostos, con esas cifras que mencionei antes. Un pouco para darse conta do que estamos a falar entre todos, cando falan de competencias exclusivas, pero esas competencias teñen que ir provistas de cartos. E cando falo dos presupostos xerais do Estado, tanto do Ministerio como dos xerais do Estado, cada un dáse perfectamente conta comparativamente das cifras, do diñeiro que ten cada un e do que pode axudar cada un.

E por iso, ¿como imos facelo? Sós. Farémolo sós, porque vostedes, detrás desa pancarta, onde andaron tanto uns como outros durante estes meses, dicíndolle á xente e poñéndolle á xente mal sangue, que —non digo que non— xa o estaba pasando mal, porque evidentemente a situación non é boa, e eu estou dicindo —e díxeno mil veces— que non é boa; cando a xente o pasa mal, se aínda encima a hostigamos para dicir que a cousa é peor —¡claro!—, poñéndolle mal sangue á xente. Pero, ¡iso si!, mal sangue, pero nin un só euro de axuda do Goberno central —que uns gobernan e outros apoian—. (*Aplausos.*) ¡Bandeiras moitas, euros ningún! —¿eh?—. ¡Iso desde logo que non!

Cando falamos das solucións —as solucións, desde logo— e da problemática, esta é diversa e hai que estudala e estámolo facendo; imos estudala co sector. Non me quero repetir máis porque realmente entendemos que esa é a solución.

Cando falou de zonas C, cando falou de verteduras, ten que darse conta de que —e comentábo tamén antes— nós temos as mellores augas e os mellores mares de todo o



planeta; e témolo que dicir e non temos que continuamente dicir o contrario. Ademais, na xestión dos concellos están compañeiros seus, compañeiros do PSOE e compañeiros do PP; hai alcaldes e alcaldesas de todas as cores xestionando os saneamentos. E cada un o fai ou o facemos como podemos e ben sabemos. E eu son dos que o digo: os galegos somos a mellor terra e somos os que mellor xestionamos o noso territorio, sexan uns ou sexan outros, pero non continuemos, día si e día tamén, falando mal da nosa terra e do noso sector porque, ao final, dá a sensación de que estamos no peor sitio do mundo, cando eu son dos que digo que quen lle dese a calquera cidadán do planeta vivir en Galicia e vivir na nosa terra. *(Aplausos.)*

Temos un plan e eu expliqueille cal era o plan. O plan estámo-lo a deseñar co sector e está cuantificado en 123 millóns de euros. Un plan no cal temos unha serie de medidas para a competitividade e para a sustentabilidade. Estamos tendo reunións —que entendemos que temos que ter— cos representantes dos mariscadores e das mariscadoras a través das súas confrarías, e cos nosos científicos para entre todos establecer a solución e facer o posible para que estes cartos sexan realmente efectivos, se cumpran, e se convertan nunha solución a un problema que existe na actualidade.

Non negamos o problema, nin moito menos, pero entendemos que o traballo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...non vai ser a curto prazo... *(O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, segundo dixo vostede: «uns gobernan e outros apoian»; ¿e vostedes que fan? Vostedes non fan absolutamente nada, señor conselleiro. *(Aplausos.)* ¡Nada! ¡Quince anos de goberno e —díxenllo antes— setecentas e pico mariscadoras a pé menos! E só lle contabilicei as de a pé; non lle estou contabilizando nin as de a flote nin lle estou contabilizando a cantidade de perda de buques de frota artesanal e de tripulantes da frota artesanal que quedaron polo camiño nestes quince anos.

Por outra banda, dixo vostede que están sós; tamén lle digo: «máis vale sós que mal acompañados»; así llo digo de claro. Pero, polo menos, fagan algo. ¡Actúen!, porque non fixo máis que queixarse vostede, señor conselleiro, dende que chegou aquí á mañá. Entón, esas competencias, das cales vostedes presumen e polas cales montaron tanto follón pola Lei do litoral, ¿para que as queren?, *(Aplausos.)* —¿para que as queren, señor conselleiro?!—

Non diga que non ten orzamentos. O Bloque sempre dixo que a Consellería do Mar tiña poucos cartos, tiña poucos orzamentos para o que significa o sector marisqueiro no noso país. Agora ben, se dos poucos que teñen, no ano 2022 deixaron máis de corenta e cinco millóns de euros sen executar e, no ano 2023, máis de vinte un millóns de euros sen



executar, entón, ¿iso que implica? Que non están facendo absolutamente nada (*Aplausos.*) porque non son capaces nin de executar os cartos que teñen. (*Aplausos.*)

Quiñentos cincuenta euros —é que non sei, señor conselleiro, de verdade, como non lles dá vergoña— ... dende outubro, 550 euros que ían ser para 7.300 mariscadores acabaron sendo para menos da metade. ¡Quiñentos cincuenta euros! Dende aquela, ¿por que non os invisten vostedes?; ¿por que non os reinvesten vostedes? (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

Peche da pregunta, o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señora Pérez, é verdade que imos ter moitas ocasións para falar vostede e mais eu e —eu creo— o sorriso vai ser a guía nestas intervencións. Iso tamén llo aseguro, ¿eh? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vale.

Cando falamos de resolver e non resolver, eu dígolle que o levarnos ben, o falar e o intentar buscar unha solución, desde logo que si, pero tamén é necesario, cando un está na oposición, ter algo e facer algo de autocritica, porque vostedes na súa posición tan cómoda, segundo a que parece que non gobernan en ningún lado e que son realmente os artífices que teñen a solución para ¡todos! os problemas do mundo, realmente non fan e non son capaces de conseguir unha axuda —que nós entendemos que é boa—, que é que o Goberno central axude, neste caso, os mariscadores e as mariscadoras galegas. E vostedes non lle conseguiron arrancar nin un só euro.

Dixo e comentou vostede: «Máis vale só que mal acompañado». Referíame a eles; pois non sei que fan con eles —¡pois non sei que fan con eles!— (*Aplausos.*) Se van vós, non sei que fan con eles. Se ao final son vostedes quen realmente votaron o presidente que ten este Goberno. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, eu entendín que se refería á compañía coa que vostedes (*A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) —¡ah, vale!— usualmente andan.

Eu creo que nós estamos a facer e a gobernar —como comentaba antes— co sector; a gobernar coa xente; a gobernar intentando buscar solucións dentro dun marco pacífico, e así entender que entre todos buscamos un camiño para solucionar os problemas que haxa.

Cando vostede deu as cifras da diminución da xente que traballa no sector, vostede ben sabe que hoxe en día neste país hai problemas non soamente neste sector, senón tamén en todos os sectores; problemas como, por exemplo, que non haxa xente para traballar en múltiples sectores: no de automoción, no naval, na hostalaría etcétera. Un longo etcétera dun problema social que tamén afecta —¿como non?— o mar, porque o mar tradicionalmente era dos sectores a onde a xente ía como último recurso. Entón, falar unicamente dun problema e non ver o problema que ten o país, que ten España nestes momentos —eu creo— tamén é contar a metade da verdade, para non dicir que é como non contar ningunha verdade.



Eu creo que cando falaba e comentaba na xornada de hoxe que a solución que estamos a tomar, o camiño de falar co sector, entendemos que ese é o camiño. Estamos a falar co sector, cos representantes do sector que están nas confrarías, a quen votan todos os mariscadores e as mariscadoras cando fan eleccións e elixen os seus representantes; con eses é cos que nos reunimos e con eles é cos que establecemos as medidas que hai que tomar.

Tamén entendemos que, nestes tempos, o cambio climático pode estar aí porque —repítolle— *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* evidentemente non é unicamente esa a causa, xa que son moitísimas as causas. É un tema multifactorial. Iso vano diagnosticar os científicos que ten a Consellería do Mar que están nas confrarías e dos cales nós —eu creo que vostedes tamén— nos sentimos todos orgullosos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...e eles son os que están... *(O señor Villares Bermúdez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de don Miguel Fidalgo, do Grupo Parlamentario Popular.

Pregunta de D^a Paula Mouzo Mas e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a recente visita do presidente da Xunta de Galicia á República Arxentina

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro do Mar, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado, entre outros, por vostede, realizou unha recente viaxe institucional a Arxentina que se desenvolveu durante cinco días —dous deles festivos—, entre o 1 e o 5 de maio; cinco días tamén foron os que o presidente Sánchez utilizou para reflexionar sobre o seu futuro sen chegar a ningunha conclusión. Por tanto, mentres Sánchez reflexionaba, o Goberno galego traballaba.

É coñecido que entre os obxectivos da viaxe estaba o de reforzar as relacións institucionais, culturais e económicas entre Galicia e Arxentina, un país ao cal nos unen moitos lazos, tamén económicos. Por iso, o principal motivo da viaxe foi o de visitar diferentes empresas galegas como poden ser Nova Pescanova, Profand, Iber, COMSA, Wofco e Vieira, e así reafirmar o apoio do Goberno galego e do sector mar-industria, que é un dos motores da nosa economía.

Hoxe á mañá falaba o presidente Rueda sobre cales eran os sinais de identidade do Partido Popular de Galicia: a sensatez, a moderación, a centralidade e a transparencia; en definitiva, o sentidiño. Por iso, se facemos caso ao sentido común, o que nos di é que hai que estar a carón da xente, hai que estar a carón das nosas empresas. Aí é onde está o noso futuro, e, para iso, hai tamén que ir á fin do mundo: hai que ir a Arxentina. A oposición vén falar aquí



tamén dos problemas de Palestina. Claro que se pode falar dos problemas de Palestina, pero tamén se podería falar dos problemas do Sáhara ou da súa posición sobre o problema da guerra de Ucraína ou de Irán. Pero, ¡claro!, diso é mellor que o BNG non fale porque se descobre a súa alma soviética (*Murmurios.*) e non lles interesa que apareza. (*Murmurios.*)

Señorías, a pesca e a industria de transformación de produtos do mar, especialmente a industria do conxelado e das conservas de peixes e mariscos, ten moita importancia en Galicia: somos a segunda potencia mundial en conservas e representamos máis do cincuenta por cento da industria do conxelado. Por iso, o sector mar-industria é para nós un sector estratéxico, a pesar das incertezas, que as hai —porque hai empresas que o están a pasar mal, por momentos complicados—, nós estamos á espera da convocatoria do seu PERTE para aliviar, dalgunha maneira, o seu futuro.

É por ese motivo que o Grupo Parlamentario Popular quere facer esta pregunta ao Goberno: ¿cal é a súa valoración...? (*O señor Fidalgo Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa coñece a pregunta o conselleiro. Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor, presidente.

Señorías.

Señor Fidalgo, quero empezar esta intervención dando as grazas ao Grupo Parlamentario Popular pola pregunta que, neste caso, me leva a dar conta desa primeira viaxe institucional desde que Alfonso Rueda fose investido presidente por todos os galegos tras as eleccións do 18 de febreiro.

Un destino importante —como ben comentaba vostede— porque, ao fin e ao cabo, hai que ter en conta os lazos históricos que nos unen coa diáspora galega en Arxentina, que xa veñen de antigo, e que, ademais, é o país de todo mundo onde máis galegos viven; polo tanto, é todo un orgullo ir ata alí. Unha viaxe en que, por unha banda, afianzamos todas as interaccións culturais e nos acercamos aos centros galegos. Por outro lado, tamén reforzamos as vías de comunicación e apoio ás empresas pesqueiras de capital galega afincadas no país; un factor que determinou a marcada vertente económica desta viaxe e que nos levou a visitar distintas entidades nas provincias patagónicas de Puerto Madryn ou Puerto Deseado, cun duplo obxectivo: por un lado, poñer en valor a nosa cadea mar-industria na dinamización da economía e na xeración da riqueza local e, por outro lado, visibilizar a súa ampla presenza física, creando miles de postos de traballo de calidade —máis de cinco mil postos—, integrándose, ademais, no tecido social das zonas en que teñen implantación. E, por último, tamén estreitamos vínculos institucionais —que son moi importantes— coas autoridades locais e nacionais, co fin de profundar nas relacións existentes, avaliar e contribuír coas nosas empresas para a economía do país.



Deste xeito, constatamos tanto a importancia da nosa actividade pesqueira como o interese conxunto por manter aberta unha canle institucional que facilite e axilice a consolidación e o asentamento de novas empresas; unha canle coa que fortalecer o diálogo entre ambas as rexións para a consecución dunha alianza sostida no tempo. Neste sentido, vemos con optimismo o futuro das empresas galegas no territorio; e así o digo, e, ademais, así nos congratulamos. Temos a certeza de que podemos seguir a operar e a competir —como ata agora— sen distorsións e nas mesmas condicións, baixo o compromiso de que as regras do xogo non van ser cambiadas. Unha mensaxe que o presidente Rueda xa transmitía ás nosas empresas hai uns días e que hoxe tamén quero reivindicar como propia.

Disipamos, polo tanto, aqueles interrogantes de primeiros de ano que aventuraban as intencións do Goberno arxentino de liberalizar as licenzas de pesca nas súas augas; unhas intencións nun escenario que non estaba libre de tensións e ás cales chegamos a mirar con certa preocupación, pero coa clara intención de protexer os nosos intereses no caso de verse realmente ameazados.

Por iso é que para Galicia é primordial desenvolver a súa actividade, e máis no eido marítimo-pesqueiro, nun marco de política económica en que a calidade institucional e a seguridade xurídica son hoxe máis necesarias que nunca para garantir os bos resultados dun investimento de presente, pero sobre todo de futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Así é, señor conselleiro.

Dende logo, o que non axuda o sector pesqueiro galego son os insultos e as temeridades das palabras do señor ministro *hooligan* do Goberno de España, o señor Óscar Puente, que acusou o presidente electo de Arxentina, o señor Javier Milei, de consumir substancias. Iso si que non axuda o sector e a Galicia. Ata o presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo, o señor Javier Touza, tivo que saír a dicir algo ao respecto e falar de «saída de ton» sobre estas declaracións para mostrar a súa preocupación sobre as consecuencias que estas declaracións poden ter nas relacións diplomáticas e comerciais coa República Arxentina. Non é ningunha broma.

Tampouco axuda o sector pesqueiro galego a inacción e a lentitude do Goberno de España, ao cal non lle importa o máis mínimo o sector do mar porque segue a dar as costas a todos os seus problemas: un, o veto da Comisión Europea á pesca de fondo; dous, a inflación e o encarecemento de custos, como o do gasóleo; tres, a caída da demanda na cal inflúe o irracional veto a rebaixar o IVE dos produtos do mar; e cuarta, e última, o rexeitamento á declaración de zona catastrófica polo impacto no marisqueo dos temporais do outono pasado.

Señorías, a pesca e a súa industria son un motor económico fundamental para o noso territorio en todas as súas vertentes: na social, na económica e na medioambiental.



Esta é a liña que hai que seguir, señor conselleiro, apoiar a pesca e o seu sector transformador. Nós, dende o grupo do Partido Popular de Galicia, témolo claro: cremos no sector pesqueiro e, por iso, imos apoialo e axudalo con todo o que estea na nosa man.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pече da pregunta, o conselleiro do mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señorías, puxemos, poñemos e seguiremos a poñer todo o noso empeño na consecución de novas oportunidades de crecemento económico no exterior. A realidade das grandes pesqueiras galegas así o demanda tamén; unhas empresas que hoxe contan con filiais moi asentadas e que levan máis de catro décadas no país realizando importantes investimentos en terra, co obxectivo de obter as mellores cotas para conseguir o mellor posicionamento no mercado. Un tecido socioeconómico que realiza moitos esforzos e que é coñecedor da dificultade de manter acordos para ter un marco de seguridade en que non se poñan limitacións á propia actividade nin trabas ás importacións dos produtos do mar; un tecido socioeconómico que é consciente do necesario que é manter un escenario de cordialidade e interrexionalidade, dado que os proxectos que están enriba da mesa, con potentes apostas no socioeconómico, poderían quedar comprometidos de non ser así; un tecido socioeconómico que, como Galicia, viviu con moita pena o comportamento totalmente fóra de lugar dun membro do Executivo do Goberno central, que lle faltou ao respecto ao líder do Goberno lexítimo de Arxentina. Trátase dun insulto ao país — así o hai que cualificar— que puido converterse nunha crise diplomática na que a primeira das consecuencias sería a posta en xaque dos investimentos nacionais na rexión; un membro do Executivo pouco responsable —por non dicir irresponsable— que nada pensa nos intereses comerciais do país. Asemade, trátase dun novo feo á Galicia, tendo en conta que, probablemente, somos a rexión máis beneficiada das relacións comerciais con Arxentina.

É por iso que non podemos prestarlles máis que gratitude ás pesqueiras galegas do exterior e afirmar con rotundidade que é un orgullo saber que, desde tan lonxe, están consolidando novas oportunidades e medrando, pese ás dificultades dun país que leva moitos anos inmerso nunha profunda crise.

Remato, señorías, e fágoo enviándolles unha mensaxe: o medrar que é bo para Arxentina tamén o é para Galicia. É por iso que vos animo a seguir traballando, como ata o de agora, nese desexo conxunto de contribuír a construír a Galicia de futuro como embaixadores dunha Galicia que é a nosa e dunha Galicia que «sabe amar».

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Pregunta de D. Rubén Lorenzo Gómez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Santamaría.

O señor SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, hoxe dende o Grupo Parlamentario Popular traemos unha cuestión que fai referencia á educación pública galega e, máis concretamente, á universidade.

Como sabemos, a universidade pública galega viviu unha auténtica transformación na última década da man de políticas públicas marcadas por propostas como plans de financiamento universitario plurianuais. Nestes momentos, está en plena vixencia o Plan de financiamento universitario 2022-2026, que permitirá ás universidades recibir o maior apoio da historia por parte da Xunta de Galicia. O plan permitirá mobilizar preto de tres mil douscentos millóns de euros e, por primeira vez, a Xunta superará os cincocentos millóns na partida para estes centros, a maior da historia da Xunta.

Tamén se levaron a cabo propostas como o avance na excelencia investigadora, onde o modelo galego de investigación, xa consolidado, sitúa a Galicia entre as cinco primeiras comunidades do Estado con maior apoio á actividade investigadora. Ademais, apostouse pola especialización a través do programa Campus de especialización, para converter as universidades en motores do desenvolvemento económico dos territorios nos que están situadas, como, por exemplo, o de Ferrol, co Campus Industrial, o de Lugo, co Campus Terra, ou o de Ourense, co Campus Auga.

Para finalizar, outra das propostas moi importantes que marcaron a política universitaria destes anos foi a conxelación das taxas universitarias. O curso 2023/2024 foi o décimo terceiro consecutivo no que a Xunta conxelou esas taxas universitarias, o que levou a Galicia a ser a comunidade cos prezos máis económicos de toda España e o que permitiu reducir as cargas económicas das familias galegas ao longo destes anos.

Todas estas propostas sabemos que serviron para mellorar a calidade das universidades galegas e convertelas en centros referentes. Galicia sitúase hoxe como unha das comunidades autónomas coa universidade máis accesible de España. Serviron tamén para fomentar a igualdade de oportunidades entre todos os galegos, favorecendo que todas as persoas poidan optar a estudos superiores, e para ter as bases que permitiron dar un paso máis en liña con todo o que se fixo.

Pero isto non é todo, senón que o presidente da Xunta de Galicia deu un paso máis e anunciou en campaña electoral que Galicia se convertería na primeira comunidade autónoma en garantir o acceso aos estudos superiores a todo o alumnado, ofrecendo a posibilidade de cursar un grao completo de xeito totalmente gratuíto. Polo que Galicia seguirá sendo pioneira, pois non existe outra comunidade autónoma que ofrezca a posibilidade de cursar un grao completo desde o primeiro curso ata o último.



O 18 de febreiro os galegos avalaron coa súa confianza un goberno que crea novas oportunidades para a xente nova. Entón, a pregunta que lle facemos, señor conselleiro, é: ¿cal é o estado actual da proposta e cando será efectiva?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Santamaría.

Resposta do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a política educativa da Xunta de Galicia nos últimos anos sempre intentou compaxinar unha serie de principios básicos. Por unha parte, a equidade, por outra, a calidade e, finalmente, a xeración de igualdade de oportunidades.

Nesta liña de acción política, unha das cuestións máis relevantes dos últimos tempos é a iniciativa pola cal vostede me cuestiona. Esta iniciativa non é froito da casualidade, non é unha improvisación, é un paso máis nun camiño onde fomos dando diferentes pasos orientados a favorecer o acceso á universidade; neste caso concreto, entendéndoa como un elemento de dinamización social, de ascensor social e tamén de xustiza social para aquelas persoas que cursan e teñen a oportunidade de cursar estudos universitarios.

Hai accións que vostede dixo aquí, como a conxelación ao longo dos últimos trece anos, que levaron a que Galicia sexa, dentro de España, a comunidade autónoma coa universidade máis accesible. Tamén supuxo que, desde a perspectiva cuantitativa, cada ano as familias aforraran entre dezaseis e dezaioito millóns, depende do ano, que eran compensados ás universidades e que fan un conxunto de, aproximadamente, douscentos millóns que foron aforrados polo conxunto das familias. Esta acción, esta liña de traballo, foi referente no conxunto de España. Incluso, no seu momento, un ministro, como foi o ministro Castells —tan alonxado ideoloxicamente como era el— o puxo como modelo de referencia para o conxunto do Estado.

Este é un paso máis —díxoo vostede—; imos ser a primeira comunidade autónoma, a única comunidade autónoma de España que vai posibilitar que un alumno ou unha alumna, dende primeiro de grao, poida rematar o grao nunha universidade coas taxas e cos prezos públicos gratuítos, sempre e cando se cumpran uns criterios para garantir tamén a cultura do esforzo.

A situación actual é, dun xeito moi resumido, a seguinte: en setembro deste ano todos aqueles alumnos universitarios que se matriculen en primeiro e tamén os alumnos que cursan ensinanzas artísticas superiores —que é unha titulación homologable a unha titulación universitaria— e que fixeran a ABAU en Galicia van ter a matrícula gratis. A partir de aí, en segundo, en terceiro e nos seguintes cursos van ter que ter un mínimo de créditos aprobados, igual que se fai no ámbito ministerial para as becas, e iso posibilitaralles ter tamén a matrícula gratis.



Obviamente, para iso estamos agora mesmo traballando na modificación de dous decretos: no decreto de prezos públicos do ámbito universitario e tamén nun decreto específico para as ensinanza artísticas superiores. Obviamente, ímolos ter preparados para cando sexa o momento de matriculación, para que se poidan facer sen ningún problema. Estamos, neste momento, falando coas universidades e con outros departamentos da Xunta de Galicia —nomeadamente Facenda— para axustar tecnicamente este proceso, e queremos que o procedemento sexa o máis sinxelo posible...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...para garantir... *(O señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, ten despois un segundo turno. Grazas.

Réplica, señor Santamaría.

O señor SANTAMARÍA GONZÁLEZ: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro.

Dende o noso grupo alegrámonos moito de escoitar as súas palabras e de ver que, unha vez máis, a Xunta de Galicia cumpre, en tempo récord, coas promesas feitas hai uns meses, e, sobre todo, de que vai ser efectivo xa para o vindeiro curso. Tamén nos alegamos de saber que non vai ser necesario realizar ningún trámite adicional, o que facilita moito o proceso e o que será ben recibido polas familias galegas.

É unha mágoa ter que escoitar, día tras día, falsidades ou manipulacións da realidade por parte da oposición co único obxectivo de confundir a xente, sen darse conta de que o único que conseguen é danar a Galicia e desprestixiar a nosa educación pública, tan ben valorada polo resto de comunidades autónomas e polo propio Goberno do Estado.

Eu teño que dicir que teño 26 anos e que hai pouco que rematei os meus estudos universitarios, e podo dicir que son un afortunado de ter a oportunidade de estudar en Galicia, por ter os recursos que tiveren ao meu alcance e por contar cun persoal docente cunha preparación inmejorable. *(Aplausos.)*

Finalmente, para contestar esas falsidades difundidas pola oposición, como, por exemplo, dicir que esa medida só vai favorecer os que aproben todas as asignaturas ou que non vai ser unha medida que chegue a moitas familias e que non vai supoñer un aforro real para elas, gustaríanos saber se teñen unha estimación de cantas familias poderán favorecerse dela e que aforro suporá para elas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, señor deputado.

Como vostede ben dixo, estamos ante unha promesa electoral que foi un elemento vertebral da recente campaña electoral e estamos xa implementándoa dun xeito récord. Iso demostra a importancia de cumprir os acordos e demostra a importancia da palabra dada no compromiso político nunha campaña electoral. Porque de nada valen as promesas, as palabras, se non se traducen en feitos, como é o seguinte.

Como dicía anteriormente, estamos, neste momento, abordando as cuestións técnicas con Facenda —dentro do ámbito da Xunta— e tamén coas propias universidades para que se poida implementar a bonificación. Este é un procedemento que vai ser moi sinxelo; vaise incorporar nas plataformas de matriculación de cada universidade e non vai implicar ningún trámite a maiores.

En resposta ás preguntas concretas que vostede fai, quero comentarlle que o público, as persoas que se poden beneficiar, son arredor de cincuenta mil. Non sabemos cantas van ser, porque vai depender moito do nivel de cumprimento dos criterios que temos plantexados, pero si que sabemos que todos os de primeiro, tanto na universidade como en ensinanza artística superior, van ter ese acceso gratuíto, sempre e cando teñan feita a ABAU en Galicia. Tamén os que procedan, por certo, dende o ámbito da Formación Profesional. Temos arredor de corenta e cinco mil universitarios e temos arredor de mil cincocentos en ensinanza artística.

Canto ao aforro medio, estámolo estimando arredor de tres mil ou de catro mil, depende dos créditos matriculados e da tipoloxía da carreira, pero é unha cantidade económica tremendamente significativa. Xa dixeran antes que o aforro estimado para as familias coa política de taxas universitarias estivo arredor de douscentos millóns de euros neste tempo.

Tamén teño que dicir que, en ningún caso, as universidades van ver prexudicadas as súas arcas públicas. Aquí está un exreitor co que temos traballado e colaborado lealmente sempre que tivemos ocasión. Non se van ver, en ningún caso, diminuídos os seus ingresos, porque o capital que se deixa de ingresar por parte das familias vai ser trasladado, vai ser bonificado, por parte da Administración autonómica.

Como xa dixeran, en primeiro, para todos os alumnos que fixesen a ABAU en Galicia, e en segundo, en terceiro e nos sucesivos cursos, buscando garantir a igualdade de oportunidades coa cultura do esforzo —para non pensar que isto é unha especie de todo gratis—, imos fixar un requisito que é igual que o requisito que fixa o Ministerio para as becas. É dicir, aqueles alumnos que cursen carreiras de Ciencias Sociais ou Xurídicas ou Humanidades, para poder ter dereito, van ter que ter un noventa por cento de créditos matriculados do curso anterior; en Ciencias da Saúde, un oitenta por cento; e en Enxeñería, Arquitectura e Ciencias, un sesenta e cinco por cento.



¿Que se busca aquí? Aquí búscase compatibilizar a igualdade de oportunidades coa cultura do esforzo. Deste xeito, calquera alumno que teña un nivel de cumprimento coas súas obrigacións académicas vai comezar a súa etapa educativa...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...en cuarto de primaria... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Está entendido o tema.

Pregunta de D^a Alexandra Fernández Gómez e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida, no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo, de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día, conselleira.

Señorías, imaxinen que chegou a hora de que o seu pai ou a súa nai teña que internar nun centro de maiores e que lles asignan o CRAPD I de Vigo.

Agora pídolles que fagan un exercicio real de empatía. Esta é unha residencia que está pensada para a atención ás persoas maiores, con persoal e con protocolos pensados para ese fin. Ata aquí parece que todo está correcto, pero, ao chegar, descubren que, ademais, a Consellería decide internar tamén neste centro persoas con perfís que nada teñen que ver cos dos maiores, xa que son persoas que proveñen de emerxencia social ou con patoloxías psiquiátricas. Desta forma, esa persoa maior á que vostedes queren vai pasar a convivir nos mesmos espazos comúns e incluso no mesmo cuarto con persoas que sofren problemas de agresividade explosiva, de drogadicción ou de acatamento das normas. ¿Quererían iso para esa persoa? ¿Quererían iso para vostedes mesmos? ¿Quererían que unha persoa cun perfil débil como o dun ancián pase os últimos anos convivindo con residentes que proceden de senfogarismo, con problemas de drogodependencia severa ou incluso, como está sucedendo, con persoas que proceden de contornas penais sen un traballo de reinserción adecuado? ¿Quererían que maiores que teñen unha deterioración física e psicolóxica estean internados xunto a adultos con problemas psíquicos que neste centro non teñen a atención adecuada?

Calquera que faga un exercicio mínimo de empatía sabe que isto é inhumano e que a decisión de incorporar a este centro estes perfís é, ademais, é unha auténtica bomba de reloxaría, e está a piques de estourar, señora conselleira.



A convivencia é insostible neste centro: con 35 internos deste perfil, son xa habituais as fallas de acatamento das normas de convivencia, os roubos e as agresións físicas e verbais a usuarios e ao persoal, porque este centro non está preparado para atender estas persoas. Voulle dar un exemplo. Un centro que atende perfís conflitivos ten protocolos para a contención e para reducir situacións de perigo, como, por exemplo, a limitación de acceso a coitelos, pero como neste centro nada está pensado para estas situacións, hai unhas semanas, unha destas persoas ameazou unha traballadora poñéndolle un coitelo no pescozo; hai dúas semanas unha persoa deste perfil abriulle a cabeza a outra usuaria cun bastón no CRAPD II. Se quere vostede máis exemplos de ambiente violento revise os partes internos de agresión porque son continuados.

Eu pregúntolles: ¿vostedes queren internar aquí a persoa que queren sabendo que vai vivir con medo? Porque isto é así. As persoas maiores neste centro viven con medo e ninguén merece, no final da vida, ter que vivir así, agochando as pertenzas ou deixando de ir ao aseo por medo a molestar o compañeiro de cuarto. Isto está pasando e a situación é insostible para todos: para as persoas maiores e para as súas familias, que viven con angustia; para as traballadoras, que van con medo por sufrir unha agresión ou por como de grande vai ser esta vez; e tamén, por suposto, para estas persoas con perfís máis complexos que non reciben a atención que precisan e que tamén están vendo vulnerados os seus dereitos.

¿Que vai facer para parar esta situación, señora conselleira? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Presidente.

Deputadas e deputados.

Señora Fernández, moi bos días de novo. Mire, o Goberno galego non elixe as persoas usuarias dun centro residencial nin moito menos elixe as súas patoloxías ao seu antollo, senón que é o órgano de valoración, que está formado por un equipo multidisciplinar e, ademais, en estrito cumprimento da normativa vixente, o que establece cal é o recurso adecuado para cada persoa. Esa mesma normativa é a que contempla o ingreso de persoas con patoloxías crónicas nunha residencia, compaxinando sempre a súa correcta atención e o benestar dos demais usuarios. Precisamente por iso, no Goberno galego estamos a impulsar ese novo modelo de coidados que inclúe unidades psioxeriatricas dentro dos propios centros residenciais. Ademais, a través do Sergas estanse a poñer en marcha, nestes momentos, programas específicos de atención sociosanitaria sobre saúde mental con profesionais que son especialistas neste ámbito.

Señora Fernández, dicía vostede que non quería estigmatizar todos estes pacientes, e a súa primeira proposta foi, precisamente, illalos dos servizos convencionais. O Goberno galego, dende logo, vai escoitar todos os profesionais e vai escoitar os expertos, que nos din que existen casos de patoloxías neurolóxicas ou mesmo orgánicas que poden confundirse, en



moitas ocasións, con patoloxías psiquiátricas por padecer desorientación, confusión ou axitación, e que nos din tamén que, naqueles casos de patoloxías crónicas, deberán derivarse aos servizos hospitalarios de urxencia tan só se se producen reagudizacións dos mesmos.

Ante un asunto tan común nos nosos días, como é a saúde mental, a resposta do Goberno galego non é outra que avogar pola atención, pola concienciación e pola sensibilización. Por ese mesmo motivo, imos seguir apostando por un modelo con profesionais cada vez máis formados e máis especializados en diferentes patoloxías; imos seguir apostando por ese novo modelo que aproveite as posibilidades das novas tecnoloxías para mellorar, cada vez máis, a atención nestes centros; e imos seguir apostando por un modelo que fomente, cada vez máis, a coordinación sociosanitaria, e no cal a comunicación cos servizos hospitalarios sexa cada vez máis fluída.

Esa é a liña en que estamos traballando para que os profesionais se sintan sempre apoiados na atención de diferentes perfís de usuarios nas distintas residencias de Galicia, pero, sobre todo, para que as persoas maiores que alí residen reciban a mellor das atencións, sexa cal sexa o seu diagnóstico médico ou a evolución que ese mesmo diagnóstico poida experimentar.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, a señora Fernández Gómez.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: *(A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non se escoita. ¿Agora? *(Asentimento.)* Si, vale.

Calquera que se poña na pel dun ancián internado nesta residencia pode intuír o dano que causa esta política, que, no fondo, consiste en derivar a estes centros todos eses casos para os que a Administración non ten nin programas nin equipamentos para atendelos. Entón, o problema, señora conselleira, é que ese órgano de valoración, que vostede acaba de mencionar, non pode decidir envialos a outro centro específico porque non o hai, e esa é a cuestión; ese é o centro do problema. Vostedes intentaron solucionar isto crendo que os centros de maiores son un caixón de xastre onde agochar esta realidade.

Mire, na miña primeira intervención apelaba á parte máis humana, confiando en que —como digo— calquera que teña un mínimo de empatía poida comprender perfectamente cal é o problema, pero, pola súa resposta, comprobo que foi en balde; así que, directamente, o que lle exixo, como conselleira, é que vostedes cumbran cos dereitos destas persoas.

Primeiro, exíxolles que cumbran co dereito das persoas maiores a vivir nun ambiente amable, tranquilo e ben coidadas, porque, ¿de que valen os anuncios de investimentos en residencias, se logo a súa xestión os converte en centros *frankenstein*, con perfís de todo tipo, e onde os maiores viven con medo?



Segundo, exíxolles que cumpran cos dereitos das persoas traballadoras a ter unha contorna de traballo segura. Vostede non falou aquí dos traballadores. Hoxe acompañanos aquí, na tribuna, unha representación que, por certo, en apenas unhas semanas conseguiron reunir máis de duascentas sinaturas para exixir á Xunta que poña fin a esta política; destas, 140 sinaturas son só dos traballadores desta residencia. Esta é a situación: a inmensa maioría da plantilla acaba de alzar a voz contra a súa xestión por inhumana e por negligente, e porque eles tamén están sendo a voz das persoas usuarias que, nunha situación de indefensión e vulnerabilidade, non poden facelo, porque eles si que teñen a empatía que a Administración non ten.

Terceiro, exíxolles que cumpran co dereito das persoas en situación de emerxencia social ou con patoloxías psiquiátricas a estar ben atendidas. Tamén por elas se posicionan porque ven como as internan nunha residencia con persoas maiores, sen actividades, nin programas para eles, sen psiquiatras, sen persoal cualificado para atendelos... Están deambulando polos corredores sen que ninguén lles dea as ferramentas e as oportunidades para mellorar na vida.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: E, por iso, a única solución... *(A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Para o peche da pregunta ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Fernández, o Goberno galego conta cun protocolo de actuación no caso de agresións que, ademais, foi acordado con todas as organizacións sindicais que teñen representación no comité de empresa de Política Social. Trátase dun protocolo de actuación que se complementa con cursos de formación para o persoal de todos estes centros e que —como vostede ben imaxina— se activa sempre que se produza algún conflito neste tipo de centros, proveña ou non proveña de usuarios coas patoloxías que vostede sinala. Supoño que a vostede non lle resultará estraño escoitar que estes conflitos se poden dar nun centro onde conviven tantísimas persoas como é o CRAPD de Vigo. Este é un centro no cal, ademais, conviven moitas persoas dende hai moito tempo e no cal estes problemas, ás veces, non se producen tan só por parte dos usuarios que padecen da saúde mental ou dos usuarios que proveñen dunha emerxencia social, senón que, por desgraza, todo este tipo de situacións se poden producir en calquera centro de Galicia e se poden producir por parte de calquera persoa; e por iso deben existir ferramentas e protocolos que axuden a atallalas.

Dende logo, no Goberno imos seguir cumprindo a normativa vixente e imos seguir ofrecéndolles esa mellor atención posible a todos os usuarios das residencias galegas e todas esas ferramentas aos traballadores dos centros da Xunta de Galicia, pero tamén hai que



seguir evitando sempre, señora Fernández, eses estereotipos sociais de calquera tipo e buscar sempre esa maior especialización e profesionalidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de dona Paloma Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas de igualdade que está a levar a cabo o Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, conselleira.

Hoxe traemos unha cuestión como pregunta urxente porque responde a unha preocupación que existe, xa non só no meu grupo parlamentario, senón tamén en gran parte da cidadanía galega, polo que cremos que é un grave retroceso social.

Refírome ás decisións políticas que está a tomar o novo Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia —vostedes—, contrarias ás políticas feministas e en defensa da igualdade. Trátase dun novo organigrama na estrutura do Goberno da Xunta de Galicia que opta por suprimir a Secretaría Xeral de Igualdade e que opta pola creación de dúas direccións xerais independentes: unha de igualdade e outra de violencia de xénero. Esta é unha decisión que parece tomada nos anos noventa, que nos fai retroceder máis de dúas décadas na concepción das políticas de igualdade, e que supón unha defensa das mesmas teses que fan, no Estado, os seus socios de extrema dereita.

En Galicia, o menosprezo ao papel da loita pola igualdade xa o vimos cando entrou a gobernar o señor Feijóo e suprimiu o Servizo Galego de Igualdade, alá polo 2010, pero agora Rueda culmina o mesmo: en primeiro lugar, quitando o rango de Secretaría Xeral ás políticas de igualdade; en segundo lugar, separando as políticas de igualdade da loita contra a violencia de xénero, dando a entender que a orixe da violencia de xénero non está no machismo ou na ausencia de igualdade entre mulleres e homes, senón «un problema de saúde pública», como dicía o novo director xeral. Non, señora conselleira, non é un problema de saúde pública; é un problema de desigualdade e do machismo imperante aínda na nosa sociedade.

Polo tanto, nós cremos que a loita pola igualdade debe ser unha cuestión imprescindible e transversal a toda actuación política e, polo tanto, debe ser un eixo prioritario; así que, un Goberno do século XXI, ten que ter a igualdade colocada como eixo das súas políticas para que esta se regule de forma transversal dentro do Goberno. Moi ben, isto por unha banda. Por outra banda, tamén estamos fondamente preocupadas e condenamos a actitude do



Partido Popular estes días. Refírome á reintegración do edil Matías González Cañón, quen fora afastado hai un ano por se coñecer a súa condena por violencia de xénero, no Grupo Municipal Popular da Illa de Arousa. Hai un ano, en plena campaña electoral, coñeciamos esta condena, é dicir, que fora condenado, en 2011, por violencia de xénero. No Partido Popular dicía o señor Rueda: «Celebradas as eleccións, sexa o resultado que sexa, esta persoa non integrará o grupo municipal popular». Pois ben, finalmente pasaron as eleccións e incorporouse á Corporación de forma independente, pero hai dous días coñeciamos a reintegración deste edil no Grupo Municipal Popular porque aceptaba a solicitude da Agrupación Local Popular que dicía: «Matías cometeu un erro e pagou por el. É unha persoa intachable, cun enorme caudal político humano e social e cunha implicación absoluta na loita pola igualdade e na erradicación da violencia contra as mulleres»; e insistían: «A súa vida caracterízase pola exemplaridade e o seu compromiso inquebrantable e irrenunciable contra a violencia de xénero».

Din isto dunha persoa que foi condenada, dunha persoa a que se require un plus... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Castro.

Para contestar a pregunta ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Castro, o compromiso deste Goberno coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero é incuestionable. É un compromiso, ademais, que se renova ano tras ano con máis investimento. Precisamente, neste ano 2024 multiplicamos por catro o orzamento en materia de igualdade ata chegar aos 55 millóns de euros. Tamén poñemos en marcha cada vez máis iniciativas, como é esa nova Lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres, que foi aprobada a finais deste pasado ano nesta mesma Cámara.

Galicia converteuse nunha comunidade de referencia, grazas a esa aposta sen precedentes do Goberno galego na atención ás vítimas e tamén con ese traballo de prevención; convertémonos nunha comunidade que foi capaz de poñer en marcha e á disposición de todas esas vítimas esa axuda económica mensual e de facelo de forma ininterrompida; tamén reforzamos todas as casas de acollida que lles permite iniciar ás vítimas unha vida afastada do maltrato e tamén ampliamos a atención a todos eses centros de información da muller que na actualidade xa dan cobertura a máis de douscentos concellos de toda Galicia.

Por suposto, señora Castro, que aínda quedan moitas cousas por facer e, por suposto, que aínda queda moito camiño que percorrer, pero para iso imos seguir traballando. Imos seguir traballando para intensificar a insensibilización mediante ese novo Protocolo contra as violencias sexuais LGTBIfóbicas no ocio nocturno; tamén reforzando a prevención coa creación de espazos urbanos libres de violencia e mellorando a atención ás vítimas, co impulso de cinco novos centros de crise de atención de 24 horas; e tamén imos consolidar a colaboración entre institucións e tamén co resto de actores da nosa sociedade.



Por todo isto, señora Castro, e a pesar do reiterado incumprimento do Pacto de Estado por parte do Goberno central e do bloqueo tanto do seu partido como do Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara. Porque cabe recordar que esa nova Lei de igualdade se atopou coa abstención e coa falta de implicación de ambos partidos, e porque tamén, ademais, os orzamentos máis sociais da historia de Galicia que se aprobaron hai ben pouco nesta Cámara contaron co seu «non» para a súa aprobación.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, transformar as políticas de igualdade en políticas familiares centradas na maternidade, na natalidade e na conciliación familiar supón un grave retroceso. A igualdade ten que ser un eixo central prioritario e estratéxico. Por iso pedimos, señora conselleira, que reconsideren esta decisión.

Vostedes comezan degradando a categoría no organigrama Xunta da Consellería da Secretaría Xeral de Igualdade, e cando nos deamos conta estaremos votando como previr o divorcio, como está a pasar en Baleares. Polo tanto, entendo esas dúas direccións xerais, unha de Violencia de Xénero e unha Igualdade, pero dentro dun eixo común, que é unha Secretaría Xeral de Igualdade.

E despois falabamos da exemplaridade. E dicía Ortega y Gasset: «*El mando debe ser un anexo de la ejemplaridad*». Pois, polo tanto, pídlle que reconsideren tamén esa decisión de volver incluír no Grupo Municipal Popular unha persoa condenada por maltratar a súa muller en plena rúa causándolle unhas lesións leves. Porque ese plus de exemplaridade non o pode ter unha persoa pública, pois dista moito desa premisa de ter un plus de exemplaridade a conduta desta persoa. E esa mensaxe ademais está a ser moi perigosa, é unha mensaxe de branqueamento da violencia machista, porque é verdade que eses feitos tiveron unha condena xudicial pero tamén ten que ter unha condena social, e é esa non prescribe. Polo tanto, moito poder debe ter esa familia para que o señor Rueda teña cedido ás presións e pague e asuma as consecuencias de asumir esa readmisión.

Non sei que lles pasa a vostedes coa violencia machista, parece que non o entenden e recoméndolles eu unha formación intensiva en igualdade, porque comezarán a ver todos estes puntos de vista doutra forma. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Castro.

Para a réplica ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.



Señora Castro, eu non creo que o seu partido político estea en condicións de vir aquí dar leccións de igualdade. *(Aplausos.)* Creo que non son os máis adecuados.

Que veñan vostedes dar leccións de igualdade a este Parlamento de Galicia cando foron cambiando de parecer continuamente para contentar os seus socios do Goberno... É que ademais vostedes van pasar á historia de España, sen dúbida, por aprobar unha lei que é prexudicial para as vítimas de violencia de xénero. Vostedes levarán sobre o seu lombo ese pesar de aprobar esa lei que permite máis de mil duascentas rebaixas de condena e que máis de cento vinte e seis agresores sexuais estean nestes momentos na rúa.

Vostede citaba hoxe a Ortega y Gasset, pero penso que tanto vostedes como o seu partido político deberían tamén citar casos moi graves, como pode ser Koldo, Tito Berni, entre outros moitos nomes.

Pero, entre tanto, o Goberno galego vai seguir traballando. E tan só nos bastaron menos de cen días de goberno para confirmar o noso compromiso coa igualdade e a loita inquebrantable contra a violencia de xénero. Decidimos desdobrar todos estes esforzos e apostar pola creación dunha dirección xeral específica para a promoción da igualdade, que consolida esa tarefa de concienciación, de sensibilización e de apoio a todas as mulleres de Galicia, e, ademais, crear outra a maiores de loita contra a violencia de xénero, sempre con ese foco posto na prevención e tamén na atención continuada a todas as vítimas. Ademais, é un departamento específico que volve situar Galicia como un referente nacional na loita contra esta lacra.

Eu xa sei que a vostedes tamén lles parece mal que apostemos pola especialización e que apostemos sempre pola excelencia. Seguen ancorados nesa estrutura ineficaz do Goberno do Bipartito, que estaba bastante máis preocupado nesas loitas partidistas entre as diferentes carteiras, e prefiren sempre eses gobernos cheos de ducias e ducias de ministerios sen contido máis que para cubrir esas cotas de partidos e colocar a súa xente. Pero deben de asumir dunha vez que a cidadanía de Galicia decidiu, unha vez máis, rexeitar o seu modelo e apostar por outro. Continuar apostando por un goberno que se preocupa dos problemas reais da xente e non polos asentos e pola estrutura dun consello de ministros. E esta é precisamente a liña na que imos seguir traballando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora conselleira.

Pasamos á última pregunta da orde do día.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a supresión da Axencia Galega da Industria Forestal

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para formular esta pregunta ten a palabra a señora Valcárcel Armesto.

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, señora presidenta.



Bo día, señorías.

A madeira vai ser o material de referencia no século XXI, cun cambio de materiais de alta pegada de carbono ou hídrica por madeira. En Galiza, por sorte, temos máis dun millón de hectáreas de superficie forestal; o que nos falla é que unha boa porcentaxe do monte está abandonado e que desde o seu Goberno do PP non fan unha planificación que valorice o aproveitamento multifuncional do monte. Valorizar a madeira diversificando cada parte —biomasa, taboleiro, pasta— suporía un sector forestal galego forte, con protagonismo das nosas especies autóctonas e con usos diferentes e de calidade. Así, aumentaría a demanda de madeira certificada e competitiva no mercado e como os sumidoiros do carbono as iniciativas baseadas nunha silvicultura que garanta un secuestro adicional de carbono en montes ordenados.

Desde o 2017 contabamos con Xera, a Asociación Galega da Industria Forestal, que tiña como misión actuar como un instrumento de xestión para impulsar a industria forestal. E aínda que en principio estivo en Industria, agora, estando en Medio Rural, celebraba o sector que toda a cadea forestal-madeira estivese articulada no lugar que lle corresponde, onde se xestiona o rural.

É imprescindible cos retos actuais e futuros unir o recurso, transformación e mercado, co que desde o BNG non entendemos por que se quitan as competencias da axencia a favor da Consellería de Industria, cando se trata dunha industria vinculada ao territorio —como acabamos de expoñer— onde a súa boa xestión é chave para industrializar. ¿Por que desde o PP fan ese menosprezo polo rural?

Desde o BNG consideramos que se debería seguir cunha axencia que precisaba consolidarse e intensificar o seu labor, sendo un instrumento válido e validado por todo o sector, ao que, por certo, non consultaron. Os obxectivos da Xera só principiaron; estíbbase facendo o impulso do uso da madeira estrutural na construción, comezábbase a innovación nas distintas fases para transformar a madeira, a coordinación cos grupos de investigación e impulsar o emprego de calidade, que, por certo, nos últimos anos caeu. E tamén quixeramos saber cal é a estratexia que ten a Xunta para acabar de desenvolver os programas pendentes, como o Plan estratéxico da industria forestal-madeira ou as distintas axudas sobre formación que facía a Xera.

Entón, o que queremos saber desde o Grupo Parlamentario do BNG é unha pregunta sinxela e concreta: ¿por que suprimen a Xera cando tiña un compromiso e unhas liñas de traballo en apoio da cadea forestal-madeira? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Valcárcel.

Para contestar a pregunta ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bo día.



Señora Valcárcel, a verdade é que é unha auténtica satisfacción porque creo que é a primeira vez en catro anos que o BNG valora de xeito tan excepcional o traballo dun ente, neste caso dunha axencia, creada por un Goberno do Partido Popular. *(Aplausos.)* Entón, polo menos, o que si lle digo é que estou satisfeita do que vostede escribiu na iniciativa e do que está dicindo aquí.

O que si lle pido, por favor, é que non confundan, e tamén un pouco de calma, de reflexión, de tranquilidade, que é moito pedir seguramente para o BNG. E non confundan porque vostede vén aquí dicir que extinguimos a Xera como se desaparecesen por completo as funcións, as competencias, os fins e o traballo. *(A señora Valcárcel Armesto pronuncia palabras que non se perciben.)* Si é o que está na pregunta escrita e o que vostede acaba de dicir aquí. E resulta que esa disposición do decreto, que efectivamente di que se extinguirá a Axencia de Industrias Forestais, di que é precisamente para ser asumidas as súas funcións nun centro directivo. O que se está facendo é unha mera reestruturación orgánica, que en nada afecta as funcións, as finalidades e todo ese bo traballo do que vostede está falando. Co cal estou realmente contenta de que esteamos de acordo no bo traballo que se estaba facendo e que se vai seguir facendo. *(Aplausos.)* Polo tanto, non confundan, porque están coma sempre intentando confundir. *(Aplausos.)*

Non están deixando que rematemos a estrutura orgánica do Goberno e estano facendo a propósito. Vostede sabe de sobra que un Goberno cando fai a súa estrutura orgánica ten que facer decretos de estrutura superior, ten que desenvolverse a estrutura da Xera. Iso aínda non está aprobado. Entón, á súa pregunta, xa lle garanto que a totalidade dos proxectos que estaban en marcha na Axencia de Industrias Forestais van continuar na axencia ata a súa disolución e continuarán na dirección xeral que asuma as súas funcións. Trátase dun órgano independente.

¿A vostede preocúpalle realmente a forma xurídica? A minaría como industria extractiva está nunha dirección xeral, as industriais forestais van estar nunha dirección xeral.

Vaise crear un órgano de coordinación. A Lei de racionalización prevé a posibilidade, para a súa tranquilidade, de crear órganos de coordinación entre as distintas consellerías. Vaise crear unha comisión de coordinación industria-recurso forestal. O Inventario forestal continuo vai continuar na Xera a través dun novo servizo de información. Toda a innovación forestal da que vostede falaba na pregunta, e que supoño que tamén pregunta, vai continuar no proxecto que xa existía, exactamente igual como xa existía.

¿O Plan estratéxico da industria forestal? Por suposto que vai continuar no conglomerado de plans directores que se están facendo de toda a industria, e por suposto que a este se lle vai dar a prioridade que ten que ter.

Polo tanto, isto non é nada máis que unha mera estruturación orgánica, que creo que como Goberno temos dereito a facer; nada máis. Todas as restantes funcións e finalidades —e así se lle trasladou ao sector—... Creo que debería volver falar co sector, a ver se existe esa intranquilidade.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Nada máis.
(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a réplica ten a palabra a señora Valcárcel.

A señora VACÁRCCEL ARMESTO: Ben, señora conselleira, eu, que veño da docencia universitaria, terei que dicirlle que non responder a unha pregunta e divagar é un suspenso.
(*Aplausos.*) Supoño que neste lugar da palabra non teremos normas diferentes do que se lle exige á cidadanía fóra.

O seu razoamento coa industria da madeira leva logo a que alertemos o sector do leite ou o da carne para que saiban que a súa industria vai deixar de estar na Consellería do Medio Rural. (*Aplausos.*)

E pregúntome se non será que entenden o rural como soamente para facer cousas moi cuquis nunha paisaxe excepcional, pero no que non queren nin que haxa habitantes e, por suposto, que non haxa actividades, e menos as que teñen ruído ou cheiro. E, por certo, esa paisaxe excepcional non se dá onde só hai monocultivo; a diversificación de novo, a necesidade da ordenación de cultivos.

Tamén demandamos desde o BNG que aumenten esa porcentaxe dada desde o Goberno da Xunta para a investigación forestal. Unha investigación arredor de todas as posibilidades que ofrece a madeira, para acadar unha maior rendibilidade das masas forestais.

E, finalizando —reiteramos—, a axencia Xera tiña un labor recoñecido, cunha plantilla con bos profesionais coñecedores de todo o sector forestal. Polo que lles solicitamos unha rectificación da súa decisión de suprimir a axencia Xera, porque están a tempo, e rectificar é de sabios. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Valcárcel.

Para a réplica ten a palabra a conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Valcárcel, voulle ler unhas cuestións e vostede mesma pense quen ten que rectificar:

«A crúa realidade é que a Axencia da Industria Forestal é resultado dunha presión por parte da industria forestal do clúster da madeira».

«A nova axencia non atenderá as funcións sociais e medioambientais que todo o monte debe cumprir».

«Para a Xunta de Galicia as únicas industrias que virá ter o monte galego serán as derivadas da produción de eucaliptos, piñeiros e cultivos enerxéticos».



«¿Non consideran que a creación desta axencia nos leva a unha situación de intervencionismo feroz dos intereses económicos da industria da madeira e forestal, usando unha vez máis como medio o Goberno galego?»

¿Saben quen dixo isto? O seu grupo parlamentario en xaneiro do ano 2018. *(Aplausos.)* E sabe o que está vostede agora preguntando: ¿por que se suprime esta axencia tan importante na cadea forestal-madeira? ¿Con que BNG me teño que quedar?

Eu vin aquí facer cousas «cuquis», no seu parecer. ¿Pero vostede cre que pode chegar aquí e dicirme isto? Con isto, ¡que falta de respecto! *(Murmurios.)*

¿Con que BNG me teño que quedar?, ¿mudaron vostedes?, ¿é que vostede non está de acordo co seu grupo e entón presentou de xeito individual esta iniciativa? ¿Cal é a postura do BNG en relación coa cadea forestal?, ¿a Xera? ¿Queren a Xera?, ¿non a queren? ¿Son os intereses económicos?

Unha vez máis: cando se crea, porque se crea; cando se transforma en dirección xeral, porque se transforma en dirección xeral. A cousa é dicir «non». Iso é o que a vostedes lles interesa: dicir «non». *(Aplausos.)*

Se podemos mesturamos os intereses económicos contra a empresa, por suposto, contra a industria. Fan sempre o mesmo.

Hai dous anos: unanimidade para a cadea de valor forestal coa empresa Altri. Agora mesmo iso xa non interesa, porque parece que pode ser un proxecto real. Entón, agora «non». ¿Con que están? Non, non se ría, dígollo en serio. ¿Queren a Xera ou non a queren?

É que eu non entendo como se pode afirmar nunha pregunta hai escasamente catro ou cinco anos isto, e agora mesmo vir aquí poñer en valor todo o que levan feito os técnicos da Xera. Estou de acordo con isto último, é o que vai seguir pasando.

Entón, para a tranquilidade do sector, que aínda que eu non sexa profesora universitaria, eu creo que me entenderon perfectamente, non vai haber ningún retroceso na industria forestal, ningún retroceso. Somos o mesmo goberno, a coordinación está implícita, vaise crear ademais ese órgano, e a única decisión orgánica que se creou é para valorizar precisamente o recurso e para conseguir rematar toda a cadea de valor dentro de Galicia, nas transformacións da madeira, que vostedes, por certo, non están apoiando, con empresas que veñen precisamente pechar o ciclo da madeira en Galicia. Esa é a realidade.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Rematada a orde do día do pleno, levantamos a sesión.


Remata a sesión ás dúas horas e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Marnotes Fernández, Argimiro	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Martínez Allegue, María	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Mato Díaz, José Manuel	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Méndez López, Lara	S
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Mouzo Mas, Paula	P
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Ojea Bouzo, Armando	DO
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pazos Couñago, José Alberto	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pérez Fernández, Rosana	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Pérez López, José Daniel	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Pérez López, Noelia	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Pomar Tojo, Carmen María	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Prado Cores, María Montserrat	BNG
14. Corgos López-Prado, Miguel	P	52. Prado del Río, Paula	P
15. Deza Martínez, María	P	53. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Queixas Zas, Mercedes	BNG
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Ríos Santomé, Paulo	BNG
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Rodríguez González, Román	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rodríguez Martínez, Roberto	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Grueira Fernández, Nicole	P	69. Trenor López, Gonzalo	P
32. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Iglesias Rey, Patricia	S	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Insua Lema, Óscar	BNG	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. Longueira Castro, Silvia	S	73. Verea Fraiz, Borja	P
36. López Font, Carlos	S	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Lorenzo Gómez, Rubén	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

